# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA
# DO
# DEPARTAMENTO DE XEOGRAFÍA E HISTORIA

## IES MARTAGUISELA

## O BARCO DE VALDEORRAS (OURENSE)

## CURSO 2022-2023

## INDICE

1.- Introdución e contextualización........................................ 3

2.- Composición do departamento........................................ 3

3.- Materias impartidas........................................ 4

4.- Referencias normativas........................................ 4

**ESO** ........................................ 6

5.- Obxectivos xerais da ESO........................................ 6

6.- Competencias clave........................................ 7

7.- 2º ESO: Xeografía e Historia........................................ 8

8.- 4º ESO: Xeografía e Historia........................................26

**BACHARELATO**........................................42

9.- 2º BAC: Historia de España........................................42

10.-2º BAC: Xeografía e Historia de Galicia........................................ 120

15.- Avaliación da programación didáctica e da práctica docente ........................................ 140

# INTRODUCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

O IES Martaguisela, situado na localidade de O Barco de Valdeorras, recolle alumnado da propia localidade e doutras das súas proximidades. A situación económica da zona, baseada fundamentalmente na industria da lousa, atraeu unha considerable poboación inmigrante, o que fai que tanto o noso centro como os da bisbarra reciban alumnado de diferentes nacionalidades, sobre todo de Portugal e Latinoamérica.

A nivel intelectual, podémonos encontrar con alumnado de todo tipo, polo que debemos ter sempre presente o carácter de diversificación que promove a lei educativa.

O centro está dotado dunha biblioteca, con acceso para os alumnos, no que se poden encontrar libros de Historia, Xeografía, Arte, libros de literatura ou de viaxes para traballar distintos aspectos.

No curso 2010 -2011, o centro converteuse nun centro ABALAR. Dende o noso ámbito, esto é importante xa que dispomos nas aulas de 1º / 2º ESO das novas tecnoloxías e Internet, para mellorar e consolidar a comprensión dos contidos.

No curso 2020-2021, o centro inicia a implantación do libro dixital a través da plataforma E-DIXGAL nos cursos de 1º da ESO.

**Composición do departamento:**

O Departamento de Xeografía e Historia componse de tres membros:

D. FERNANDO ALONSO ABAL
D. ALBERTO JOSÉ PUNGÍN GARCÍA
D. AITOR FREÁN CAMPO (Xefatura de Departamento)

# MATERIAS IMPARTIDAS

**ESO**

- Xeografía e Historia de 1º ESO (tres grupos) impartida por:
    - 1º A: Alberto José Pungín García
    - 1º B: Aitor Freán Campo
    - 1º C: Alberto José Pungín García
- Xeografía e Historia de 2º ESO (dous grupos) impartida por Alberto José Pungín García
- Xeografía e Historia de 3º ESO (tres grupos) impartida por Aitor Freán Campo
- Historia de 4º ESO (dous grupos) impartida por:
    - 4º A: Alberto José Pungín García
    - 4º B: Fernando Alonso Abal
- Proxecto competencial impartida por Alberto José Pungín García

**BACHARELATO**

- Historia do Mundo Contemporáneo de 1º BACH. (un grupo) impartida por Aitor Freán Campo
- Historia de España de 2º BACH. (dous grupos) impartida por Fernando Alonso Abal
- Xeografía e Historia de Galicia impartida por Aitor Freán Campo

# REFERENCIAS NORMATIVAS

- Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación (LOE), modificada parcialmente pola Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa (LOMCE).

- Lei Orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación.

- Real Decreto 1105/2014, do 26 de decembro, polo que se establece o currículo básico da Educación Secundaria Obrigatoria e do Bacharelato
(BOE do 3 de xaneiro de 2015).

- Orde ECD/65/2015, do 21 de xaneiro,pola que se describen as relacións entre as competencias, os contidos e os criterios de avaliación da educación primaria, a educación secundaria obrigatoria e o bacharelato (BOE do 29).

- Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG do 29). No caso das programacións didácticas de Educación Primaria, Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG do 9).

- Real Decreto 217/2022, do 29 de marzo, polo que se establece a ordenación e as ensinanzas mínimas de educación secundaria obrigatoria.

- Orde do 15 de xullo de 2015 pola que se establece a relación de materias de libre configuración autonómica de elección para os centros docentes nas etapas de educación secundaria obrigatoria e bacharelato, e se regula o seu currículo e a súa oferta (DOG do 21).

- Resolución do 27 de xullo de 2015, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións no curso académico 2015/16 para a implantación do currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia (DOG do 29).

- Orde do 20 de maio de 2022 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2022/23 nos centros docentes sostidos con fondos públcios na Comunidade Autónoma de Galicia.

# E. S. O.

## Obxectivos xerais da ESO:

**a.** Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.

**b.** Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas de aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

**c.** Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.

**d.** Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.

**e.** Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.

**f.** Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.

**g.** Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.

**h.** Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.

**i.** Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.

**l.** Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.

## Competencias clave:

**CCL** Comunicación lingüística

**CMCT** Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía

**CD** Competencia dixital

**CAA** Aprender a aprender

**CSC** Competencias sociais e cívicas

**CSIEE** Sentido de iniciativa e espírito emprendedor

**CCEC** Conciencia e expresións culturais

# XEOGRAFÍA E HISTORIA. 2º DE ESO

**Obxectivos preferentes:**

**a.** Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

**b.** Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.

**c.** Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.

**d.** Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.

**e.** Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar,tomar decisións e asumir responsabilidades.

**f.** Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.

**g.** Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.

**h.** Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.

**i.** Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.

**VINCULACIÓN ENTRE OBXECTIVOS, CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS CLAVE:**

| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
|---|---|---|---|---|
| | **Bloque 1. O medio físico** | | | |
| ▪ b<br>▪ e<br>▪ f<br>▪ g<br>▪ h | ▪ B1.2. Características xerais do medio físico de España e de Galicia. | ▪ B1.2. Ter unha visión global do medio físico de España e de Galicia, e das súas características xerais. | ▪ XHB1.1.1. Enumera e describe as peculiaridades do medio físico español e galego. | ▪ CAA<br>▪ CMCCT<br>▪ CD<br>▪ CCL |
| ▪ b<br>▪ e<br>▪ f<br>▪ g<br>▪ h | ▪ B1.3. Medio físico de España: relevo e hidrografía. | ▪ B1.3. Situar no mapa de España as unidades e os elementos principais do relevo peninsular, así como os grandes conxuntos ou espazos bioclimáticos. | ▪ XHB1.3.1. Sitúa nun mapa físico as principais unidades do relevo español. | ▪ CAA<br>▪ CMCCT<br>▪ CD |
| | | | ▪ XHB1.3.2. Describe as unidades de relevo con axuda do mapa físico de España. | ▪ CAA<br>▪ CMCCT<br>▪ CD<br>▪ CCL |
| ▪ b<br>▪ e<br>▪ f<br>▪ g<br>▪ h | ▪ B1.4. Medio físico de Galicia: relevo e hidrografía. | ▪ B1.4. Situar no mapa de Galicia as unidades e os elementos principais do relevo, así como os grandes conxuntos ou espazos bioclimáticos. | ▪ XHB1.4.1. Sitúa nun mapa físico as principais unidades do relevo galego. | ▪ CAA<br>▪ CMCCT<br>▪ CD |
| | | | ▪ XHB1.4.2. Describe as unidades de relevo con axuda do mapa físico de Galicia. | ▪ CAA<br>▪ CMCCT<br>▪ CD<br>▪ CCL |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| ▪ b<br>▪ e<br>▪ f<br>▪ g<br>▪ h | ▪ B1.5. Clima: elementos e factores. Diversidade climática da Península Ibérica e de Galicia. | ▪ B1.5. Coñecer e describir os grandes conxuntos bioclimáticos que conforman o espazo xeográfico español e galego. | ▪ XHB1.5.1. Localiza nun mapa os grandes conxuntos ou espazos bioclimáticos de España. | ▪ CAA<br>▪ CMCCT<br>▪ CD<br>▪ CCL |
| | | | ▪ XHB1.5.2. Analiza e compara as zonas bioclimáticas españolas utilizando gráficos e imaxes. | ▪ CAA<br>▪ CMCCT<br>▪ CD |
| | | | ▪ XHB1.5.3. Localiza nun mapa os espazos bioclimáticos de Galicia. | ▪ CAA<br>▪ CMCCT<br>▪ CD |
| ▪ b<br>▪ e<br>▪ f<br>▪ g<br>▪ m | ▪ B1.6. Diversidade de paisaxes. Zonas bioclimáticas da Península Ibérica e de Galicia. | ▪ B1.6. Coñecer os principais espazos naturais de España e de Galicia. | ▪ XHB1.6.1. Distingue e localiza nun mapa as paisaxes de España e de Galicia. | ▪ CAA<br>▪ CMCCT<br>▪ CD |
| ▪ b<br>▪ e<br>▪ f<br>▪ g<br>▪ h<br>▪ m<br>▪ ñ | ▪ B1.7. Medio natural e problemas ambientais en España. | ▪ B1.7. Coñecer, describir e valorar a acción do ser humano sobre o ambiente español e galego, e as súas consecuencias. | ▪ XHB1.7.1. Realiza procuras en medios impresos e dixitais referidas a problemas ambientais actuais en España e en Galicia, e localiza páxinas e recursos da web directamente relacionados con eles. | ▪ CAA<br>▪ CMCCT<br>▪ CD<br>▪ CCL |
| | **Bloque 2. O espazo humano** | | | |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | | | ▪ XHB2.1.2. Explica o impacto das ondas migratorias nos países de orixe e nos de acollemento. | ▪ CAA<br>▪ CMCCT<br>▪ CSC<br>▪ CD |
| ▪ b<br>▪ c<br>▪ e<br>▪ f<br>▪ g<br>▪ h | ▪ B2.2. Poboación europea: distribución e evolución. | ▪ B2.2. Analizar a poboación europea no relativo á súa distribución, evolución e dinámica, e ás súas migracións e políticas de poboación. | ▪ XHB2.2.1. Explica as características da poboación europea. | ▪ CAA<br>▪ CCL<br>▪ CSC<br>▪ CD |
| | | | ▪ XBH2.2.2. Compara entre países a poboación europea segundo a súa distribución, a súa evolución e a súa dinámica. | ▪ CAA<br>▪ CMCCT<br>▪ CSC<br>▪ CD<br>▪ CCL |
| ▪ b<br>▪ c<br>▪ e<br>▪ f<br>▪ g<br>▪ h | ▪ B2.3. Poboación española: evolución, distribución e dinámica. Movementos migratorios. | ▪ B2.3. Analizar as características da poboación española, a súa distribución, dinámica e evolución, e os movementos migratorios. | ▪ XHB2.3.1. Explica a pirámide de poboación de España e das súas comunidades autónomas. | ▪ CAA<br>▪ CMCCT<br>▪ CSC<br>▪ CD<br>▪ CCL |
| | | | ▪ XHB2.3.2. Analiza en distintos medios os movementos migratorios nas últimas tres décadas en España. | ▪ CAA<br>▪ CMCCT<br>▪ CSC<br>▪ CD<br>▪ CCL |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| ▪ b<br>▪ c<br>▪ e<br>▪ f<br>▪ g<br>▪ h | ▪ B2.4. Poboación de Galicia: evolución, distribución e dinámica. Movementos migratorios. | ▪ B2.4. Analiza as características da poboación de Galicia, a súa distribución, dinámica e evolución, e os movementos migratorios | ▪ XHB2.4.1. Coñece o proceso da emigración galega, as súas etapas e os destinos principais. | ▪ CAA<br>▪ CMCCT<br>▪ CSC<br>▪ CD<br>▪ CCL |
| ▪ b<br>▪ c<br>▪ e<br>▪ f<br>▪ g<br>▪ h | ▪ B2.5. Proceso de urbanización no planeta. | ▪ B2.5. Sinalar nun mapamundi as grandes áreas urbanas, e identificar e comentar o papel das cidades mundiais como dinamizadoras da economía das súas rexións. | ▪ XHB2.5.1. Realiza un gráfico con datos da evolución do crecemento da poboación urbana no mundo. | ▪ CAA<br>▪ CMCCT<br>▪ CSC<br>▪ CD<br>▪ CCL |
| | | | ▪ XHB2.5.2. Sitúa no mapa do mundo as vinte cidades máis poboadas, di a que país pertencen e explica a súa posición económica. | ▪ CAA<br>▪ CMCCT<br>▪ CSC<br>▪ CD<br>▪ CCL |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| ▪ b<br>▪ c<br>▪ e<br>▪ f<br>▪ g<br>▪ h | ▪ B2.6. A cidade e o proceso de urbanización europeo. | ▪ B2.6. Comprender o proceso de urbanización, os seus proles e os seus contras en Europa. | ▪ XHB2.6.1. Resume elementos que diferencien o urbano e o rural en Europa. | ▪ CAA<br>▪ CMCCT<br>▪ CSC<br>▪ CD<br>▪ CCL |
| | | | ▪ XHB2.6.2. Distingue os tipos de cidades do noso continente. | ▪ CAA<br>▪ CMCCT<br>▪ CSC<br>▪ CD<br>▪ CCL |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| ▪ b<br>▪ c<br>▪ e<br>▪ f<br>▪ g<br>▪ h<br>▪ ñ | ▪ B2.7. A cidade e o proceso de urbanización en España e en Galicia. | ▪ B2.7. Recoñecer as características das cidades españolas e galegas, e as formas de ocupación do espazo urbano. | ▪ XHB2.7.1. Interpreta textos que expliquen as características das cidades de España e de Galicia, axudándose de internet ou de medios de comunicación escrita. | ▪ CAA<br>▪ CMCCT<br>▪ CSC<br>▪ CD<br>▪ CCL |
| ▪ b<br>▪ c<br>▪ e<br>▪ f<br>▪ g<br>▪ h<br>▪ m<br>▪ ñ | ▪ B2.8. Diversidade de medios naturais en España e en Galicia. | ▪ B2.8. Coñecer os principais espazos naturais protexidos a nivel peninsular e insular. | ▪ XHB2.8.1. Sitúa os parques naturais españois nun mapa, e explica a situación actual dalgúns deles. | ▪ CAA<br>▪ CMCCT<br>▪ CSC<br>▪ CD<br>▪ CCL |
| | | | ▪ XHB2.8.2. Elabora gráficos de distinto tipo (lineais, de barra e de sectores) en soportes virtuais ou analóxicos, que reflictan información económica e demográfica de países ou áreas xeográficas a partir dos datos elixidos. | ▪ CAA<br>▪ CMCCT<br>▪ CCL<br>▪ CD |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| ▪ b<br>▪ c<br>▪ e<br>▪ f<br>▪ g<br>▪ h<br>▪ m<br>▪ ñ | ▪ B2.9. Paisaxes no territorio español e galego. | ▪ B2.9. Identificar as principais paisaxes humanizadas españolas e galegas, e identificalas por comunidades autónomas. | ▪ XHB2.9.1. Clasifica as principais paisaxes humanizadas españolas a través de imaxes. | ▪ CAA<br>▪ CMCCT<br>▪ CSC<br>▪ CD<br>▪ CCL |
| ▪ b<br>▪ c<br>▪ e<br>▪ f<br>▪ g<br>▪ h<br>▪ m<br>▪ ñ | ▪ B2.10. Principais retos e problemas ambientais en España. | ▪ B2.10. Coñecer e analizar os problemas e os retos ambientais que afronta España, a súa orixe e as posibles vías para afrontar estes problemas. | ▪ XHB2.10.1. XXCompara paisaxes humanizadas españolas segundo a súa actividade económica. | ▪ CAA<br>▪ CMCCT<br>▪ CSC<br>▪ CD<br>▪ CCL |
| | **Bloque 3. A historia** | | | |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| ▪ f<br>▪ l<br>▪ ñ | ▪ B3.1. Relación entre o pasado, o presente e o futuro a través da historia. | ▪ B3.1. Recoñecer que o pasado non está "morto e enterrado", senón que determina o presente e os posibles futuros e espazos, ou inflúe neles. | ▪ XHB3.1.1. Identifica elementos materiais, culturais ou ideolóxicos que son herdanza do pasado. | ▪ CSC<br>▪ CCEC |
| ▪ g<br>▪ l<br>▪ ñ | ▪ B3.2. Fontes históricas. | ▪ B3.2. Identificar, nomear e clasificar fontes históricas, e explicar diferenzas entre interpretacións de fontes diversas. | ▪ XHB3.2.1. Nomea e identifica catro clases de fontes históricas. | ▪ CSC<br>▪ CAA |
| | | | ▪ XHB3.2.2. Comprende que a historia non se pode escribir sen fontes, xa sexan estas restos materiais ou textuais. | ▪ CSC<br>▪ CAA |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| ▪ l<br>▪ ñ | ▪ B3.3. Cambio e continuidade. | ▪ B3.3. Explicar as características de cada tempo histórico e certos acontecementos que determinaron cambios fundamentais no rumbo da historia, diferenciando períodos que facilitan o seu estudo e a súa interpretación. | ▪ XHB3.3.1. Ordena temporalmente algúns feitos históricos e outros feitos salientables, utilizando para iso as nocións básicas de sucesión, duración e simultaneidade. | ▪ CSC<br>▪ CMCCT |
| | | | ▪ XHB3.3.2. Realiza diversos tipos de eixes cronolóxicos e mapas históricos. | ▪ CSC<br>▪ CMCCT |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| ▪ f<br>▪ l<br>▪ ñ | ▪ B3.4. Tempo histórico. | ▪ B3.4. Entender que os acontecementos e os procesos ocorren ao longo do tempo e á vez no tempo (diacronía e sincronía). | ▪ XHB3.4.1. Entende que varias culturas convivían á vez en diferentes enclaves xeográficos. | ▪ CSC<br>▪ CMCCT |
| ▪ l<br>▪ h<br>▪ ñ | ▪ B3.5. Vocabulario histórico e artístico. | ▪ B3.5. Utilizar o vocabulario histórico e artístico con precisión, inseríndoo no contexto adecuado. | ▪ XHB3.5.1. Utiliza o vocabulario histórico e artístico imprescindible para cada época. | ▪ CSC<br>▪ CCL |
| ▪ g<br>▪ l | ▪ B3.6. Idade Media: concepto e as subetapas (alta, plena e baixa Idade Media). | ▪ B3.6. Caracterizar a alta Idade Media en Europa e recoñecer a dificultade da falta de fontes históricas neste período. | ▪ XHB3.6.1. Utiliza as fontes históricas e entende os límites do que se pode escribir sobre o pasado. | ▪ CSC<br>▪ CAA |
| ▪ a<br>▪ c<br>▪ d<br>▪ g<br>▪ l | ▪ B3.7. Caída do Imperio Romano en Occidente: división política e invasións xermánicas. Imperio Bizantino e reinos xermánicos. | B3.7. Describir a nova situación económica, social e política dos reinos xermánicos. | ▪ XHB3.7.1. Compara as formas de vida (en diversos aspectos) do Imperio Romano coas dos reinos xermánicos | ▪ CSC<br>▪ CAA |
| ▪ a<br>▪ c<br>▪ d<br>▪ g<br>▪ l | ▪ B3.8. Feudalismo. | ▪ B3.8. Explicar a organización feudal e as súas consecuencias. | ▪ XHB3.8.1. Caracteriza a sociedade feudal e as relacións entre señores e campesiños. | ▪ CSC |
| ▪ a<br>▪ c | ▪ B3.9. Islam. Península Ibérica: invasión musulmá. Evolución de | ▪ B3.9. Analizar a evolución dos reinos cristiáns e musulmáns, nos seus | ▪ XHB3.9.1. Comprende as orixes do Islam e o seu alcance posterior. | ▪ CSC<br>▪ CCEC |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| ▪ d<br>▪ f<br>▪ h<br>▪ l<br>▪ n | Al-Andalus e dos reinos cristiáns. | aspectos socioeconómicos, políticos e culturais. | ▪ XHB3.9.2. Explica a importancia de Al-Andalus na Idade Media. | ▪ CSC<br>▪ CCEC<br>▪ CMCCT<br>▪ CCL |
| ▪ g<br>▪ h<br>▪ l<br>▪ n<br>▪ ñ | ▪ B3.10. Reconquista e repoboación. | ▪ B3.10. Entender o proceso das conquistas e a repoboación dos reinos cristiáns na Península Ibérica e as súas relacións con Al-Andalus. | ▪ XHB3.10.1. Interpreta mapas que describen os procesos de conquista e repoboación cristiás na Península Ibérica. | ▪ CSC<br>▪ CAA |
| | | | ▪ XHB3.10.2. Explica a importancia do Camiño de Santiago. | ▪ CSC<br>▪ CCEC<br>▪ CCL |
| ▪ l | ▪ B3.11. Expansión comercial europea e recuperación das cidades. Crise da baixa Idade Media: a 'Peste Negra' e as súas consecuencias. | ▪ B3.11. Entender o concepto de crise e as súas consecuencias económicas e sociais. | ▪ XHB3.11.1. Comprende o impacto dunha crise demográfica e económica nas sociedades medievais europeas. | ▪ CSC |
| ▪ l<br>▪ h<br>▪ n<br>▪ ñ | ▪ B3.12. Arte románica, gótica e islámica. | ▪ B3.12. Comprender as características e as funcións da arte na Idade Media. | ▪ XHB3.12.1.Describe características da arte románica, gótica e islámica. | ▪ CSC<br>▪ CCEC<br>▪ CCL |

**CONTIDOS TEMPORALIZADOS POR AVALIACIÓN**

A distribución de temas e sesións por avaliación é algo orientativo, xa que segundo sexa a evolución de cada aula poderanse facer pequenas modificacións e adaptacións.

**1ª AVALIACIÓN**

TEMA 0: FONTES HISTÓRICAS. Tempo histórico. Vocabulario histórico, artístico e xeográfico (2 sesións)
TEMA 1: O INICIO DA IDADE MEDIA (6 sesións)
TEMA 2: A SOCIEDADE FEUDAL (6 Sesións)
TEMA 3: AL-ÁNDALUS (6 sesións)

**2ª AVALIACION**

TEMA 4: OS REINOS CRISTIÁNS HISPÁNICOS (6 sesións)
TEMA 5: A ÉPOCA DO ROMÁNICO (4 sesións)
TEMA 6: REXURDIMENTO DAS CIDADES (6 sesións)
TEMA 7: A ÉPOCA DO GÓTICO (4 sesións)

**3ª AVALIACIÓN**

TEMA 8: O ESTUDO FÍSICO DE ESPAÑA E DE GALICIA (4 sesións)
TEMA 9: A POBOACIÓN (6 sesións)
TEMA 10: A CIDADE (4 sesións)

**CONTIDOS MÍNIMOS ESIXIBLES**

1.- Recoñecer os rasgos esenciais da Europa medieval, da civilización islámica e máis as características do feudalismo.
2.- Describir os rasgos sociais, económicos, políticos, relixiosos, culturais e artísticos que caracterizan a Europa feudal e recoñecer a súa evolución ata a aparición do estado moderno.
3.- Situar no tempo e no espazo as diversas unidades políticas que coexistiron na Península na Idade Media, recoñecendo na España actual exemplos da pervivencia dese legado cultural e artístico.
4.- Identificar as características básicas dos diferentes estilos artísticos da Idade Media e Moderna, aplicando ese coñecemento a algunhas obras de arte representativas.
5.- Realizar de forma colectiva o individual algún traballo sinxelo de carácter descriptivo sobre algún feito concreto.
6.- Recoñecer os principais ríos e cordilleiras de España e de Galicia.
7.- Aplicar os conceptos básicos da demografía á comprensión das dinámicas demográficas actuais.
8.- Interpretar datos e gráficos demográficos.
9.- Coñecer os rasgos característicos da sociedade mundial, española e galega actuais diferenciando a variedade de grupos étnicos e sociais que a forman.
10.- Saber utilizar o vocabulario propio da asignatura explicado en clase.

## METODOLOXÍA DIDÁCTICA

- Na primeira quincena do curso procurarase que todos os alumnos dominen a utilización das diferentes ferramentas dixitais (correo electrónico, aula virtual ) para garantizar o acceso á ensinaza de todo o alumnado tanto no caso de ensinanza semipresencial como non presencial.

O método a seguir á hora de traballar esta materia será o seguinte:

- Traballarase a través da Plataforma E-Dixgal, fomentando a pesquisa e búsqueda de información a través da rede, sempre guiados polo professor.
- Indagación das ideas previas dos alumnos: coa fin de orientar a clase segundo o nivel de comprensión que os alumnos amosen e de rexeitar as ideas equivocadas que poidan ter sobre un tema.
- Plantexamento da información básica: consistente na exposición por parte do profesor daquelas ideas e contidos principais coa fin de facilitar a prendizaxe de novos conceptos e acontecementos.
- Estudo de casos: Unha vez aprendido o contido máis xeral estudaranse casos concretos: O importante desta fase é traballar con fontes variadas (primarias, secundarias, textos, mapas, gráficos...) a partir das cales os alumnos indagarán e plantexarán as súas propias hipóteses. O traballo nesta fase está orientado tanto a ampliar os coñecementos sobre un tema determinado como a practicar diferentes procedementos e estratéxias propias da área de Ciencias Sociais.
- Realización de actividades: que servirán para comprobar o nivel de comprensión acadado por cada alumno e tamén para ver os puntos que é preciso repasar en cada caso e tema concreto.

**Ensinanza non presencial**:
O esforzo docente céntrarase en facer accesibles os contidos ao alumnado, tendo enconta as súas concretas circunstancias e intentando minimizar a brecha dixital.

Co alumno de 2º da ESO terase comunicación a través da plataforma e-dixgal e o correo electrónico. A comunicación coas familias será a través da plataforma abalar e contacto telefónico.

**Ensinanza semipresencial:**
*Nos períodos presenciais:* Realizaranse sesións teórico-práctica para abordar os contidos e actividades que presenten maior dificultade, así como a resolución de dúbidas e corrección das tarefas encomendadas. Determinarase o traballo a realizar polo alumnado durante os días de non presencialide, entregándolles o material correspondente.

*No período non presenciais:* O alumnado realizará as tarefas encomendadas a partir do material e indicacións que se deron nas sesións presenciais, que se farán chegar no tempo e forma que o profesor ou profesora determine, en función dos medios tecnolóxicos dos que dispoña o alumno ou alumna. Durante este tempo manterase o contacto cos alumnos a través da aula virtual do centro e o correo electrónico para resolver as dudas que podan presentar aos alumnos.

**PROCEDEMENTOS PARA A REALIZACIÓN DA AVALIACIÓN INICIAL**

Os primeiros días de curso, realizarase unha proba escrita de avaliación inicial para valorar os coñecementos adquiridos polos alumnos o ano anterior. No caso de observar algunha carencia tanto en xeografía como en historia, reforzaranse ditos contidos tendo en conta a diversidade do alumnado.

**PRODEDEMENTOS DE AVALIACIÓN**

A avaliación debe ser formativa, non tendo en conta só o resultado final, senón que valorará o mérito dunha aprendizaxe a partir dunha situación inicial, tendo en conta o esforzo realizado en cada caso para acadar o resultado final.
Levarase a cabo unha avaliación inicial para constatar tanto os conceptos adquiridos polo alumnado na súa aprendizaxe como as actitudes que presenta cara a asignatura

Para desenvolver a avaliación utilizaranse os instrumentos e procedementos que de seguido se citan:

a) Observación sistemática: que se desenvolverá permanentemente na aula mediante o rexistro anecdótico persoal do profesor/a. Nesta observación avaliaremos as seguintes actitudes: o interese pola materia, motivación, participación nos traballos colectivos e na dinámica da clase, grao de colaboración...
b) Análise do traballo realizado polos alumnos dentro e fóra da aula: que se fará a través da observación do caderno do alumno e tarefas feitas a través da plataforma dixital así como de todo tipo de actividades programadas polo profesor/a ó longo da avaliación e que serán revisadas e calificadas.
c) Probas específicas (exames): que se realizarán ó longo de cada avaliación. Estas poderán ser de diferentes tipos: obxectivas (sobre a aprendizaxe dos conceptos), abertas (probas de aplicación), exposición de temas, ou, o máis frecuente, unha mestura destes tres tipos.

**CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN NUN ESCENARIO PRESENCIAL E NON PRESENCIAL.**

A calificación dos alumnos obterase da aplicación dos seguintes parámetros:
1. Os resultados das probas realizados ó longo de cada avaliación constituirán un 70% do total da nota de avaliación.
2. O traballo realizado dentro e fora da aula suporá un 20% da nota global.
3. As seguintes actitudes: interese pola materia, colaboración e participación na clase, respecto cara si mesmos, compañeiros e profesor/a, tolerancia... serán calificadas cun 10% da nota global.

Para superar as diferentes avaliacións a nota debe ser igual ou superior a 5.
Aquelas probas de avaliación nas que a nota sexa inferior a 3 non faran media.
No caso dos decimais, o redondeo será cara riba a partir das 0’6 décimas.
No caso de que un alumno cometa un intento de fraude durante a realización dunha proba de avaliación, esa proba será anulada.

- No caso da ensinanza non prensencial ou semipresencial os criterios de cualificación serán os mesmos, aínda que os tipos de probas poden variar no seu formato: exames tipo test, elaboración de traballos e actividades sobre os diferentes contidos…, según o criterio do professor.

## PROCEDEMENTO DE RECUPERACIÓN

Ao final de cada avaliación, os alumnos que non superen ésta, farán unha proba escrita de recuperación.
O exame extraordinario de xuño consistirá nunha proba global, semellante aos exames realizados ó longo do curso, de contidos tanto de xeografía como de historia.

## ACTIVIDADES DE REFORZO E RECUPERACIÓN PARA ALUMNOS COA MATERIA PENDENTE

- Para os alumnos de outros cursos que teñan esta materia suspensa o departamento organizará un programa de reforzo que consistirá nunha serie de actividades dos diferentes temas, que os alumnos deberán realizar e entregar para a súa corrección ó profesor/a designado polo seminario para atender a eses alumnos pendentes. Así mesmo, os alumnos contarán coa atención personalizada durante un recreo semanal onde poderán consultar ó profesor/a todo tipo de dúbidas. Xunto con este programa de actividades os alumnos pendentes deberán realizar unha proba global, de contidos mínimos en xuño. Na cualificación final o traballo desenvolvido a través da realización do programa de actividades valerá un 40% da nota e o resultado do exame un 60% da mesma.

- ***No caso de ensinanza non presencial ou semipresencial este material será proporcionado a través da aula virtual do centro e correo electrónico dos alumnos. Así mesmo o profesor encargado estará en contacto cos alumnos a través de medios telemáticos para solventar as dudas que se lles presenten.***

## MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

O material didáctico que utilizaremos para desenvolver a asignatura será fundamentalmente o que figura a continuación:
Utilización de diversos recursos da plataforma e-dixgal: combinaranse os recursos dispoñibles na plataforma dixital cos contidos elaborados polo profesor/a.
Visualización de imaxes dos distintos estilos artísticos, recurso fundamental para o estudio da arte.
Vídeos e imaxes de contido xeográfico e histórico.
Material fornecido a través das TICs (Google Earth, Wikipedia, You Tube, etc).
Outros materiais que entregará o profesor na aula.
A consulta de diferentes publicacións didácticas existentes na biblioteca do centro.

## EDUCACIÓN EN VALORES

*Educación para a convivencia*
Os obxectivos lograranse a través do estudo das relacións establecidas entre as tres culturas que conviviron no espazo xeográfico peninsular durante a Idade Media.

*Educación ambiental*
Os temas de Xeografía son especialmente indicados para tratar contidos relativos a preservación do medio. O estudo dos medios naturais permítenos apreciar a riqueza da biodiversidade e a necesidade da súa conservación por constituír un patrimonio de toda a humanidade.

*Educación para a paz*
Os temas de respeito dos dereitos humanos, da diversidade cultural e de formas de vida diferentes da nosa trataranse ao estudar as diferentes civilizacións medievais, exaltando valores pacíficos para resolver os conflictos.

*Educación non sexista*
A educación para a igualdade de oportunidades intenta evitar a discriminación por motivo sexual que aínda persiste na nosa sociedade analizando as razóns da desigualdade ao longo do período medieval, reivindicando así mesmo o papel xogado pola muller na economía, na demografía e na cultura. A problemática feminina ó longo da historia e no mundo actual non se esquecerá en ningún bloque.

*Educación para a saúde*
O estudo da vida cotiá e das grandes epidemias medievais serve para reflexionar sobre a necesidade da preservación da saúde individual e colectiva, rexeitando estilos de vida nocivos.

*Educación do consumidor*
A finalidade da educación para o consumo é proporcionar as ferramentas necesarias para adquirir os coñecementos e as habilidades que permitan unha maior liberdade e racionalidade no consumo de bens e na utilización de servizos. O estudo da poboación permite apreciar a dificultade de acceso dunha parte da poboación mundial aos productos básicos.

*Educación multicultural*
O seu obxectivo, valorar positivamente a diversidade humana, impedindo que xurdan conductas xenófobas e intolerantes. Isto lógrase a través da presentación doutros espacios e culturas.

**MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE**

Terase en conta a diversidade do alumnado con respecto os diferentes ritmos de aprendizaxe que desenvolva cada un na aula. Levaranse a cabo diferentes estratexias de ensino coa fin de facilitar o aprendizaxe de cada alumno en función das súas necesidades concretas. Fundamentalmente organizaranse actividades de reforzo para aqueles alumnos que amosen dificultades de aprendizaxe e centraranse nos contidos máis complexos da materia. Así mesmo se programarán actividades de ampliación destinadas a profundizar elgúns conceptos a través de pequenos traballos sobre temas que se considere de especial interese.

Prestarase especial atención a aqueles alumnos que se incorporen ao centro e mostren dificultades coas línguas oficiais da nosa comunidade.

No caso de alumnos con Adaptación Curricular proporcionaráselle material adaptado ao seu nivel educativo.

## ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES PREVISTAS

No actual curso 2021/2022 non se contempla ningunha actividade extraescolar debido á situación epidemiolóxica.

# XEOGRAFÍA E HISTORIA: 4º DE ESO

## OBXECTIVOS XERAIS DO CURSO

**a.** Situar no tempo e no espazo os períodos, feitos transcendentes e procesos históricos relevantes que se estudan neste curso identificando o tempo histórico no mundo, en Europa, en España e en Galicia, aplicando as convencións e conceptos habituais no estudo da Historia.

**b.** Identificar as causas e consecuencias de feitos e procesos históricos significativos establecendo conexións entre elas e recoñecendo a causalidade múltiple que comportan os feitos sociais.

**c.** Enumerar as transformacións que se producen en Europa no século XVIII, tomando como referencia as características sociais, económicas e políticas do Antigo Réxime, e explicar os trazos propios do reformismo borbónico en España.

**d.** Coñecer os trazos particulares da Ilustración galega: as Sociedades Económicas de Amigos do País.

**e.** Identificar os trazos fundamentais dos procesos de industrialización e modernización económica e das revolucións liberais burguesas, valorando os cambios económicos, sociais e políticos que supuxeron, identificando as peculiaridades destes procesos en España e en Galicia.

**f.** Explicar as razóns do poder político e económico dos países europeos na segunda metade do século XIX identificando os conflitos e problemas que caracterizan estes anos, tanto a nivel internacional coma no interior dos estados, especialmente os relacionados coa expansión colonial e coas tensións sociais e políticas.

**g.** Identificar e caracterizar as distintas etapas da evolución política e económica de España e Galicia durante o século XX, e os avances e retrocesos ata lograr a modernización económica, a consolidación do sistema democrático e a pertenza á Unión Europea.

**h.** Caracterizar e situar no tempo e no espazo as grandes transformacións e conflitos mundiais que tiveron lugar no século XX e aplicar este coñecemento á comprensión dalgúns dos problemas internacionais máis destacados da actualidade.

**i.** Realizar traballos individuais e en grupo sobre algún foco de tensión política ou social no mundo actual, indagando os seus antecedentes históricos, analizando as causas e formulando posibles desenlaces, utilizando fontes de información, pertinentes, incluídas algunhas que ofrezan interpretacións diferentes ou complementarias dun mesmo feito.

**VINCULACIÓN ENTRE OBXECTIVOS, CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS CLAVE:**

| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
|---|---|---|---|---|
| | Bloque 1. O século XVIII en Europa ata 1789 | | | |
| a<br>c<br>d<br>g<br>h<br>l<br>ñ | B1.1. Século XVIII en Europa: do feudalismo ao absolutismo e o parlamentarismo das minorías. Francia, Inglaterra, España e Galicia. | B1.1. Explicar as características do Antigo Réxime nos seus sentidos político, social e económico. | XHB1.1.1. Establece, a través da análise de textos, a diferenza entre o Absolutismo e o Parlamentarismo. | CSC<br>CAA<br>CCL |
| | | | XHB1.1.2. Distingue conceptos históricos como Antigo Réxime e Ilustración. | CSC<br>CAA<br>CCL |
| f<br>h<br>l<br>n<br>ñ | B1.2. Ilustración. | B1.2. Coñecer o alcance da Ilustración como novo movemento cultural e social en Europa e en América. | XHB1.2.1. Describe as características da cultura da Ilustración e as implicacións que ten nalgunhas monarquías. | CSC<br>CCEC<br>CCL |
| f<br>g<br>l<br>n | B1.3. Arte e ciencia en Europa no século XVIII. | B1.3. Coñecer os avances da Revolución Científica desde os séculos XVII e XVIII. | XHB1.3.1. Aprecia os avances científicos e a súa aplicación á vida diaria, e contextualiza o papel dos científicos na súa propia época. | CSC<br>CMCCT<br>CAA |
| | | | XHB1.3.2. Comprende as implicacións do empiricismo e o método científico nunha variedade de áreas. | CSC<br>CMCCT |
| | Bloque 2. A era das revolucións liberais | | | |
| a<br>c<br>d<br>g<br>h<br>l | B2.1. Revolucións burguesas nos séculos XVIII e XIX: bases ideolóxicas (liberalismo,nacionalismo e rexionalismo), económicas e sociais; principais consecuencias. | B2.1. Comprender o alcance e as limitacións dos procesos revolucionarios dos séculos XVIII e XIX. | XHB2.1.1. Sopesa as razóns dos revolucionarios para actuar como o fixeron. | CSC<br>CAA<br>CCL |
| | | | XHB2.1.2. Recoñece, mediante a análise de fontes de diversas épocas, o valor destas non só como información senón tamén como evidencia para os/as historiadores/as. | CSC<br>CAA<br>CCL |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| a<br>c<br>d<br>g<br>h<br>l<br>ñ | B2.2. Revolucións burguesas nos séculos XVIII e XIX: periodización e feitos principais. Restauración. Procesos unificadores e independentistas. O caso español | B2.2. Identificar os principais feitos das revolucións liberais burguesas en Europa e América nos séculos XVIII e XIX. | XHB2.2.1. Redacta unha narrativa sintética cos principais feitos dalgunha das revolucións burguesas da primeira metade do século XIX, acudindo a explicacións causais, e sinala os proles e os contras. | CSC<br>CAA<br>CCL |
| | | | XHB2.2.2. Redacta unha narrativa sintética cos principais feitos dalgunha das revolucións burguesas do século XVIII, acudindo a explicacións causais, e indica os proles e os contras. | CSC<br>CAA<br>CCL |
| | | | XHB2.2.3. Discute as implicacións da violencia empregando diversos tipos de fontes. | CSC<br>CAA<br>CCL |
| | Bloque 3. A Revolución Industrial | | | |
| f<br>g<br>h<br>l | B3.1. Revolución Industrial: concepto; factores económicos, sociais e ideolóxicos que a fan posible. | B3.1. Describir os feitos salientables da Revolución Industrial e o seu encadeamento causal. | XHB3.1.1. Analiza os proles e os contras da primeira Revolución Industrial en Inglaterra. | CSC<br>CAA<br>CCL |
| g<br>h<br>l | B3.2. Revolución Industrial: desde Gran Bretaña ao resto de Europa. | B3.2. Analizar as vantaxes e os inconvenientes de ser un país pioneiro nos cambios. | XHB3.2.1. Analiza e compara a industrialización de diferentes países de Europa, América e Asia, nas súas distintas escalas temporais e xeográficas. | CSC<br>CAA<br>CCL |
| | | | XHB3.2.1. Compara o proceso de industrialización en Inglaterra e nos países nórdicos. | CSC<br>CAA<br>CCL |
| a<br>c<br>d<br>h<br>l<br>m | B3.3. Consecuencias da Revolución Industrial. Movemento obreiro (orixes, ideoloxías e formas de organización). | B3.3. Entender o concepto de progreso, e os sacrificios e os avances que leva consigo. | XHB3.3.1. Explica a situación laboral feminina e infantil nas cidades industriais. | CSC<br>CSIEE<br>CCL |
| l<br>ñ | B3.4. Discusión en torno ás características da industrialización en España e Galicia: éxito ou fracaso? | B3.4. Analizar a evolución dos cambios económicos en España e en Galicia, a raíz da industrialización parcial do país. | XHB3.4.1. Especifica algunhas repercusións políticas como consecuencia dos cambios económicos en España. | CSC |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| g<br>l<br>m | B3.5. A ciencia no século XIX. | B3.5. Coñecer os principais avances científicos e tecnolóxicos do século XIX, e a súa relación coas revolucións industriais | XHB3.5.1. Elabora un eixe cronolóxico, diacrónico e sincrónico, cos principais avances científicos e tecnolóxicos do século XIX. | CSC<br>CAA<br>CMCCT |
| | Bloque 4. O Imperialismo do século XIX e a I Guerra Mundial | | | |
| g<br>h<br>l | B4.1. O imperialismo no século XIX: concepto. | B4.1. Identificar as potencias imperialistas e a repartición de poder económico e político no mundo no derradeiro cuarto do século XIX e no principio do XX. | XHB4.1.1. Explica razoadamente que o concepto imperialismo reflicte unha realidade que influirá na xeopolítica mundial e nas relacións económicas transnacionais. | CSC<br>CAA<br>CCL |
| | | | XHB4.1.2. Elabora discusións sobre eurocentrismo e a globalización. | CSC<br>CAA<br>CCL |
| g<br>l | B4.2. Imperialismo: causas, desenvolvemento e consecuencias. | B4.2. Establecer xerarquías causais (aspecto e escala temporal) da evolución do imperialismo. | XHB4.2.1. Sabe recoñecer cadeas e interconexións causais entre colonialismo, imperialismo e a Gran Guerra de 1914. | CSC<br>CAA |
| g<br>h<br>l | B4.3. Causas e consecuencias da Gran Guerra (1914-1919) ou I Guerra Mundial. | B4.3. Coñecer os principais acontecementos da Gran Guerra, as súas interconexións coa Revolución Rusa e as consecuencias dos tratados de Versalles. | XHB4.3.1. Diferencia os acontecementos dos procesos, nunha explicación histórica, da I Guerra Mundial. | CSC<br>CAA |
| | | | XHB4.3.2. Analiza o novo mapa político de Europa. | CSC<br>CAA |
| | | | XHB4.3.3. Describe a derrota de Alemaña desde a súa propia perspectiva e desde a dos aliados. | CSC<br>CAA<br>CCL |
| a<br>c<br>d<br>g<br>h<br>l | B4.4. Revolución Rusa. | B4.4. Esquematizar a orixe, o desenvolvemento e as consecuencias da Revolución Rusa. | XHB4.4.1. Contrasta algunhas interpretacións do alcance da Revolución Rusa na súa época e na actualidade. | CSC<br>CAA<br>CCL |
| g<br>h<br>l<br>n | B4.5. A arte no século XIX. | B4.5. Relacionar movementos culturais como o romanticismo, en distintas áreas, e recoñecer a orixinalidade de movementos | XHB4.5.1. Comenta analiticamente cadros, esculturas e exemplos arquitectónicos da arte do século XIX. | CSC<br>CAA<br>CCL<br>CCEC |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | | artísticos como o impresionismo, o expresionismo e outros "ismos" en Europa. | XHB4.5.2. Compara movementos artísticos europeos e asiáticos. | CSC<br>CAA<br>CCL<br>CCEC |
| | Bloque 5. A época de entreguerras (1919-1945) | | | |
| g<br>h<br>l | B5.1. Período de entreguerras: do final da Gran Guerra ao crac do 29 e a Gran Depresión. | B5.1. Coñecer e comprender os acontecementos, os feitos e os procesos máis importantes do período de entreguerras, e a súa conexión co presente, e estudar a xerarquía causal nas explicacións históricas sobre esta época. | XHB5.1.1. Analiza interpretacións diversas de fontes históricas e historiográficas de distinta procedencia. | CSC<br>CAA<br>CCL |
| | | | XHB5.1.2. Relaciona algunhas cuestións concretas do pasado co presente e as posibilidades do futuro, como o alcance das crises financeiras de 1929 e de 2008. | CSC<br>CAA |
| | | | XHB5.1.3. Discute as circunstancias da loita polo sufraxio da muller. | CSC<br>CAA<br>CCL |
| a<br>c<br>d<br>h<br>l | B5.2. Fascismo italiano e nazismo alemán. | B5.2. Analizar as causas do auxe dos fascismos en Europa. | XHB5.2.1. Explica diversos factores que fixeron posible o auxe do fascismo en Europa. | CSC<br>CCL |
| a<br>c<br>d<br>g<br>h<br>l | B5.3. II República española e a Guerra Civil. | B5.3. Coñecer as tensións que levaron en España á proclamación da II República e ao estoupido da Guerra Civil | XHB5.3.1. Explica as principais reformas durante a II República española, e reaccións a elas. | CSC<br>CCL |
| | | | XHB5.3.2. Explica as causas da Guerra Civil española no contexto europeo e internacional. | CSC<br>CAA<br>CCL |
| | Bloque 6. As causas e consecuencias da II Guerra Mundial (1939-1945) | | | |
| g<br>l | B6.1. Orixes da II Guerra Mundial. | B6.1. Coñecer as causas da II Guerra Mundial. | XHB6.1.1. Recoñece a xerarquía causal (diferente importancia dunhas causas ou outras segundo as narrativas). | CSC<br>CAA |
| g<br>h | B6.2. Desenvolvemento da II Guerra Mundial: extensión, fases, | B6.2. Coñecer os principais feitos da II Guerra Mundial, diferenciar as | XHB6.2.1. Sitúa nun mapa as fases do conflito. | CSC<br>CAA |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| l | formas de guerra e principais consecuencias. | escalas xeográficas nesta guerra (europea e mundial) e entender o concepto de guerra total. | XHB6.2.2. Dá unha interpretación de por que rematou antes a guerra europea que a mundial. | CSC<br>CAA<br>CCL |
| | | | XHB6.2.3. Elabora unha narrativa explicativa das causas e as consecuencias da II Guerra Mundial, a distintos niveis temporais e xeográficos. | CSC<br>CAA<br>CCL |
| a<br>d<br>l | B6.3. O Holocausto. | B6.3. Entender o contexto en que se desenvolveu o Holocausto na guerra europea e as súas consecuencias. | XHB6.3.1. Recoñece a significación do Holocausto na historia mundial. | CSC |
| g<br>h<br>l | B6.4. Nova xeopolítica mundial: Guerra Fría e plans de reconstrución posbélica. | B6.4. Comprender o concepto de Guerra Fría no contexto de despois de 1945, e as relacións entre os dous bloques, os EEUU e a URSS. | XHB6.4.1. Utilizando fontes históricas e historiográficas, explica algúns dos conflitos enmarcados na época da Guerra Fría. | CSC<br>CAA<br>CCL |
| | | | XHB6.4.2. Describe as consecuencias da guerra de Vietnam. | CSC<br>CAA<br>CCL |
| a<br>d<br>g<br>h<br>l | B6.5. Procesos de descolonización en Asia e África. | B6.5. Organizar os feitos máis importantes da descolonización de posguerra no século XX e comprender os límites da descolonización e da independencia nun mundo desigual. | XHB6.5.1. Describe os feitos relevantes do proceso descolonizador. | CSC<br>CCL |
| | | | XHB6.5.2. Distingue entre contextos diferentes do mesmo proceso, por exemplo, África subsahariana (anos 50 e 60) e a India (1947). | CSC<br>CAA |
| | Bloque 7. A estabilización do Capitalismo e o illamento económico do bloque soviético | | | |
| a<br>d<br>g<br>h<br>l | B7.1. Evolución dos bloques soviético e capitalista. O "Welfare State". | B7.1. Entender os avances económicos dos réximes soviéticos e os perigos do seu illamento interno, así como os avances económicos do "Welfare State" en Europa. | XHB7.1.1. Explica os avances dos réximes soviéticos e do "Welfare State" en Europa. | CSC<br>CAA<br>CCL |
| | | | XHB7.1.2. Recoñece os cambios sociais derivados da incorporación da muller ao traballo asalariado. | CSC |
| f<br>g<br>h<br>l<br>m | B7.2. Crise do petróleo (1973). | B7.2. Comprender o concepto de crise económica e a súa repercusión mundial nun caso concreto. | XHB7.2.1. Compara a crise enerxética de 1973 coa financeira de 2008. | CSC<br>CAA<br>CCL |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| a<br>c<br>d<br>g<br>h<br>l<br>ñ | B7.3. Ditadura de Franco en España. | B7.3. Explicar as causas de que se establecera unha ditadura en España tras a Guerra Civil, e como foi evolucionando esa ditadura desde 1939 a 1975. | XHB7.3.1. Coñece a situación da posguerra e a represión en España, así como as fases da ditadura de Franco | CSC |
| | | | XHB7.3.2. Discute como se entende en España e en Europa o concepto de memoria histórica | CSC<br>CAA<br>CCL |
| | Bloque 8. O mundo recente entre os séculos XX e XXI | | | |
| a<br>d<br>g<br>l | B8.1. Formas económicas e sociais do capitalismo no mundo. | B8.1. Interpretar procesos a medio prazo de cambios económicos, sociais e políticos a nivel mundial. | XHB8.1.1. Interpreta o renacemento e o declive das nacións no novo mapa político europeo desa época | CSC<br>CAA |
| | | | XHB8.1.2. Comprende os proles e contras do estado do benestar. | CSC |
| a<br>d<br>g<br>h<br>l | B8.2. Colapso dos réximes soviéticos e as súas consecuencias. | B8.2. Coñecer as causas e as consecuencias inmediatas do colapso da URSS e outros réximes socialistas. | XHB8.2.1. Analiza aspectos políticos, económicos e culturais dos cambios producidos tralo colapso da URSS. | CSC<br>CAA<br>CCL |
| a<br>c<br>d<br>g<br>h<br>l<br>ñ | B8.3. Transición política en España: da ditadura á democracia (1975-1982). | B8.3. Coñecer os principais feitos que conduciron ao cambio político e social en España despois de 1975, e sopesar distintas interpretacións sobre ese proceso. | XHB8.3.1. Compara interpretacións sobre a Transición española nos anos setenta do século XX e na actualidade. | CSC<br>CAA<br>CCL |
| | | | XHB8.3.2. Enumera e describe algúns dos principais fitos que deron lugar ao cambio na sociedade española da transición: coroación de Xoán Carlos I, lei para a reforma política de 1976, lei de amnistía de 1977, apertura de Cortes Constituíntes, aprobación da Constitución de 1978, primeiras eleccións xerais, creación do Estado das autonomías, etc. | CSC<br>CCL |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | | | XHB8.3.3. Analiza o problema do terrorismo en España durante esta etapa (ETA, GRAPO, Terra Lliure, etc.): a xénese e a historia das organizacións terroristas, a aparición dos primeiros movementos asociativos en defensa das vítimas, etc. | CSC<br>CAA<br>CCL |
| a<br>c<br>d<br>g<br>h<br>l | B8.4. Camiño cara a Unión Europea: desde a unión económica a unha futura unión política supranacional. | B8.4. Entender a evolución da construción da Unión Europea. | XHB8.4.1. Discute sobre a construción da Unión Europea e do seu futuro. | CSC<br>CAA<br>CCL |
| | Bloque 9. A Revolución Tecnolóxica e a globalización a finais do século XX e principio do XXI | | | |
| e<br>g<br>h<br>l | B9.1. A globalización económica: concepto e características. | B9.1. Definir a globalización e identificar algúns dos seus factores. | XHB9.1.1. Procura na prensa novas dalgún sector con relacións globalizadas, e elabora argumentos a favor e en contra. | CSC<br>CD<br>CCL<br>CAA<br>CSIEE |
| | | | XHB9.1.2. Elabora discusións sobre o eurocentrismo e a globalización. | CSC<br>CAA<br>CCL |
| e<br>f<br>g<br>h<br>l | B9.2. Papel da Revolución Tecnolóxica na globalización. | B9.2. Identificar algúns dos cambios fundamentais que supón a Revolución Tecnolóxica. | XHB9.2.1. Analiza algunhas ideas de progreso e retroceso na implantación das recentes tecnoloxías da información e da comunicación, a distintos niveis xeográficos. | CSC<br>CAA<br>CCL<br>CD |
| e<br>g<br>h<br>l<br>m<br>ñ | B9.3. Consecuencias da globalización. Relacións interrexionais; focos de conflito. | B9.3. Recoñecer o impacto destes cambios a nivel local, autonómico, estatal e global, prevendo posibles escenarios máis e menos desexables de cuestións ambientais transnacionais, e discutir as novas realidades do espazo globalizado. | XHB9.3.1. Crea contidos que inclúen recursos como textos, mapas e gráficos, para presentar algún aspecto conflitivo das condicións sociais do proceso de globalización. | CSC<br>CD<br>CAA<br>CCL<br>CMCCT<br>CSIEE |
| | Bloque 10. A relación entre o pasado, o presente e o futuro a través da historia e a xeografía | | | |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| g<br>h<br>l<br>ñ | B10.1. Relación entre o pasado, o presente e o futuro a través da historia e a xeografía. | B10.1. Recoñecer que o pasado non está "morto e enterrado", senón que determina o presente e os posibles futuros e espazos, ou inflúe neles. | XHB10.1.1. Formula posibles beneficios e desvantaxes para as sociedades humanas e para o medio natural dalgunhas consecuencias do quecemento global, como o desxeamento do Báltico. | CSC<br>CMCCT<br>CAA<br>CCL |
| | | | XHB10.1.2. Sopesa como unha Europa en guerra durante o século XX pode chegar a unha unión económica e política no século XXI. | CSC<br>CAA |
| | | | XHB10.1.3. Compara (nun aspecto ou en varios) as revolucións industriais do século XIX coa revolución tecnolóxica de finais do século XX e principio do XXI. | CSC<br>CMCCT<br>CAA |
| f<br>l<br>ñ | B10.2. Cambio e continuidade. | B10.2. Explicar as características de cada tempo histórico e certos acontecementos que determinaron cambios fundamentais no rumbo da historia, diferenciando períodos que facilitan o seu estudo e a súa interpretación. | XHB10.2.1. Ordena temporalmente algúns feitos históricos e outros feitos salientables, utilizando para iso as nocións básicas de sucesión, duración e simultaneidade. | CSC<br>CMCCT |
| | | | XHB10.2.2. Realiza diversos tipos de eixes cronolóxicos e mapas históricos. | CSC<br>CMCCT |
| f<br>l<br>ñ | B10.3. Tempo histórico. | B10.3. Entender que os acontecementos e os procesos ocorren ao longo do tempo e á vez no tempo (diacronía e sincronía). | XHB10.3.1. Entende que varias culturas convivían á vez en diferentes enclaves xeográficos. | CSC<br>CMCCT |
| h<br>l<br>ñ | B10.4. Vocabulario histórico e artístico: Idade Contemporánea. | B10.4. Utilizar o vocabulario histórico e artístico con precisión, inseríndoo no contexto adecuado. | XHB10.4.1. Utiliza con fluidez e precisión o vocabulario histórico e artístico necesario. | CSC<br>CCL |

**CONTIDOS TEMPORALIZADOS POR AVALIACIÓNS**

A distribución de temas e sesión por avaliación é algo orientativo, xa que segundo sexa a evolución de cada aula poderanse facer pequenas modificacións e adaptacións.Debido a extensión do temario nos casos de reducción de materia, ésta afectaría ao relativo a Historia de España xa que a mayoría deles a voltarán a cursar en 2º de bacharelato.

PRIMEIRA AVALIACIÓN

TEMA 1: O Antigo Réxime e o século XVIII en Europa e España (4 sesións)
TEMA 2: A era das revolucións. A crise política do Antigo Réxime (9 sesións)
TEMA 4: A Revolución Industrial e os cambios sociais, culturais e artísticos (6 sesións)
TEMA 5: A época do Imperialismo e do Colonialismo (1870-1914) (6 sesións)

SEGUNDA AVALIACIÓN

TEMA 6: A Primeira Guerra Mundial e o período de entreguerras (6 sesións)
TEMA 8: España, da Restauración á Guerra Civil (6 sesións)
TEMA 9: A Segunda Guerra Mundial e a nova situación internacional (1939-1991) (9 sesións)
TEMA 10: A evolución política e socioeconómica dos bloques (1945 e 1991) (4 sesións)

TERCEIRA AVALIACIÓN

TEMA 11: A Ditadura Franquista (1939-1975) (6 sesións)
TEMA 12: O mundo actual e os seus problemas (6 sesións)
TEMA 13: Sociedade, cultura e arte na segunda metade do século XX (4 sesións)
TEMA 14: Europa, un espazo de crecente integración (6 sesións)

**CONTIDOS MÍNIMOS ESIXIBLES**

1.- Expresión oral e escrita clara e comprensiva xunto cun correcto uso do vocabulario específico da historía e arte.
2.- Correcto manexo de cada unha das técnicas de traballo desenvolvidas ó longo dos temas.
3.- Correcta lectura e interpretación dos diferentes tipos de textos, mapas e gráficos utilizados ó longo do curso.
4.- Situar no espacio (localización nos mapas) e no tempo (mediante eixes cronolóxicos e liñas do tempo) os principais acontecementos da historia mundial, española e galega desde o século XVIII ata os nosos días
3.- De cada un dos distintos temas nos que se estructura a asignatura os alumnos deberán coñecer:

a) Principais características da evolución política: formas de goberno, institucións, acontecementos fundamentais que marcaron a evolución política, causas e consecuencias dos cambios políticos acontecidos desde o Antigo Réxime ata a actualidade
b) Principais características dos diferentes modelos económicos que se desenvolveron en Europa, España e Galicia desde inicios do XVIII ata hoxe, identificando e analizando os cambios acontecidos na estructura económica, causas e consecuencias dos mesmos.

c) A estructura social das épocas históricas estudiadas e a súa evolución: estamentos e grupos que compoñen a sociedade de cada época, relacións entre os distintos grupos, a importancia política e económica dos mesmos, causas e consecuencias que motivan os cambios sociais.
d) Os principais factores que determinaron os cambios históricos.
e) Analizar as semellanzas e diferenzas entre a evolución histórica europea, a española e galega en cada momento histórico.
f) Características principais dos grandes estilos artísticos de Europa, España e Galicia desde o Barroco ata as vangardas actuais.

4.- Relacionar os modelos políticos, sociais e económicos desde fins da Idade Moderna ata a actualidade distinguindo as semellanzas e diferencias que existen entre eles

5.- Correcta lectura, interpretación e realización de mapas temáticos, gráficos, series estatísticas, textos...

6.- Desenvolver o comentario de textos e mapas históricos ó seguinte nivel:
a) Lectura atenta
b) Información e clasificación (clase de texto, orixe, destinatario, autor, cronoloxía)
c) Contido e interpretación
d) Conclusión

7.- Desenvolver o comentario de obras artísticas mediante:
a) Observación detida da obra
b) Descripción da obra
c) Estilo e movemento ó que pertence
d) Relación da obra coa época histórica correspondente

## METODOLOXÍA DIDÁCTICA

Na primeira quincena do curso procurarase que todos os alumnos dominen a utilización das diferentes ferramentas dixitais (correo electrónico, aula virtual) para garantizar o acceso á ensinaza de todo o alumnado tanto no caso de ensinanza semipresencial como non presencial.

**NOTA ACLARATORIA XERAL:**

**AÍNDA QUE XA ESTAMOS COMEZANDO O TERCEIRO CURSO COMPLETO CON PANDEMIA, ÉSTA MOSTRA SIGNOS DE IR REMITINDO RÁPIDAMENTE POLO QUE, AÍNDA SENDO CONSCENTES DE QUE O ESCENARIO MAIS PROBABLE É O DE PRESENCIALIDADE, POR PRUDENCIA, MANTEMOS OS TRES SUPOSTOS DE PRESENCIALIDADE, SEMIPRESENCIALIDADE, E ENSINO NON PRESENCIAL.**

### Ensinanza Presencial:

O método a seguir á hora de traballar esta asignatura será o seguinte:
- Indagación das ideas previas dos alumnos: coa fin de orientar a clase segundo o nivel de comprensión que os alumnos amosen e de rexeitar as ideas equivocadas que poidan ter sobre un tema.

- Plantexamento da información básica: consistente na exposición por parte do profesor daquelas ideas e contidos principais coa fin de facilitar a aprendizaxe de novos conceptos e acontecementos.
- Estudo de casos: Unha vez aprendido o contido máis xeral estudiaranse casos concretos: O importante desta fase é traballar con fontes variadas (primarias, secundarias, textos, mapas, gráficos....) a partir das cales os alumnos indagarán e plantexarán as súas propias hipóteses. O traballo nesta fase está orientado tanto a ampliar os coñecementos sobre un tema determinado como a practicar diferentes procedementos e estratéxias propias da área de Ciencias Sociais.
- Realización de actividades: que servirán para comprobar o nivel de comprensión acadado por cada alumno e tamén para ver os puntos que é preciso repasar en cada caso e tema concreto.

**Ensinanza non presencial:**

O esforzo docente centrarase en facer accesibles os contidos ao alumnado, tendo enconta as súas concretas circunstancias e intentando minimizar a brecha dixital.

Co alumno de 4º da ESO terase comunicación a través da aula virtual e o correo electrónico. A comunicación coas familias será a través da plataforma abalar, correo electrónico e contacto telefónico.

Ensinanza semipresencial:
Nos períodos presenciais: Realizaranse sesións teórico-práctica para abordar os contidos e actividades que presenten maior dificultade, así como a resolución de dúbidas e corrección das tarefas encomendadas. Determinarase o traballo a realizar polo alumnado durante os días de non presencialide, entregándolles o material correspondente.

Nos períodos non presenciais: O alumnado realizará as tarefas encomendadas a partir do material e indicacións que se deron nas sesións presenciais, que se farán chegar no tempo e forma que o profesor ou profesora determine, en función dos medios tecnolóxicos dos que dispoña o alumno ou alumna. Durante este tempo manterase o contacto cos alumnos a través da aula virtual e o correo electrónico para resolver as dudas que se podan presentar aos mesmos.

## PROCEDEMENTOS PARA A REALIZACIÓN DA AVALIACIÓN INICIAL

Nos primieiros días de curso, realizarase una proba escrita de avaliación inicial sobre conceptos históricos, referentes, sobre todo, a cuestións da Idade Moderna, impartidas en 3º ESO, xa que a asignatura iníciase xusto o fin deste periodo para arrincar na Idade Contemporánea. No caso de observar deficiencias, repasarase de modo moi xeral o Antigo Réxime e a Idade Moderna.

No caso de ser necesario, tras revisar os resultados da avaliación inicial, farase un plan de recuperación sobres as aprendizaxes fundamentais non adquiridas. Isto levarase a cabo mediante a elaboración de traballos, pesquisas e actividades de carácter globalizador abarcando as distintas Competencias Clave.

## PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN

A avaliación debe ser formativa, non tendo en conta só o reeultado final, senón que valorará o mérito dunha aprendizaxe a partir dunha situación inicial, tendo en conta o esforzo realizado en cada caso para acadar o resultado final.

Para desenvolver a avaliación utilizaranse os instrumentose procedementos que de seguido se citan:
a) Observación sistemática dos alumnos: avaliaremos as seguintes actitudes: o interese pola asignatura, motivación, participación na dinámica da clase e nos traballos colectivos, respecto hacia si mesmo e cara os compañeiros e profesor/a e o grao de colaboración
b) Análise do traballo realizado dentro e fora da aula: realizarase a través do caderno de clase, resumos, traballos de aplicación e síntese, postas en común así como do dosier cartográfico que os alumnos deberán elaborar ó longo do curso e que será revisado ó final de cada avaliación e cualificado polo profesor
c) Probas específicas (exames): que se realizarán ó longo de cada avaliación. Poderán ser integramente obxectivas (sobre a aprendizaxe dos conceptos), abertas (probas de aplicación), exposición de temas, ou unha mixtura delas.

## CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN NUN ESCENARIO PRESENCIAL OU NON PRESENCIAL

A cualificación dos alumnos obterase da aplicación dos parámetros seguintes:

a) Os resultados dos exames realizados ó longo de cada avaliación constituirán un 80% do total da nota da avaliación (8 puntos) No caso de realizarse varios exames durante a avaliación, só se fará nota media entre eles a partir do 3.

b) O traballo realizado dentro e fora da aula suporá un 10% da nota global (1 puntos)

c) As actitudes seguintes: interese pola asignatura, colaboración e participación na clase, respecto cara os compañeiros e cara o profesor/a, tolerancia... serán calificadas cun 10% da nota global (1 puntos)

- As avaliacións so se consideran superadas coa obtención de unha nota igual ou superior a 5.
- Cando un alumno, durante unha proba de avaliación, cometa un acto fraudulento a parte do examen a que se cometa ese fraude será anulada. O alumno poderá recuperar esa parte da materia na recuperación correspondente.

**Como se calcula a cualificación de cada unha das avaliacións (ponderación, redondeo...)**

Nas notas da avaliación, que só admiten números enteiros, aplicarase o seguinte criterio:

-Se a alumna/o obtivo como promedio unha cifra enteira, se transcribirá esta sen alteracións nas actas.

-Se a alumna/o obtivo como promedio unha nota con décimas, na súa transcrición nas actas de avaliación:

- Redondearase ao enteiro superior no caso de que tales décimas teñan un valor igual ou maior de seis (exemplo: 5´5 se transcribirían nas actas como un 6).
- Redondearase ao enteiro inferior no caso de que estas teñan un valor inferior a seis (exemplo: 7´4 se transcribiría como un 7).
- **Para aprobar a asignatura é necesario ter unha nota superior ou igual a 5**. Neste caso, non se aplica o redondeo.

Ao final de cada avaliación, para os alumnos que non superaran a materia, haberá un exame de recuperación de características semellantes ás probas de avaliación, nas que deberán demostrar que adquiriron uns coñecementos de contidos mínimos da materia traballada durante a avaliación.

Ao remate do curso, para aqueles alumnos/as que non aprobaran todas as avaliacións organizarase unha proba escrita final daquelas avaliacións que teñan sen superar. Será pois imprescindible aprobar todas as avaliacións para seren cualificados positivamente na avaliación final.

Nos días que transcurran entre a avaliación ordinaria e extraordinaria, o alumnado que non superara a primeira, levará a cabo actividades de repaso co fin de poder superar a proba extraordinaria.
Os que aproben a avaliación ordinaria, realizarán actividades de reforzo para subir a nota final.

O exame extraordinario de xuño consistirá nunha proba global, semellante ós exames realizados nas diferentes avaliacións, de toda a materia vista ao longo do curso.

No caso da ensinanza non prensencial ou semipresencial os criterios de cualificación serán os mesmos, aínda que os tipos de probas poden variar no seu formato: exames tipo test, elaboración de traballos e actividades sobre os contidos.

## ACTIVIDADES DE REFORZO E RECUPERACIÓN

Para ao alumnado que presenta maiores dificultades de aprendizaxe adicaremos actividades de reforzo no que se traballarán de forma sinxela aqueles contidos e procedementos que entrañan maior dificultade.

Actividades de ampliación e de maior complexidade, como poden ser pequenos traballos de investigación ou exercicios de maior dificultade serán aplicadas ós alumnos con capacidades superiores que precisen e desexen ampliar coñecementos

## MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

Dende o inicio da 1ª avaliación traballarase a través da aula virtual e correo electrónico, tanto para a realización de tarefas, traballos como entrega de apuntes e actividades.

O material didáctico que utilizaremos para desenvolver a asignatura será fundamentalmente o que figura a continuación:
Libro de texto: “Ciencias Sociais, Historia”: Historia. Editorial Oxford. Servirá de guía ó alumno para desenvolver a asignatura.
Prensa actual, que seleccionada polo profesor/a contribuirá a estudiar e analizar os distintos tipos de fontes históricas.
Diapositivas dos distintos estilos artísticos,recurso fundamental para o estudio da arte.
videos de temas históricos e artísticos.

Bibliografía sobre aspectos da vida cotiá da editorial Anaya, servirá para introducir ós alumnos na lectura de temas históricos e para profundar na análise dos cambios no tempo e estimular a capacidade de análise e crítica.
Películas de temática histórica: “Tiempos Modernos”, “El gran dictador”, “Outubro”, axudarannos a traballar temas tan importantes como a revolución industrial, o capitalismo, crise do 29 e os fascismos, revolución soviética, sendo o cine un instrumento óptimo para fomentar a crítica, os debates e o diálogo entre o alumnos.

Se ben neste curso adicarémonos exclusivamente ós contidos de carácter histórico nos seus distintos eixes, e a pesar de que a área de xeografía préstase máis á transversalidade, non por iso esqueceremos traballar na medida do posible os temas transversais e a educación en valores dentro de cada tema. Principalmente traballaremos os seguintes:

## EDUCACIÓN EN VALORES E TEMAS TRANSVERSAIS

*Educación para a convivencia*
Os obxectivos lograranse a través do establecemento de debates, postas en común e da reflexión sobre a diversidade de culturas, opinións e mentalidades existentes ó longo de cada época histórica, así como nos apartados nos que falemos da poboación, no desenvolvemento e subdesenvolvemento que xenera a industrialización....

*Educación ambiental*
Se ben son os temas de xeografía os máis axeitados para tratar contidos relativos á preservación do medio, desde a historia tamén o poderemos facer á hora de desenvolver o tema das revolucións industriais, analizando sobre todo as súas consecuencias sobre o medio ambiente e a poboación.

*Educación para a paz*
Este é o tema transversal no que máis e mellor podemos traballar neste curso. Os grandes conflitos acontecidos sobre todo no presente século, así como o estudio da historia máis recente de España (guerra civil, dictadura, transición á democracia, e democracia actual) constitúen o marco ideal para reflexionar e exaltar os valores pacífistas para resolver os conflictos.

*Educación non sexista*
Será abordada facendo referencia, en todos os temas que sexa posible ó papel xogado pola muller na economía, demografía e na cultura.

*Educación social e multicultural*
Que ten por obxectivo valorar positivamente a diversidade humana impedindo que xurdan
conductas xenófobas e intolerantes, será abordada na presentación e estudio do tema "O mundo na época do Antigo Réxime", donde analizaremos outras culturas desa época distintas da de Europa, que contrastaremos coa nosa.

## ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES PREVISTAS

No actual curso 2021/2022 non se contempla ningunha actividade extraescolar debido á situación epidemiolóxica.

# BACHARELATO

## 2º DE BACHARELATO HISTORIA DE ESPAÑA: REXIME ORDINARIO E SEMIPRESENCIAL

## I. OBXECTIVOS

**d.** Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

**e.** Dominar, tanto na súa expresión oral como na escrita, a lingua galega.

**g.** Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e da comunicación.

**h.** Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de xeito solidario no desenvolvemento e na mellora do seu contorno social.

**i.** Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais, e dominar as habilidades básicas propias da modalidade elixida

**p.** Valorar, respectar e afianzar o patrimonio material e inmaterial de Galicia, e contribuír á súa conservación e mellora no contexto dun mundo globalizado.

## II.- CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE

| | |
|---|---|
| **CSC** | – Comprender o concepto de tempo histórico.<br>– Identificar a relación multicausal dun feito histórico e as súas consecuencias.<br>– Coñecer as grandes etapas e os principais acontecementos da Historia contemporánea.<br>– Comprender o funcionamento das sociedades, o seu pasado histórico, a súa evolución e transformacións.<br>– Desenvolver a empatía mediante a comprensión das accións humanas do pasado.<br>– Expresarse de forma asertiva e amosar unha actitude favorable ao diálogo e ao traballo cooperativo |

| | |
|---|---|
| **CEC** | – Comprender a función que as artes tiveron e teñen na vida dos seres humanos.<br>– Desenvolver unha actitude activa en relación coa conservación e a protección do patrimonio histórico. |
| **CL** | – Utilizar adecuadamente o vocabulario propio das ciencias sociais para construír un discurso preciso.<br>– Desenvolver a empatía e interesarse por coñecer e escoitar opinións distintas á propia.<br>– Utilizar diferentes variantes do discurso, en especial, a descrición e a argumentación.<br>– Ler e interpretar textos de tipoloxía diversa, linguaxes icónicas, simbólicas e de representación. |
| **CD** | – Relacionar e comparar a información procedente de diversas fontes: escritas, gráficas, audiovisuais, etc.<br>– Contrastar a información obtida e desenvolver un pensamento crítico e creativo.<br>– Elaborar a información transformando os datos recollidos e traducíndoos a outro formato ou linguaxe.<br>– Empregar as posibilidades que ofrecen as tecnoloxías da información e a comunicación na procura e o procesamento da información. |
| **CMCBCT** | – Elaborar e interpretar eixes cronolóxicos.<br>– Analizar e comprender os datos cuantitativos recollidos en táboas, gráficos e diagramas.<br>– Identificar e localizar os ámbitos xeopolíticos, económicos e culturais nos que se enmarcan os acontecementos da Idade Contemporánea española.<br>– Coñecer os distintos usos do espazo e dos recursos que fixeron as sociedades ao longo dos períodos históricos estudados. |

| | |
|---|---|
| **AA** | – Desenvolver unha visión estratéxica dos problemas, anticipar posibles escenarios e consecuencias futuras das accións individuais e/ou sociais.<br>– Buscar explicacións multicausais para comprender os fenómenos sociais e avaliar as súas consecuencias.<br>– Utilizar distintas estratexias para organizar, memorizar e recuperar a información: esquemas, resumos, etc.<br>– Participar en debates e contrastar as opinións persoais coas do resto dos compañeiros.<br>– Desenvolver o gusto pola aprendizaxe continua e a actualización permanente. |
| **SIEE** | – Asumir responsabilidades e tomar decisións con respecto á planificación do proceso de resolución das actividades propostas.<br>– Interpretar adecuadamente as particularidades de cada situación e de cada problema estudado.<br>– Saber argumentar de forma lóxica e coherente as explicacións dos conceptos e fenómenos estudados.<br>– Autorregular a propia aprendizaxe: tomar conciencia do que se sabe e do que falta por aprender; e realizar autoavaliacións do propio traballo. |

# III.- VINCULACIÓN: OBXECTIVOS - CONTIDOS - CRITERIOS DE AVALIACIÓN - ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE - COMPETENCIAS CLAVE

Concibida como materia común para todas as modalidades de bacharelato, ofrécelles aos alumnos e ás alumnas que chegan á vida adulta a posibilidade de coñeceren a historia de España de xeito continuo e sistemático.

Na distribución cronolóxica dos contidos outórgaselle unha maior importancia ao coñecemento da historia contemporánea española (séculos XVIII, XIX e XX), sen renunciar aos referidos ás etapas anteriores.

Para cada un dos contidos traballados teremos en conta os seguintes criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe, distribuídos en tres bloques de avaliación:

| | | |
|---|---|---|
| | Historia de España. 2º de Bacharelato | |

| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
|---|---|---|---|---|
| | **Bloque 0: Como se escribe a Historia. Criterios comúns** | | | |
| • d<br>• e<br>• g<br>• h<br>• i<br>• l<br>• m | • B0.1. Método histórico. Fontes e perspectivas. | • B0.1. Localizar fontes primarias (históricas) e secundarias (historiográficas) en bibliotecas, internet, etc., e extraer información salientable sobre o tratado, valorando criticamente a súa fiabilidade. | • HEB0.1.1. Procura información de interese (en libros e internet) sobre a importancia cultural e artística dun personaxe historicamente salientable, un feito ou un proceso histórico, e elabora unha breve exposición. | • CCL<br>• CD<br>• CAA<br>• CSC<br>• CSIEE<br>• CCEC |
| • d<br>• e<br>• h<br>• i<br>• l | • B0.2. Análise e comentario de fontes. | • B0.2. Elaborar mapas e liñas de tempo, localizando as fontes adecuadas, utilizando os datos proporcionados ou servíndose dos coñecementos xa adquiridos. | • HEB0.2.1. Representa unha liña do tempo situando nunha ringleira os principais acontecementos relativos a determinados feitos ou procesos históricos. | • CCL<br>• CAA<br>• CSC |
| • h<br>• i<br>• l | • B0.3. Utilidade das fontes. | • B0.3. Comentar e interpretar fontes primarias (históricas) e secundarias (historiográficas), relacionando a súa información cos coñecemen- | • HEB0.3.1. Responde a cuestións propostas a partir de fontes históricas e historiográficas. | • CMCCT<br>• CAA<br>• CSC |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | | tos previos. | | |
| • d<br>• e<br>• h<br>• i<br>• l | • B0.4. Mapas e liñas do tempo. | • B0.4. Recoñecer a utilidade das fontes para o/a historiador/a, á parte da súa fiabilidade. | • HEB0.4.1. Distingue o carácter das fontes históricas non só como información, senón tamén como proba para responder ás preguntas que se formulan os/as historiadores/as. | • CMCCT<br>• CAA<br>• CSC |
| | **Bloque 1. A Península Ibérica desde os primeiros humanos ata a desaparición da monarquía Visigoda (711)** | | | |
| • d<br>• e<br>• h<br>• i<br>• l<br>• n<br>• p | • B1.1. Da prehistoria á monarquía visigoda: prehistoria (evolución do Paleolítico ao Neolítico; pintura cantábrica e levantina; importancia da metalurxia); configuración das áreas celta e ibérica (Tartesos, indoeuropeos e colonizadores orientais; cultura castrexa); Hispania romana (conquista e romanización da Península; legado cultural romano; exemplo galego); monarquía visigoda (ruralización da economía; | • B1.1. Explicar as características dos principais feitos e procesos históricos da Península Ibérica desde a prehistoria ata a desaparición da monarquía visigoda, e identificar as súas causas e consecuencias. | • HEB1.1.1. Explica as diferenzas entre a economía e a organización social do Paleolítico e do Neolítico, e as causas do cambio. | • CCL<br>• CCS |
| | | | • HEB1.1.2. Identifica as diferenzas entre unha imaxe de pintura cantábrica e outra de pintura levantina. | • CCEC |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | poder da Igrexa e a nobreza). | | • HEB1.1.3. Describe os avances no coñecemento das técnicas metalúrxicas e explica as súas repercusións. | • CCL<br>• CMCCT<br>• CSC |
| | | | • HEB1.1.4. Resume as características principais do reino de Tartesos e cita as fontes históricas para o seu coñecemento. | • CCL<br>• CAA<br>• CSC |
| | | | • HEB1.1.5. Explica o diferente nivel de desenvolvemento das áreas celta e ibérica en vésperas da conquista romana en relación coa influencia recibida dos indoeuropeos, o reino de Tartesos e os colonizadores fenicios e gregos. | • CCL<br>• CSC<br>• CCEC |
| | | | • HEB1.1.6. Debuxa un mapa esquemático da Península Ibérica | • CAA |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | | | e delimita nel as áreas ibérica e celta. | • CSC |
| | | | • HEB1.1.7. Define o concepto de romanización e describe os medios empregados para levala a cabo. | • CCL<br>• CSC<br>• CCEC |
| | | | • HEB1.1.8. Compara o ritmo e grao de romanización dos territorios peninsulares. | • CCL<br>• CSC<br>• CCEC |
| | | | • HEB1.1.9. Resume as características da monarquía visigoda e explica por que alcanzou tanto poder a igrexa e a nobreza. | • CCL<br>• CSC |
| | | | • HEB1.1.10. Procura información de interese (en libros e internet) | • CCL |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | | | sobre o mantemento cultural e artístico do legado romano na España actual, e elabora unha breve exposición. | • CD<br>• CAA<br>• CSIEE<br>• CCEC |
| | | | • HEB1.1.11. Representa unha liña do tempo desde 250 a.C. ata 711 d.C., e sitúa nela os principais acontecementos históricos. | • CMCCT<br>• CAA<br>• CSC |
| | | | • HEB1.1.12. Partindo de fontes historiográficas, responde a cuestións ou situacións. | • CCL<br>• CSC |
| | **Bloque 2. A Idade Media: tres culturas e un mapa político en constante cambio (711-1474)** | | | |
| • d<br>• e<br>• h<br>• i | • B2.1. Al-Andalus: conquista musulmá da Península; evolución política de Al-Andalus; revitalización económica | • B2.1. Explicar a evolución dos territorios musulmáns na Península, describindo as súas etapas políticas e os cambios económicos, sociais | • HEB2.1.1. Explica as causas da invasión musulmá e da súa rápida ocupación da Península. | • CCL<br>• CSC |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| • n | e urbana; estrutura social; relixión, cultura e arte. | e culturais que introduciron. | • HEB2.1.2. Representa unha liña do tempo desde 711 ata 1474 e sitúa nunha ringleira os principais acontecementos relativos a Al-Andalus e noutra os relativos aos reinos cristiáns. | • CMCCT<br>• CAA<br>• CSC |
| | | | • HEB2.1.3. Describe a evolución política de Al-Andalus. | • CCL<br>• CSC |
| | | | • HEB2.1.4. Resume os cambios económicos, sociais e culturais introducidos polos musulmáns en Al-Andalus. | • CCL<br>• CSC<br>• CCEC |
| • d<br>• e<br>• h<br>• i | • B2.2. Os reinos cristiáns do século XIII ao XV: evolución política; nacemento das Cortes. Os | • B2.2. Explicar a evolución e configuración política dos reinos cristiáns, en relación co proceso de reconquista e o | • HEB2.2.1. Describe as grandes etapas e as causas xerais que conducen ao mapa político da Península Ibérica ao remate da | • CCL<br>• CSC |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| • p | reinos cristiáns na baixa Idade Media (séculos XIV e XV): diferente evolución e organización política das coroas de Castela, Aragón e Navarra. Proceso de reconquista e repoboación. | concepto patrimonial da monarquía. | Idade Media. | |
| | | | • HEB2.2.2. Explica a orixe das Cortes nos reinos cristiáns e as súas principais funcións. | • CCL<br>• CSC |
| | | | • HEB2.2.3. Compara a organización política da coroa de Castela, a de Aragón e o reino de Navarra ao remate da Idade Media. | • CCL<br>• CAA<br>• CSC |
| | | | • HEB2.2.4. Comenta o ámbito territorial e as características de cada sistema de repoboación, así como as súas causas e as súas consecuencias. | • CCL<br>• CAA<br>• CSC |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| • d<br>• e<br>• h<br>• i<br>• p | • B2.3. Os reinos cristiáns na Idade Media: réxime señorial e sociedade estamental. Tensións sociais. | • B2.3. Diferenciar as tres grandes fases da evolución económica dos reinos cristiáns durante toda a Idade Media (estancamento, expansión e crise), e sinalar os seus factores e as súas características. | • HEB2.3.1. Describe as grandes fases da evolución económica dos territorios cristiáns durante a Idade Media. | • CCL<br>• CSC |
| • d<br>• e<br>• h<br>• i<br>• p | • B2.4. Os reinos cristiáns na Idade Media: do estancamento á expansión económica. Crises agraria e demográfica. | • B2.4. Analizar a estrutura social dos reinos cristiáns e describir o réxime señorial e as características da sociedade estamental. | • HEB2.4.1. Explica a orixe e as características do réxime señorial e a sociedade estamental no ámbito cristián. | • CCL<br>• CMCCT<br>• CSC |
| • d<br>• e<br>• g<br>• h<br>• m<br>• n<br>• p | • B2.5. O Camiño de Santiago. Unha cultura plural: cristiáns, musulmáns e xudeus. Manifestacións artísticas. | • B2.5. Describir as relacións culturais de cristiáns, musulmáns e xudeus, e especificar as súas colaboracións e as influencias mutuas. | • HEB2.5.1. Describe o labor dos centros de tradución. | • CCL<br>• CSC<br>• CCEC |
| | | | • HEB2.5.2. Procura información de interese (en libros e internet) | • CCL<br>• CD |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | | | sobre a importancia cultural e artística do Camiño de Santiago, e elabora unha breve exposición. | • CAA<br>• CSIEE<br>• CCEC |
| | **Bloque 3. A formación da monarquía hispánica e a súa expansión mundial (1474-1700)** | | | |
| • d<br>• e<br>• h<br>• i<br>• p | • B3.1. Os Reis Católicos: unión dinástica de Castela e Aragón; reorganización do Estado; política relixiosa; conquista de Granada; descuberta de América; incorporación de Navarra; relacións con Portugal. | • B3.1. Analizar o reinado dos Reis Católicos como unha etapa de transición entre a Idade Media e a Idade Moderna, e identificar as reminiscencias medievais e os feitos salientables que abren o camiño á modernidade. | • HEB3.1.1. Define o concepto de unión dinástica aplicado a Castela e Aragón en tempos dos Reis Católicos e describe as características do novo Estado. | • CCL<br>• CSC |
| | | | • HEB3.1.2. Explica as causas e as consecuencias dos feitos máis relevantes de 1492. | • CCL<br>• CSC |
| | | | • HEB3.1.3. Analiza as relacións dos Reis Católicos con Portugal e os obxectivos que perseguían. | • CCL<br>• CAA<br>• CSC |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| • d<br>• e<br>• h<br>• i | • B3.2. Auxe do Imperio no século XVI: dominios de Carlos I e de Filipe II; modelo político dos Austrias; conflitos internos; conflitos relixiosos no seo do Imperio; conflitos exteriores; exploración e colonización de América e do Pacífico; política económica respecto a América; a revolución dos prezos e o custo do Imperio. | • B3.2. Explicar a evolución e a expansión da monarquía hispánica durante o século XVI, diferenciando os reinados de Carlos I e Filipe II. | • HEB3.2.1. Compara os imperios territoriais de Carlos I e de Filipe II, e explica os problemas que provocaron. | • CCL<br>• CAA<br>• CSC |
| | | | • HEB3.2.2. Explica a expansión colonial en América e no Pacífico durante o século XVI. | • CCL<br>• CSC |
| | | | • HEB3.2.3. Analiza a política respecto a América no século XVI e as súas consecuencias para España, Europa e a poboación americana. | • CCL<br>• CAA<br>• CSC |
| • d<br>• e<br>• h | • B3.3. Crise e decadencia do Imperio no século XVII: os validos; expulsión dos mouriscos; proxectos de reforma de | • B3.3. Explicar as causas e as consecuencias da decadencia da monarquía hispánica no século XVII, relacionando os problemas inter- | • HEB3.3.1. Describe a práctica do valemento e os seus efectos na crise da monarquía. | • CCL<br>• CSC |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| • i | Olivares; guerra dos Trinta Anos e perda da hexemonía en Europa en favor de Francia; rebelións de Cataluña e Portugal en 1640; Carlos II e o problema sucesorio; crise demográfica e económica. | nos, a política exterior e a crise económica e demográfica. | • HEB3.3.2. Explica os principais proxectos de reforma do Conde Duque de Olivares. | • CCL<br>• CSC |
| | | | • HEB3.3.3. Analiza as causas da guerra dos Trinta Anos e as súas consecuencias para a monarquía hispánica e para Europa. | • CCL<br>• CSC<br>• CAA |
| | | | • HEB3.3.4. Compara e comenta as rebelións de Cataluña e Portugal de 1640. | • CCL<br>• CSC<br>• CAA |
| | | | • HEB3.3.5. Explica os principais factores da crise demográfica e económica do século XVII, e as súas consecuencias. | • CCL<br>• CSC |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | | | • HEB3.3.6. Representa unha liña do tempo desde 1474 ata 1700, e sitúa nela os principais acontecementos históricos. | • CMCCT<br>• CAA<br>• CSC |
| • d<br>• e<br>• g<br>• h<br>• i<br>• m<br>• n<br>• p | • B3.4. Século de Ouro español: do Humanismo á Contrarreforma; Renacemento e Barroco na literatura e na arte. | • B3.4. Recoñecer as grandes achegas culturais e artísticas do Século de Ouro español, extraendo información de interese en fontes primarias e secundarias (en bibliotecas, internet, etc.). | • HEB3.4.1. Procura información de interese (en libros e internet) e elabora unha breve exposición sobre os seguintes pintores do Século de Ouro español: El Greco, Ribera, Zurbarán, Velázquez e Murillo. | • CCL<br>• CD<br>• CAA<br>• CSC<br>• CCEC |
| | **Bloque 4. España na órbita francesa: o reformismo dos primeiros Borbóns (1700-1788)** | | | |
| • d<br>• e<br>• h | • B4.1. Cambio dinástico e Guerra de Sucesión: unha contenda civil e europea; a Paz de Utrecht e o novo equilibrio europeo; os pactos de familia | • B4.1. Analizar a Guerra de Sucesión española como contenda civil e europea, e explicar as súas consecuencias para a política exterior española e a nova orde in- | • HEB4.1.1. Explica as causas da Guerra de Sucesión Española e a composición dos bandos en conflito. | • CCL<br>• CSC |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| • i | con Francia. | ternacional. | • HEB4.1.2. Representa unha liña do tempo desde 1700 ata 1788, e sitúa nela os principais acontecementos históricos. | • CMCCT<br>• CAA<br>• CSC |
| | | | • HEB4.1.3. Detalla as características da nova orde europea xurdida da Paz de Utrecht e o papel de España nela. | • CCL<br>• CSC |
| • d<br>• e<br>• h<br>• i<br>• p | • B4.2. Reformas institucionais: novo modelo de Estado; Administración en América; Facenda Real; relacións Igrexa-Estado. | • B4.2. Describir as características do novo modelo de Estado, especificando o alcance das reformas promovidas polos primeiros monarcas da dinastía borbónica. | • HEB4.2.1. Define os decretos de nova planta e explica a súa importancia na configuración do novo Estado borbónico. | • CCL<br>• CSC |
| | | | • HEB4.2.2. Elabora un esquema comparativo do modelo político dos Austrias e dos Borbóns. | • CCL<br>• CSC<br>• CAA |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | | | • HEB4.2.3. Explica as medidas que adoptaron ou proxectaron os primeiros Borbóns para sanear a Facenda Real. | • CCL<br>• CSC |
| | | | • HEB4.2.4. Describe as relacións Igrexa-Estado e as causas da expulsión dos xesuítas. | • CCL<br>• CSC |
| • d<br>• e<br>• h<br>• i<br>• m<br>• p | • B4.3. Economía e política económica: recuperación demográfica; problemas da agricultura, a industria e o comercio; liberalización do comercio con América. | • B4.3. Comentar a situación inicial dos sectores económicos, detallando os cambios introducidos e os obxectivos da nova política económica. | • HEB4.3.1. Compara a evolución demográfica do século XVIII coa da centuria anterior. | • CCL<br>• CSC<br>• CAA |
| | | | • HEB4.3.2. Desenvolve os principais problemas da agricultura e as medidas impulsadas por Carlos III neste sector. | • CCL<br>• CSC |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | | | • HEB4.3.3. Explica a política industrial da monarquía e as medidas adoptadas respecto ao comercio con América. | • CCL<br>• CSC |
| • d<br>• e<br>• h<br>• i<br>• m<br>• p | • B4.4. Engalaxe económica de Cataluña. Estancamento económico de Galicia. | • B4.4. Explicar a engalaxe económica de Cataluña, en comparación coa evolución económica do resto de España. | • HEB4.4.1. Especifica as causas da engalaxe económica de Cataluña no século XVIII. | • CCL<br>• CSC |
| • d<br>• e<br>• h<br>• i<br>• p | • B4.5. A Ilustración en España e Galicia: proxectistas, anovadores e ilustrados; despotismo ilustrado; novo concepto de educación; Sociedades Económicas de Amigos do País; prensa periódica. | • B4.5. Expor os conceptos fundamentais do pensamento ilustrado, identificando as súas vías de difusión. | • HEB4.5.1. Comenta as ideas fundamentais da Ilustración e define o concepto de despotismo ilustrado. | • CCL<br>• CAA<br>• CSC<br>• CCEC |
| | | | • HEB4.5.2. Razoa a importancia das Sociedades Económicas de Amigos do País e da prensa periódica na difusión dos valores | • CCL<br>• CSC |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | | | da Ilustración. | • CCEC |
| | **Bloque 5. A crise do Antigo Réxime (1788-1833): Liberalismo fronte a Absolutismo** | | | |
| • d<br>• e<br>• h<br>• i<br>• p | • B5.1. Impacto da Revolución Francesa: relacións entre España e Francia; Guerra da Independencia. | • B5.1. Analizar as relacións entre España e Francia desde a Revolución Francesa ata a Guerra da Independencia, e especificar en cada fase os principais acontecementos e as súas repercusións para España. | • HEB5.1.1. Resume os cambios que experimentan as relacións entre España e Francia desde a Revolución Francesa ata o comezo da Guerra de Independencia. | • CCL<br>• CSC |
| | | | • HEB5.1.2. Describe a Guerra da Independencia: as súas causas, a composición dos bandos en conflito e o desenvolvemento dos acontecementos. | • CCL<br>• CSC |
| • a<br>• d<br>• e<br>• h<br>• i | • B5.2. Primeiro intento de revolución liberal, Cortes de Cádiz e Constitución | • B5.2. Comentar o labor lexislador das Cortes de Cádiz, en relación co ideario do li- | • HEB5.2.1. Compara as Cortes de Cádiz coas estamentais do Antigo Réxime. | • CCL<br>• CSC<br>• CAA |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| • p | de 1812. | beralismo. | • HEB5.2.2. Comenta as características esenciais da Constitución de 1812. | • CCL<br>• CSC<br>• CAA |
| • d<br>• e<br>• h<br>• i<br>• p | • B5.3. Reinado de Fernando VII: restauración do absolutismo; trienio liberal; reacción absolutista. | • B5.3. Describir as fases do reinado de Fernando VII, e explicar os principais feitos de cada unha. | • HEB5.3.1. Detalla as fases do conflito entre liberais e absolutistas durante o reinado de Fernando VII. | • CCL<br>• CSC |
| | | | • HEB5.3.2. Define o carlismo e resume a súa orixe e os apoios con que contaba inicialmente. | • CCL<br>• CSC |
| | | | • HEB5.3.3. Representa unha liña do tempo desde 1788 ata 1833 e sitúa nela os principais acontecementos históricos. | • CMCCT<br>• CAA<br>• CSC |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | | | • HEB5.3.4. Representa nun esquema as diferenzas, en canto a sistema político e estrutura social, entre o Antigo Réxime e o réxime liberal burgués. | • CCL<br>• CAA<br>• CSC |
| • d<br>• e<br>• h<br>• i | • B5.4. Emancipación da América española: protagonismo crioulo; fases do proceso; repercusións para España. | • B5.4. Explicar o proceso de independencia das colonias americanas, diferenciando as súas causas e as súas fases, así como as repercusións económicas para España. | • HEB5.4.1. Explica as causas e o desenvolvemento do proceso de independencia das colonias americanas. | • CCL<br>• CSC |
| | | | • HEB5.4.2. Especifica as repercusións económicas para España da independencia das colonias americanas. | • CCL<br>• CSC |
| • d<br>• e<br>• g<br>• h<br>• i | • B5.5. A obra de Goya como testemuño da época. | • B5.5. Relacionar as pinturas e os gravados de Goya cos acontecementos deste período, e identificar nelas o reflexo da situación e os feitos | • HEB5.5.1. Procura información de interese (en libros e internet) sobre Goya e elabora unha breve exposición sobre a súa visión | • CCL<br>• CD<br>• CSC |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| • l<br>• m<br>• n | | contemporáneos. | da guerra. | • CCEC |
| | **Bloque 6. A conflitiva construción do Estado liberal (1833-1874)** | | | |
| • d<br>• e<br>• h<br>• i<br>• p | • B6.1. O carlismo como derradeiro bastión absolutista: ideario e apoios sociais; as dúas primeiras guerras carlistas. | • B6.1. Describir o fenómeno do carlismo como resistencia absolutista fronte á revolución liberal, analizando os seus compoñentes ideolóxicos, as súas bases sociais, a súa evolución no tempo e as súas consecuencias. | • HEB6.1.1. Identifica o ámbito xeográfico do carlismo e explica o seu ideario e os seus apoios sociais. | • CAA<br>• CSC |
| | | | • HEB6.1.2. Especifica as causas e consecuencias das dúas primeiras guerras carlistas. | • CCL<br>• CSC |
| | | | • HEB6.1.3. Representa unha liña do tempo desde 1833 ata 1874 e sitúa nela os principais acontecementos históricos. | • CMCCT<br>• CAA<br>• CSC |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| • d<br>• e<br>• h<br>• i<br>• p | • B6.2. Triunfo e consolidación do liberalismo no reinado de Isabel II: primeiros partidos políticos; protagonismo político dos militares; lexislación económica de signo liberal; nova sociedade de clases. | • B6.2. Analizar a transición definitiva do Antigo Réxime ao réxime liberal burgués durante o reinado de Isabel II, explicar o protagonismo dos militares e especificando os cambios políticos, económicos e sociais. | • HEB6.2.1. Describe as características dos partidos políticos que xurdiron durante o reinado de Isabel II. | • CCL<br>• CSC |
| | | | • HEB6.2.2. Resume as etapas da evolución política do reinado de Isabel II desde a súa minoría de idade, e explica o papel dos militares. | • CCL<br>• CSC |
| | | | • HEB6.2.3. Explica as medidas de liberalización do mercado da terra levadas a cabo durante o reinado de Isabel II. | • CCL<br>• CAA<br>• CSC |
| | | | • HEB6.2.4. Compara as desamortizacións de Mendizábal e Madoz, e especifica os obxecti- | • CCL<br>• CAA<br>• CSC |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | | | vos dunha e outra. | |
| | | | • HEB6.2.5. Especifica as características da nova sociedade de clases e compáraa coa sociedade estamental do Antigo Réxime. | • CCL<br>• CSC<br>• CCEC |
| • d<br>• e<br>• h<br>• i | • B6.3. Proceso constitucional. | • B6.3. Explicar o proceso constitucional durante o reinado de Isabel II, en relación coas correntes ideolóxicas dentro do liberalismo e a súa loita polo poder. | • HEB6.3.1. Compara o Estatuto Real de 1834 e as Constitucións de 1837 e 1845. | • CCL<br>• CAA<br>• CSC |
| • d<br>• e<br>• h<br>• i | • B6.4. Sexenio Democrático: revolución de 1868 e caída da monarquía isabelina; procura de alternativas políticas e | • B6.4. Explicar o Sexenio Democrático como período de procura de alternativas democráticas á monarquía isabelina, especificando os | • HEB6.4.1. Explica as etapas políticas do Sexenio Democrático. | • CCL<br>• CSC |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| • p | monarquía de Amadeo I; primeira República; guerra de Cuba, terceira guerra carlista e insurrección cantonal. | grandes conflitos internos e externos que desestabilizaron o país. | • HEB6.4.2. Describe as características esenciais da Constitución democrática de 1869. | • CCL<br>• CSC |
| | | | • HEB6.4.3. Identifica os grandes conflitos do sexenio e explica as súas consecuencias políticas. | • CAA<br>• CSC |
| • c<br>• d<br>• e<br>• h<br>• i<br>• p | • B6.5. Inicios do movemento obreiro español: condicións de vida da poboación obreira e labrega; a Asociación Internacional de Traballadores e o xurdimento das correntes anarquista e socialista. | • B6.5. Describir as condicións de vida das clases traballadoras e os inicios do movemento obreiro en España, en relación co desenvolvemento do movemento obreiro internacional. | • HEB6.5.1. Relaciona a evolución do movemento obreiro español durante o Sexenio Democrático coa do movemento obreiro internacional. | • CCL<br>• CAA<br>• CSC |
| | **Bloque 7. A Restauración Borbónica: implantación e afianzamento dun novo sistema político (1874-1902)** | | | |
| • d | • B7.1. Teoría e realidade | • B7.1. Explicar o sistema polí- | • HEB7.1.1. Explica os elementos | • CCL |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| • e<br>• h<br>• i<br>• p | do sistema canovista: inspiración no modelo inglés; a Constitución de 1876 e o bipartidismo; quenda de partidos, caciquismo e fraude electoral. | tico da Restauración, distinguindo a súa teoría e o seu funcionamento real. | fundamentais do sistema político ideado por Cánovas. | • CAA<br>• CSC |
| | | | • HEB7.1.2. Especifica as características esenciais da Constitución de 1876. | • CCL<br>• CSC |
| | | | • HEB7.1.3. Describe o funcionamento real do sistema político da Restauración. | • CCL<br>• CSC |
| | | | • HEB7.1.4. Representa unha liña do tempo desde 1874 ata 1902 e sitúa nela os principais acontecementos históricos. | • CMCCT<br>• CAA<br>• CSC |
| • d<br>• e | • B7.2. Oposición ao sistema: catalanismo, nacionalismo vasco, rexio- | • B7.2. Analizar os movementos políticos e sociais excluídos do sistema, especifican- | • HEB7.2.1. Resume a orixe e a evolución do catalanismo, o nacionalismo vasco e o rexiona- | • CCL<br>• CSC |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| • h<br>• i<br>• p | nalismo galego e movemento obreiro. | do a súa evolución durante o período estudado. | lismo galego. | • CCEC |
| | | | • HEB7.2.2. Analiza as correntes ideolóxicas do movemento obreiro e labrego español, así como a súa evolución durante o derradeiro cuarto do século XIX. | • CCL<br>• CAA<br>• CSC<br>• CCEC |
| • d<br>• e<br>• h<br>• i | • B7.3. Éxitos políticos: estabilidade e consolidación do poder civil; liquidación do problema carlista; solución temporal do problema de Cuba. | • B7.3. Describir os principais logros do reinado de Afonso XII e a rexencia de María Cristina, inferindo as súas repercusións na consolidación do novo sistema político. | • HEB7.3.1. Compara o papel político dos militares no reinado de Afonso XII co das etapas precedentes do século XIX. | • CCL<br>• CAA<br>• CSC |
| | | | • HEB7.3.2. Describe a orixe, o desenvolvemento e as repercusións da terceira guerra carlista. | • CCL<br>• CSC |
| • d | • B7.4. Perda das derradeiras colonias e crise | • B7.4. Explicar o desastre colonial e a crise do 98, identi- | • HEB7.4.1. Explica a política española respecto ao problema de | • CCL |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| • e<br>• h<br>• i | de 1898: guerra de Cuba e con Estados Unidos; Tratado de París; rexeneracionismo. | ficando as súas causas e as súas consecuencias. | Cuba. | • CSC |
| | | | • HEB7.4.2. Sinala os principais feitos do desastre colonial de 1898 e as consecuencias territoriais do Tratado de París. | • CCL<br>• CSC |
| | | | • HEB7.4.3. Especifica as consecuencias para España da crise do 98 nos ámbitos económico, político e ideolóxico. | • CCL<br>• CSC<br>• CCEC |
| | **Bloque 8. Continuidade e transformacións económicas no século XIX: un desenvolvemento insuficiente** | | | |
| • d<br>• e<br>• h<br>• i<br>• l<br>• p | • B8.1. Lento crecemento da poboación: mantemento dun réxime demográfico antigo; excepción de Cataluña. | • B8.1. Explicar a evolución demográfica de España ao longo do século XIX, comparando o crecemento da poboación española no seu conxunto co de Cataluña e o dos países máis avanzados | • HEB8.1.1. Identifica os factores do lento crecemento demográfico español no século XIX. | • CCL<br>• CSC |
| | | | • HEB8.1.2. Compara a evolución | • CCL |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | | de Europa. | demográfica de Cataluña coa do resto de España no século XIX. | • CAA<br>• CSC |
| • d<br>• e<br>• h<br>• i<br>• l<br>• p | • B8.2. Economía española no XIX: agricultura protexida e estancada (efectos das desamortizacións; baixos rendementos); deficiente industrialización (industria téxtil catalá, siderurxia e a minaría); dificultades dos transportes (condicionamentos xeográficos; rede de ferrocarrís); comercio (proteccionismo fronte a librecambismo); finanzas (a peseta como unidade monetaria; desenvolvemento da banca moderna; problemas da Facenda; investimentos estranxeiros. O caso galego. | • B8.2. Analizar os sectores económicos e especificar a situación herdada, as transformacións de signo liberal e as consecuencias que se derivan delas. | • HEB8.2.1. Explica os efectos económicos das desamortizacións de Mendizábal e Madoz. | • CCL<br>• CSC |
| | | | • HEB8.2.2. Especifica as causas dos baixos rendementos da agricultura española do século XIX. | • CCL<br>• CSC |
| | | | • HEB8.2.3. Describe a evolución da industria téxtil catalá, a siderurxia e a minaría ao longo do | • CCL<br>• CSC |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | | | século XIX. | |
| | | | • HEB8.2.4. Compara a revolución industrial española coa dos países máis avanzados de Europa. | • CCL<br>• CAA<br>• CSC |
| | | | • HEB8.2.5. Relaciona as dificultades do transporte e o comercio interior cos condicionamentos xeográficos. | • CCL<br>• CAA<br>• CSC |
| | | | • HEB8.2.6. Explica os obxectivos da rede ferroviaria e as consecuencias da lei xeral de ferrocarrís de 1855. | • CCL<br>• CSC |
| | | | • HEB8.2.7. Compara os apoios, os argumentos e as actuacións | • CCL<br>• CAA |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | | | de proteccionistas e librecambistas ao longo do século XIX. | • CSC |
| | | | • HEB8.2.8. Explica o proceso que conduciu á unidade monetaria e á banca moderna. | • CCL<br>• CSC |
| | | | • HEB8.2.9. Explica a reforma Mon-Santillán da Facenda pública e os seus efectos. | • CCL<br>• CSC |
| | | | • HEB8.2.10. Especifica como os investimentos en España de Francia e de Inglaterra afectaron o modelo de desenvolvemento económico español durante o século XIX. | • CCL<br>• CSC |

| | **Bloque 9. A crise do sistema da Restauración e a caída da monarquía (1902-1931)** | | | |
|---|---|---|---|---|
| • d<br>• e<br>• h<br>• i<br>• p | • B9.1. Intentos de modernización do sistema: revisionismo político dos primeiros gobernos de Afonso XIII; oposición de republicanos e nacionalistas cataláns, vascos, galegos e andaluces. | • B9.1. Relacionar o rexeneracionismo xurdido da crise do 98 co revisionismo político dos primeiros gobernos, e especificar as súas actuacións máis importantes. | • HEB9.1.1. Define en que consistiu o revisionismo político inicial do reinado de Afonso XIII, e as principais medidas adoptadas. | • CCL<br>• CSC |
| | | | • HEB9.1.2. Representa unha liña do tempo desde 1902 ata 1931, e sitúa nela os principais acontecementos históricos. | • CMCCT<br>• CAA<br>• CSC |
| | | | • HEB9.1.3. Elabora un esquema cos factores internos e externos da quebra do sistema político da Restauración. | • CCL<br>• CAA<br>• CSC |
| • d<br>• e | • B9.2. Quebra do sistema: impacto dos acontecementos exteriores (in- | • B9.2. Analizar as causas da quebra do sistema político da Restauración e identificar | • HEB9.2.1. Especifica a evolución das forzas políticas de oposición ao sistema: republi- | • CCL |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| • h<br>• i | tervención en Marrocos; I Guerra Mundial; Revolución Rusa); crecente axitación social (Semana Tráxica de Barcelona; crise xeral de 1917; "trienio bolchevique" en Andalucía). | os factores internos e os externos. | canos e nacionalistas. | • CSC |
| | | | • HEB9.2.2. Explica as repercusións da I Guerra Mundial e da Revolución Rusa en España. | • CCL<br>• CSC |
| | | | • HEB9.2.3. Analiza as causas, os principais feitos e as consecuencias da intervención de España en Marrocos entre 1904 e 1927. | • CCL<br>• CSC |
| | | | • HEB9.2.4. Analiza a crise xeral de 1917: as súas causas, manifestacións e consecuencias. | • CCL<br>• CSC |
| • d<br>• e | • B9.3. Ditadura de Primo de Rivera: directorio militar e directorio civil; re- | • B9.3. Explicar a ditadura de Primo de Rivera como solución autoritaria á crise do | • HEB9.3.1. Especifica as causas do golpe de estado de Primo de Rivera e os apoios con que con- | • CCL |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| • h<br>• i | mate da guerra de Marrocos; caída da ditadura; afundimento da monarquía. | sistema, e describir as súas características, etapas e actuacións. | tou inicialmente. | • CSC |
| | | | • HEB9.3.2. Describe a evolución da ditadura de Primo de Rivera, desde o directorio militar ao directorio civil e o seu remate. | • CCL<br>• CSC |
| | | | • HEB9.3.3. Explica as causas da caída da monarquía. | • CCL<br>• CSC |
| • d<br>• e<br>• h<br>• i<br>• p | • B9.4. Crecemento económico e cambios demográficos no primeiro terzo do século: efectos da Guerra Mundial na economía española; intervencionismo estatal da ditadura; transición ao réxime demográfico moderno; movementos migratorios; transvasa- | • B9.4. Explicar a evolución económica e demográfica no primeiro terzo do século XX, en relación coa situación herdada do século XIX. | • HEB9.4.1. Analiza os efectos da I Guerra Mundial sobre a economía española. | • CCL<br>• CSC |
| | | | • HEB9.4.2. Describe a política económica da ditadura de Primo | • CCL |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | mento de poboación da agricultura á industria. | | de Rivera. | • CSC |
| | | | • HEB9.4.3. Explica os factores da evolución demográfica de España no primeiro terzo do século XX. | • CCL<br>• CSC |
| | **Bloque 10. A II República. A Guerra Civil nun contexto de crise internacional (1931-1939)** | | | |
| • d<br>• e<br>• h<br>• i | • B10.1. A II República como solución democrática ao afundimento do sistema da Restauración. | • B10.1. Explicar a II República como solución democrática ao afundimento do sistema político da Restauración, enmarcándoa no contexto internacional de crise económica e conflitividade social. | • HEB10.1.1. Explica as causas que levaron á proclamación da II República e relaciona as súas dificultades coa crise económica mundial dos anos 30. | • CCL<br>• CAA<br>• CSC |
| | | | • HEB10.1.2. Diferencia as forzas de apoio e oposición á República nos seus comezos, e describe as súas razóns e as principais actuacións. | • CCL<br>• CAA<br>• CSC |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| • a<br>• b<br>• d<br>• e<br>• h<br>• i<br>• p | • B10.2. Evolución política durante a II República: bienio reformista (Constitución de 1931; política de reformas; Estatuto de Cataluña; forzas de oposición á República); bienio radical-cedista (política restauradora e radicalización popular; revolución de Asturias); Fronte Popular (primeiras actuacións do Goberno; preparación do golpe militar). | • B10.2. Diferenciar as etapas da República ata o comezo da Guerra Civil, especificando os feitos e as actuacións principais en cada unha. | • HEB10.2.1. Resume as reformas impulsadas durante o bienio reformista da República. | • CCL<br>• CSC |
| | | | • HEB10.2.2. Especifica as características esenciais da Constitución de 1931. | • CCL<br>• CSC |
| | | | • HEB10.2.3. Analiza o proxecto de reforma agraria: as súas razóns, o seu desenvolvemento e os seus efectos. | • CCL<br>• CSC |
| | | | • HEB10.2.4. Compara as actuacións do bienio radical-cedista coas do bienio anterior. | • CCL<br>• CSC<br>• CAA |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | | | • HEB10.2.5. Describe as causas, o desenvolvemento e as consecuencias da Revolución de Asturias de 1934. | • CCL<br>• CSC |
| | | | • HEB10.2.6. Explica as causas da formación da Fronte Popular e as actuacións tras o seu triunfo electoral, ata o comezo da guerra. | • CCL<br>• CSC |
| • b<br>• d<br>• e<br>• h<br>• i<br>• p | • B10.3. Guerra Civil: sublevación e desenvolvemento da guerra; dimensión internacional do conflito; evolución das dúas zonas; consecuencias da guerra. | • B10.3. Analizar a Guerra Civil, identificando as súas causas e as consecuencias, a intervención internacional e o curso dos acontecementos nas dúas zonas. | • HEB10.3.1. Especifica os antecedentes da Guerra Civil. | • CCL<br>• CSC |
| | | | • HEB10.3.2. Relaciona a Guerra Civil española co contexto internacional. | • CCL<br>• CAA<br>• CSC |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | | | • HEB10.3.3. Compara a evolución política e a situación económica dos dous bandos durante a guerra. | • CCL<br>• CAA<br>• CSC |
| | | | • HEB10.3.4. Especifica os custos humanos e as consecuencias económicas e sociais da guerra. | • CCL<br>• CSC |
| | | | • HEB10.3.5. Sintetiza nun esquema as grandes fases da guerra, desde o punto de vista militar. | • CCL<br>• CSC |
| | | | • HEB10.3.6. Representa unha liña do tempo desde 1931 ata 1939, e sitúa nela os principais acontecementos históricos. | • CMCCT<br>• CAA<br>• CSC |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| • d<br>• e<br>• g<br>• h<br>• i<br>• m<br>• n<br>• p | • B10.4. Idade de Prata da cultura española: da xeración do 98 á do 36. | • B10.4. Valorar a importancia da Idade de Prata da cultura española, e expor as achegas das xeracións e das figuras máis representativas. | • HEB10.4.1. Procura información de interese (en libros e internet) e elabora unha breve exposición sobre a Idade de Prata da cultura española. | • CCL<br>• CD<br>• CAA<br>• CSC<br>• CSIEE<br>• CCEC |
| | **Bloque 11. A ditadura franquista (1939-1975)** | | | |
| • b<br>• c<br>• d<br>• e<br>• h<br>• i<br>• p | • B11.1. Características e evolución do franquismo: postguerra (grupos ideolóxicos e apoios sociais do franquismo; oscilantes relacións co exterior; configuración política do novo Estado; represión política; autarquía económica); anos do "desenvolvemento" (plans de desenvolvemento e o crecemento | • B11.1. Analizar as características do franquismo e a súa evolución no tempo e especificar as transformacións políticas, económicas e sociais que se produciron, en relación coa cambiante situación internacional. | • HEB11.1.1. Elabora un esquema cos grupos ideolóxicos e os apoios sociais do franquismo na súa etapa inicial. | • CCL<br>• CAA<br>• CSC |
| | | | • HEB11.1.2. Diferencia etapas na evolución de España durante o franquismo, e resume os trazos | • CCL<br>• CAA |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | económico; transformacións sociais; reafirmación política do réxime; política exterior; crecente oposición ao franquismo); fin do franquismo (inestabilidade política; dificultades exteriores; efectos da crise económica internacional de 1973). | | esenciais de cada unha. | • CSC |
| | | | • HEB11.1.3. Explica a organización política do Estado franquista. | • CCL<br>• CSC |
| | | | • HEB11.1.4. Explica as relacións exteriores, a evolución política e a situación económica de España desde o remate da Guerra Civil ata 1959. | • CCL<br>• CSC |
| | | | • HEB11.1.5. Explica as relacións exteriores, a evolución política e as transformacións económicas e sociais de España desde 1959 ata 1973. | • CCL<br>• CSC |
| | | | • HEB11.1.6. Especifica as cau- | • CCL |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | | | sas da crise final do franquismo desde 1973. | • CSC |
| | | | • HEB11.1.7. Relaciona a evolución política do réxime cos cambios que se producen no contexto internacional. | • CCL<br>• CSC<br>• CAA |
| | | | • HEB11.1.8. Explica a política económica do franquismo nas súas etapas e a evolución económica do país. | • CCL<br>• CSC |
| | | | • HEB11.1.9. Describe as transformacións que experimenta a sociedade española durante os anos do franquismo, así como as súas causas. | • CCL<br>• CSC |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | | | • HEB11.1.10. Especifica os grupos de oposición política ao réxime franquista e comenta a súa evolución no tempo. | • CCL<br>• CSC |
| | | | • HEB11.1.11. Representa unha liña do tempo desde 1939 ata 1975, e sitúa nela os principais acontecementos históricos. | • CMCCT<br>• CAA<br>• CSC |
| • b<br>• d<br>• e<br>• g<br>• h<br>• i<br>• m<br>• p | • B11.2. Cultura española durante o franquismo: cultura oficial; cultura do exilio; cultura interior á marxe do sistema. | • B11.2. Describir a diversidade cultural do período, distinguindo as súas manifestacións. | • HEB11.2.1. Procura información de interese (en libros e internet) e elabora unha breve exposición sobre a cultura do exilio durante o franquismo. | • CCL<br>CD<br>• CSIEE<br>CCEC |
| | **Bloque 12. Normalización democrática de España e integración en Europa (desde 1975)** | | | |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| • a<br>• b<br>• d<br>• e<br>• h<br>• i<br>• p | • B12.1. Transición á democracia: crise económica mundial; alternativas políticas ao franquismo, continuísmo, reforma ou ruptura; o papel do Rei; a lei para a reforma política; primeiras eleccións democráticas. | • B12.1. Describir as dificultades da transición á democracia desde o franquismo nun contexto de crise económica, e explicar as medidas que permitiron a celebración das primeiras eleccións democráticas. | • HEB12.1.1. Explica as alternativas políticas que se propuñan tras a morte de Franco, e quen defendía cada unha. | • CCL<br>• CSC |
| | | | • HEB12.1.2. Describe o papel desempeñado polo Rei durante a transición. | • CCL<br>• CSC |
| | | | • HEB12.1.3. Describe as actuacións impulsadas polo presidente de Goberno Adolfo Suárez para a reforma política do réxime franquista: lei para a reforma política de 1976, lei de amnistía de 1977, etc. | • CCL<br>• CSC |
| | | | • HEB12.1.4. Explica as causas e os obxectivos dos Pactos da | • CCL<br>• CSC |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | | | Moncloa. | |
| • a<br>• b<br>• c<br>• d<br>• e<br>• h<br>• i<br>• p | • B12.2. Período constituínte: Pactos da Moncloa; preautonomías de Cataluña e o País Vasco; Constitución de 1978 e Estado das autonomías. O caso de Galicia. | • B12.2. Caracterizar o novo modelo de Estado democrático establecido na Constitución de 1978, especificando as actuacións previas encamiñadas a alcanzar o máis amplo acordo social e político. | • HEB12.2.1. Explica o proceso de elaboración e aprobación da Constitución de 1978 e as súas características esenciais. | • CCL<br>• CSC |
| | | | • HEB12.2.2. Describe como se estableceron as preautonomías de Cataluña e o País Vasco. | • CCL<br>• CSC |
| • a<br>• b<br>• c<br>• d<br>• e<br>• h<br>• i | • B12.3. Gobernos constitucionais: problema do terrorismo; golpe de Estado frustrado de 1981; ingreso na OTAN; plena integración en Europa. | • B12.3. Analizar a evolución económica, social e política de España desde o primeiro Goberno constitucional de 1979 ata a aguda crise económica iniciada en 2008, sinalando as ameazas máis salientables ás que se enfronta e os efectos da plena integración en Europa. | • HEB12.3.1. Elabora un esquema coas etapas políticas desde 1979 ata a actualidade, segundo o partido no poder, e sinala os principais acontecementos de cada unha delas. | • CCL<br>• CAA<br>• CSC |
| | | | • HEB12.3.2. Comenta os feitos | • CCL |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | | | máis salientables do proceso de integración en Europa e as consecuencias para España desta integración. | • CAA<br>• CSC |
| | | | • HEB12.3.3. Analiza a evolución económica e social de España desde a segunda crise do petróleo en 1979 ata o comezo da crise financeira mundial de 2008. | • CCL<br>• CSC |
| | | | • HEB12.3.4. Analiza o impacto da ameaza terrorista sobre a normalización democrática de España, describe a xénese e evolución das organizacións terroristas que actuaron desde a transición democrática ata os nosos días (ETA, GRAPO, etc.) e reflexiona sobre outros temas relacionados: a cidadanía ameazada, os movementos asociativos de vítimas, a mediación en conflitos, etc. | • CCL<br>• CSC |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | | | • HEB12.3.5. Representa unha liña do tempo desde 1975 ata os nosos días, e sitúa nela os principais acontecementos históricos. | • CMCCT<br>• CAA<br>• CSC |
| • a<br>• b<br>• d<br>• e<br>• h | • B12.4. Papel de España no mundo actual. | • B12.4. Resumir o papel de España no mundo actual, especificando a súa posición na Unión Europea e as súas relacións con outros ámbitos xeopolíticos. | • HEB12.4.1. Explica a posición e o papel da España actual na Unión Europea e no mundo. | • CCL<br>• CSC |

# IV.- TEMPORALIZACIÓN

A temporalización poderáse alterar en función da marcha do curso, según evolucionen as condicións provocadas pola COVID-19. Pero procurando sempre, independentemente dos escenarios que poidamos ter (presencial/semipresencial/non presencial) axustarnos á seguinte temporalización

**PRIMEIRA AVALIACION**

- **Bloque 1. A Península Ibérica desde os primeiros humanos ata a desaparición da monarquía Visigoda (711)**
- **Bloque 4. España na órbita francesa: o reformismo dos primeiros Borbóns (1700-1788)**
- **Bloque 5. A crise do Antigo Réxime (1788-1833): Liberalismo fronte a Absolutismo**
- **Bloque 6. A conflitiva construción do Estado liberal (1833-1874)**

**SEGUNDA AVALIACIÓN**

- **Bloque 2. A Idade Media: tres culturas e un mapa político en constante cambio (711-1474**
- **Bloque 7. A Restauración Borbónica: implantación e afianzamento dun novo sistema político (1874-1902)**
- **Bloque 8. Continuidade e transformacións económicas no século XIX: un desenvolvemento insuficiente**
- **Bloque 9. A crise do sistema da Restauración e a caída da monarquía (1902-1931)**

**TERCEIRA AVALIACION**

- **Bloque 3. A formación da monarquía hispánica e a súa expansión mundial (1474-1700)**

- **Bloque 10. A II República. A Guerra Civil nun contexto de crise internacional (1931-1939)**
- **Bloque 11. A ditadura franquista (1939-1975)**
- **Bloque 12. Normalización democrática de España e integración en Europa (desde 1975)**

# V.- METODOLOXÍA

## A) ESTRATEXIAS METODOLÓXICAS XERAIS

Sendo o obxectivo último o achegamento do alumnado ós feitos e procesos histórico- xeográficos, combinaranse metodoloxía expositiva, e de indagación. Os contidos traballaranse priorizando as actividades de tipo procedemental, para asegurar unhas bases sólidas para o resto do tempo, e no caso da Historia de España, este método é aplicable tanto ao ensino presencial, semipresencial, e non presencial. O enfoque estará claramente orientado á realización de tarefas e á resolución de problemas.

Potenciaremos as actividades nas que o alumnado teña que esforzarse por usar a súa capacidade de análise, sobre todo aquelas que forman parte do exame da ABAU (comentario de diversas fontes históricas, destacando as de texto e composición histórica). As TIC tamén estarán presentes na aula na medida en que os recursos o permitan.

**Estratexias metodolóxicas**

♣ Organización dos contidos por medio de esquemas e sínteses, ata acadar a realización de organigramas e mapas conceptuais.
♣ Corrección na expresión cunha linguaxe específica da disciplina.

♣ Comprensión dos contidos dentro dun proceso continuo de construción dos coñecementos. Elaboración de traballos de indagación a partir de fontes diversas (escritas, mapas, imaxes, audiovisuais, informáticas…).

As estratexias metodolóxicas, expositivas e de indagación, estarán en función do tipo de contido que se traballe. Algúns contidos poden ser aprendidos mediante a utilización de estratexias de indagación. Outros contidos máis abstractos e complexos, de carácter teórico, requiren estratexias expositivas; son os relativos a cuestión ideolóxicas, modelos políticos, económicos....

En todo caso, o desexable é un uso combinado de estratexias, que a exposición se apoie en actividades de indagación e as actividades de indagación se acompañe de exposicións con informacións atractivas.

**NOTA ACLARATORIA XERAL:**

**AÍNDA QUE XA ESTAMOS COMEZANDO O TERCEIRO CURSO COMPLETO CON PANDEMIA, ÉSTA MOSTRA SIGNOS DE IR REMITINDO RÁPIDAMENTE POLO QUE, AÍNDA SENDO CONSCENTES DE QUE O ESCENARIO MAIS PROBABLE É O DE PRESENCIALIDADE, POR PRUDENCIA, MANTEMOS OS TRES SUPOSTOS DE PRESENCIALIDADE, SEMIPRESENCIALIDADE, E ENSINO NON PRESENCIAL.**

**ENSINANZA PRESENCIAL:**

a).- Realizarase en cada unidade didáctica unha exposición dos principais conceptos, acontecementos históricos, para que o alumnado teña unha visión xeral podendo enlazar unas unidades con outras e xustificando a importancia dos contidos.

b).- A exposición apoiarase en exemplos prácticos coa utilización de diferentes fontes históricas e actividades que fomenten a participación e a reflexión dos alumnos e alumnas.

c).- Uso de recursos que apoien a exposición docente, usando na medida do posible as tecnoloxías da información e a comunicación e utilizando medios audiovisuais ou informáticos. (power point, videos, gráficas, mapas de diversos tipos)

d).- Traballo das seguintes técnicas do método histórico: análise e comentario de fontes históricas diversas, interpretación de mapas, gráficos, táboas estatísticas, elaboración de liñas do tempo, pescudas sinxelas, selección, análise e debate sobre noticias vencelladas coas unidades didácticas usando as TIC.

e).- Fomentarase o traballo cooperativo, o pensamento crítico e a autonomía do alumnado.

**ENSINANZA SEMIPRESENCIAL:**

A combinación de sesións presenciais coa modalidade non presencial, será Dirección quen determine o modo de realizarse (por días, semanas, quincenas…).En todo caso a metodoloxía será a seguinte

***Nos períodos presenciais:***

a).- Realizaranse sesións teórico-práctica para abordar os contidos e actividades que presenten maior dificultade, así como a resolución de dúbidas, corrección das tarefas encomendadas.

b).- Determinarase o traballo a realizar polo alumnado durante os días de non presencialide, entregandolles o material correspondente

c).- Realizarase unha proba rápida (ben oral ou esctita), co obxectivo de repasar os conceptos aprendidos na casa.

d) Correción de exercicios prácticos xa preparados con antelación.

e) Aclaración de conceptos e dúbidas.

***Nos períodos non presenciais:***

a).- O alumnado realizará as tarefas encomendadas a partir do material e indicacións que se deron na/s sesión/s presencial/is, que se farán chegar no tempo e forma que o profesor ou profesora determine, en función dos medios tecnolóxicos dos que dispoña o alumno ou alumna

b).- Durante o período non presencial, o profesor ou profesora estará dispoñible para facilitar o proceso de aprendizaxe do alumnado a través do correo electrónico, aula virtual ou videoconferencia, dependendo dos medios tecnolóxicos dos que dispóña o alumno podendo contactar co profesor ou profesora a través dos medios anteriomente mencionados.

**ENSINANZA NON PRESENCIAL (ALUMNADO CON E SIN CONECTIVIDADE):**

Este tipo de ensinanza basarase nosos seguintes principios rectores:

a).- O esforzo docente céntranse en facer accesibles os contidos ao alumnado, tendo enconta as súas concretas circunstancias e intentando minimizar a brecha dixital.

b).- Manterase unha visión flexible da avaliación, pero priorizando sempre á realización de tarefas relacionadas directamente co exame nas probas ABAU.

c).- Prestarase especial atención ao aspecto emocional do alumno/a e a posible influencia deste no seguimento do proceso de ensino perseguindo que ningún alumno/a se vexa prexudicado pola situación xerada por mor da pandemia.

d).- Para valorar a carga de traballo de cada materia para o alumno/a así como o traballo para o docente e, sendo conscientes das excepcionais circunstancias, tomarase como referencia de dedicación e traballo, a carga horaria semanal da materia, para o alumnado, e o horario do profesorado en réxime ordinario presencial, para o profesor ou profesora.

e).- No caso do ensino non presencial (modalidade ordinaria) as estratexias expositivas na aula, serán sustituidas por: libro de texto, apuntes, presentación de power point, videos explicativos e sesións de videoconferencia individuais ou grupos reducidos para solventar dúbidas, realizar aclaracións….

f).- O medio habitual será a aula virtual, onde se subirá todo o material necesario, actividades, ect, así como o correo electrónico.

g).- Co fin de minimizar a *brecha digital* dos alumnos que non dispoñen dos medios necesarios, o centro tratará de facilitarlle un ordenador (enviado pola Consellería, ou prestado do instituto). Mentras isto non sexa posible, usamos o correo electrónico deles ou de seus pais e nais, para enviar e recibir o material, correo ordinario ou calquera outro medio que permita continuar coa aprendizaxe dos alumnos e alumnas.

# VI.- CONTIDOS MÍNIMOS PARA SUPERAR A MATERIA

## A.-CONTIDOS MÍNIMOS CONCEPTUAIS. (VÁLIDOS PARA TODOS OS ESCENARIOS: PRESENCIALIDADE, SEMIPRESENCIALIDADE, O ENSINO NON PRESENCIAL)

Serán considerados como contidos mínimos todos aqueles que indique o grupo de traballo de Hª de España da CIUG para as ABAU, que ata o momento son os que figuran a continuación. De haber cambios, serán incorporados na progragración, e recollidos na acta da reunión de departamento.

| | **Preguntas a desenvolver nunha cara de folio** | **Termos para definir** |
|---|---|---|
| BLOQUE 1: Prehistoria e Historia Antigua | 1. O Neolítico: características e cambios con respecto á época Paleolítica (cambios económicos, sociais e culturais). 2. Os pobos prerromanos da península Ibérica (pobos do sur e do levante, meseteños e do ociidente peninsular). 3. Conquista e romanización (etapas da conquista, elementos de romanización: organización políticoadministrativa do territorio, lingua e cultura, obras públicas). 4. A monarquía visigoda (organización política). ESPECIAL ATENCIÓN A GALICIA. | • Aula Regia<br>• Bárbaros<br>• Castro<br>• Conventus<br>• Economía predadora<br>• Guerras cántabras<br>• Megalitismo |
| BLOQUE 2: Historia Medieval | 5. Os musulmáns na Península Ibérica (etapas políticas e realidade socieoeconómica). 6. Reconquista e repoboación (etapas da Reconquista, modelos de repoboación). 7. O Réxime feudal e a sociedade estamental. 8. As crises baixomedievais (crises demográficas, problemas sociais, o caso galego. As revoltas irmandiñas do século XV). | • Carta de poboamento<br>• Manso<br>• Marca Hispánica<br>• Mesta<br>• Mozárabe<br>• Presura<br>• Taifas |
| BLOQUE 3: Séculos XVI-XVII | 9. A nova monarquía dos reis Católicos (unión dinástica, reorganización político-administrativa). 10. A onfiguración do imperio español no século XVI (a herdanza de Carlos I, os cambios en tempos de Filipe II: rebelión de Flandes, incorporación de Portugal, guerra contra Inglaterra). 11. A crise socio-económica do século XVII (a crise demográfica, o deterioro da economía, os problemas da facenda real). 12. O valimento do conde-duque de Olivares e a crise da monarquía (os proxectos de reforma, as revoltas de cataluña e Portugal). 13. Economía e sociedade na Galicia dos Austrias (a agricultura e as súas transformacións, a importancia da pesca na Galicia litoral, a estrutura social: sociedade rendists e peso da fidalguía) | • Converso<br>• Gran Armada<br>• Mourisco<br>• Terzos<br>• Unión de Armas<br>• Valido<br>• Xuntas do Reino de Galicia |
| BLOQUE 4: Século XVIII | 14. O cambio dinástico e a guerra de Sucesiónn (causas da guerra, bandos en conflito, a paz de Utrecht). 15. Os Decretos de Nova Planta e os seus efectos. 16. O reformismo borbónico en galicia (a matrícula do mar, o arsenal de Ferrol, a apertura ao comercio colonial). 17. As ideas fundamentais do | •Antigo Réxime<br>• Catastro de Ensenada<br>• Decretos de Nova Planta |

| | | |
|---|---|---|
| | pensamento ilustrado. | • Despotismo Ilustrado<br>• Motín de Esquilache<br>• Paz de Utrecht<br>• Regalismo borbónico |
| | **Composición Histórica** | |
| BLOQUES 5-8: Século XIX | 1. A crise da monarquía absoluta (abdicacións, ocupación napoléónica). 2. As Cortes de Cádiz e a constitución de 1812. 3. A restauración de Fernando VII e do absolutismo (as etapas do reinado). 4. A construción do estado liberal (principios do liberalismo e diferenzas entre as distintas familias políticas). 5. A Revolución Gloriosa e a constitución de 1869. 6. A primeria república (proxecto de constitución federal e cantonalismo). 7. A Restauración (retorno da monarquía e constitución de 1876). 8. A vida política da restauración (quenda, caciquismo e fraude electoral). 9. A cuestión nacional no último terzo do século XIX. 10 A reforma agraria liberal: as desamortizacións. 11. Os principais sectores industriais e o papel do ferocarril. 12. O movemento obreiro (Sexenio democrático e Restauración) | • Afrancesados<br>• Abdicacións de Baiona<br>• Caciquismo<br>• Cantonalismo<br>• Desamortización<br>• Encasillado<br>• Estatuto Real<br>• Ludismo<br>• Manifesto dos Persas<br>• Manifesto de Sandhurst<br>• Pragmática Sanción de 1830<br>• Pronunciamento<br>• Pucheirazo<br>• Rexeneracionismo<br>• Sistema de quenda<br>• Sufraxio censatario e universal<br>• Tratado de Valençay<br>• Unión Liberal. |
| BLOQUES 9-12: Século XX | 13. A crise da Restauración e a desarticulación do sistema canovista. 14. A crise de 1917, os gobernos de concentración e a guerra de Marrocos. 15. A ditadura de Primo de Rivera (golpe de Estado e etapas: delimitación temporal e características principais). 16. O establecemento da II República (forza políticas e constitución de 1931). 17. As grandes reformas da República. 18. A guerra civil: sublevación, bandos en conflito e a súa dimensión internacional. 19. O franquismo: características e | •Fronte Popular<br>• Lei para a Reforma Política<br>• Lexión Cóndor<br>• Nacional-catolicismo<br>• Pacto de San Sebastián<br>• Pactos da Moncloa |

| | | |
|---|---|---|
| | institucionalización. 20. O franquismo: as formas de oposición ao Réxime. 21. O franquismo: política económica. 22. A agonía do franquismo e os inicios da Transición. 23. As primeiras eleccións democráticas e a constitución de 1978. 24. A crise da UCD e o golpe de estado. 25. A consolidación da democracia: os gobernos do PSOE | • Plan de Estabilización<br>• Plataxunta<br>• Sanjurjada<br>•Sección Feminina<br>• Semana Tráxica<br>• Sindicato vertical<br>• UCD<br>• Unión Patriótica. |

## B.- PROCEDIMENTAIS E ACTITUDINAIS (VÁLIDOS PARA TODOS OS ESCENARIOS: PRESENCIALIDADE, SEMIPRESENCIALIDADE, O ENSINO NON PRESENCIAL)

• Considérase imprescindible para superar a materia manter unha actitude positiva de esforzo, traballo ter realizadas e dispoñibles as actividades encomendas nas datas establecidas.
• A procura de información de interese a través de distintos soportes sobre a importancia cultural e artística de personaxes ou grupos intervinientes na Historia, dun feito ou dun proceso histórico e a elaboración dunha exposición razoada, formal e conceptualmente, para expoñela de forma escrita. Competencias: CCL, CD, CAA, CSC, CSIEE, CCEC.
• Responder ás cuestións propostas a partir de fontes históricas e historiográficas, distinguíndoas e aportando unha análise sen parafrasear a fonte presentada. Competencias: CCL, CMCCT, CAA, CSC.
• A localización correcta no tempo e a contextualización de acontecementos e/ou personaxes e/ou temáticas para elaborar unha análise razoada e formalmente coherente sobre o proposto. Competencias: CCL, CAA, CSC.
• O emprego da terminoloxía adecuada a época histórica que se presente nas fontes. Competencias: CCL, CAA.
• Cumprir dun xeito satisfactorio coas normas formais da expresión escrita e oral (a presentación correcta, letra lexible, a inexistencia de faltas ortográficas, o discurso sintácticamente coherente, claridade expositiva. Competencias: CCL, CAA, CMCCT
• A entrega das tarefas ou traballos encomendados na data establecida. Competencia: CSC
• A elaboración do/s proxecto/s encomendado/s polo profesor/a da materia, se os houbere.
• Amosar actitudes de respecto ante o resto dos compañeiros e da comunidade educativa, sabendo
• Amosar actitudes participativas de colaboración e de respecto e non discriminación por identidade, raza ou relixión cara os demais, sabendo respectar as diferencias e valorando as concordancias. Competencia: CAA, CSC, CCEC

## C.- GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN DE CADA ESTÁNDAR PARA SUPERAR A MATERIA (VÁLIDOS PARA TODOS OS ESCENARIOS: PRESENCIALIDADE, SEMIPRESENCIALIDADE, O ENSINO NON PRESENCIAL)

O grado mínimo de consecución de cada estándar de aprendizaxe é do **50%.**

Avaliaranse a través dos instrumentos de avaliación que se especifican no seguinte punto **(A.-Instrumentos e procedememntos de avaliación**)

Os estándares conceptuais, procedimentais e actitudinais poderán ser avaliados a través dos devanditos instrumentos de avaliación de xeito individual ou integrado (é dicir, unha mesma proba pode integrar estándares específicos e outros de enunciado xenérico – conceptos, cronoloxía, procedementos de comentario, ... ).

# VII.- A AVALIACIÓN

## A.- INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

**Salvo alguna excepción que aparece recollidae en vermello, os instrumentos de avaliación son válidos para os tres posibles escenarios (ensino presencial, semipresencial e non presencial).**

**ENSINANZA PRESENCIAL/SEMIPRESENCIAL/NON PRESENCIAL:**

Para levar a cabo a avaliación utilizaremos os seguintes instrumentos:

- O control do traballo e do interese na realización das tarefas encomendadas e presentadas na data fixada.
- A asistencia a clase e a participación na mesma. A non asistencia pode derivar na perda do (dereito a avaliación continua según se establece no NOF do Centro.
- Queda a criterio do profesorado a elaboración e exposición oral individual ou en grupo dun proxecto cuxa temática será indicada polo profesor/a. Non se contempla este criterio este criterio no escenario de ensino non presencial
- Probas escritas que consistirán seguindo as indicacións do grupo de traballo de Hª de España da CIUG en:
    - Na análise dun documento ou documentos referidos aos temas tratados, ou dunha composición de texto histórico (3 documentos como máx.)
    - Preguntas que impliquen explicar, comparar, detallar, causalizar, etc. feitos ou acontecementos do período tratado
    - Definicións de termos históricos

**Non se fará media da proba se algunha parte dela está en branco**.

- Nas probas escritas e nas tarefas escritas encomendadas valorarase:
- A corrección formal: ortográfica, lexibilidade e presentación. **Pode restarse ata un punto na cualificación total da proba**.
- Nas cuestión teóricas dos exames terase en conta ademais da corrección dos contidos, o grao de profundización nos mesmos, a calidade das argumentacións, a corrección na redacción, a adecuación, a cohesión e coherencia do texto e a utilización dun vocabulario axeitado
- Na corrección dos conceptos valorarase a concreción e a claridade da explicación dentro do marco espacial marcado de 4 ou 5 liñas

para cada concepto

- Na corrección do comentario ou da composición terase en conta que cumpre unhas normas básicas. Así, ha de constar de:
  - ♣ Introdución cunha breve contexualización do tema central (1 punto)
  - ♣ Cita dos documentos coa súa clasificación (1 punto)
  - ♣ Exposición clara e completa e ordenada dos contidos relacionados cos documentos (3 puntos)
  - ♣ Conclusións (1 punto)
  - ♣ Correcta redacción (1 punto)

## B.- PROCEDEMENTOS DA AVALIACIÓN: (VÁLIDOS PARA TODOS OS ESCENARIOS: PRESENCIALIDADE, SEMIPRESENCIALIDADE, O ENSINO NON PRESENCIAL)

**a) Probas escritas. (ata 9 puntos)** Realizaranse dous exames escritos por avaliación, sempre que sexa posible, tendo en conta que a 3ª avaliación adoita ser máis breve cas anteriores, polo que cabe a posibilidade que na última avaliación, so se realice unha única proba

**Os exames constarán**:

- Alomenos dunha cuestión teórica das marcadas para a proba de ABAU (ata 2 puntos)
- Unha serie de termos históricos tamén dos seleccionados para as probas da ABAU (ata 2 puntos)
- Unha composición de texto segundo o modelo da ABAU con dous documentos ou tres documentos (textos, mapas históricos, táboas, imaxes que proporcionan información de carácter histórico e artístico relacionadas con aspectos tratados nas unidades) sobre os que realizar a composición. (de 6 a 7 puntos).

**Os exames escritos farán media entre si, sempre e cando teñan unha nota igual ou superior a 3,5**. De non ser así, é dicir, de ter un exame cunha nota inferior a 3,75 puntos a avaliación está suspensa.

**b) Traballo (ata 1 punto)** A realización das tarefas encomendadas: comentarios, traballos específicos (esquemas, presentacións, lecturas), traballo na aula ou fora dela (no caso de semipresencialidade ou non presencialidade), poderán subir a nota ata un punto, sempre e cando a nota media da avaliación sexa igual ou superior a 3,5 puntos. Na realización das tarefas valorarase o rigor científico, emprego de fontes variadas de información (bibliografía impresa, medios de comunicación, tecnoloxías da información) e a correcta e ordenada presentación

**Para aprobar a avaliación será necesario obter unha nota igual ou superior a 5 puntos.**

# VI.- CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

## A.- AVALIACIÓN INICIAL

Neste nivel, e dada a premura de tempo non está contemplada a súa realización, aínda que o profesorado poderá facer unha pescuda inicial do nivel da clase.

De realizarse a proba, os resultados serán comunicados ao Titor ou Titora en caso de detectar posibles carencias. No caso de que estas sexan significativas comunicaríase coa familia do alumno e ao Departamento de Orientación coa maior brevidade posible.

♣ **Consecuencias dos resultados da proba:**

A nivel académico, sen valor.

## B.- AVALIACIÓNS TRIMESTRAIS ORDINARIAS (VÁLIDOS PARA TODOS OS ESCENARIOS: PRESENCIALIDADE, SEMIPRESENCIALIDADE, O ENSINO NON PRESENCIAL)

En canto ós criterios de cualificación, decir que a nota final de cada avaliación obterase da aplicación dos instrumentos de avaliación antes citados e que volvemos a desglosar:

1.- Os resultados das distintas probas específicas que se realicen ó longo do trimestre constituirán **un 90% da nota total da avaliación (9 puntos)**
2.- O traballo realizado polos alumnos e alumnas suporá un **10% da nota global (1 puntos)**
3.- as actitudes seguintes: colaboración e respecto hacia os compañeiros e profesor/a, interese pola materia, tolerancia, responsabilidade ante as obrigacións, son actitudes que se consideran imprescindibles nun alumnado que está cursando una ensinanza posobrigatoria, prácticamente maior de idade. Por estes **motivos na avaliación non se lles outorgará ningunha porcentaxe da nota final por cumprir coas suas obrigas, aínda que o incumprimento destas suporá que non se lle aplique en ningún momento o redondeo da nota á alza tal e como se explica a continuación. (solo aplicable ao ensino presencial e semipresencial)**

4.- **O alumnado que estea en situación de illamento cando NON exista suspensión da actividade presencial, puntuaránselle as actividades que entregue durante ese período atendendo ós criterios contemplados na presente programación de cada curso para o ensino presencial, e de ter exames durante ese período, terá dereito a realizar os mesmos exames que o resto do grupo, cando se reincorpora ó ensino presencial**

**Como se calcula a cualificación de cada unha das avaliacións (ponderación, redondeo...)**

Nas notas da avaliación, que só admiten números enteiros, aplicarase o seguinte criterio:
-Se a alumna/o obtivo como promedio unha cifra enteira, se transcribirá esta sen alteracións nas actas.
-Se a alumna/o obtivo como promedio unha nota con décimas, na súa transcrición nas actas de avaliación:

- Redondearase ao enteiro superior no caso de que tales décimas teñan un valor igual ou maior de seis (exemplo: 5´6 se transcribirían nas actas como un 6).
- Redondearase ao enteiro inferior no caso de que estas teñan un valor inferior a seis (exemplo: 7´5 se transcribiría como un 7).
- **Para aprobar a asignatura é necesario ter unha nota superior ou igual a 5**. Neste caso, non se aplica o redondeo.

**A alteración do desenvolvemento normal dun exame ou control: actitude incorrecta, suplantación copia ou intento da mesma por calquera procedemento e/ou medio técnico, dará lugar a unha cualificación de 0 (cero), polo que na nota de avaliación (ordinaria, final ou extraordinaria), so sé computará o 10% (1 punto), se procede, correspondente a o traballo realizado pola alumna/o**

**Se un alumno ou alumna non se presenta á proba previamente establecida, de forma xeral será cualificado con 0. Para poder realizar a proba fóra dos días establecidos, deberá comunicalo antes do exame co profesor ou profesora, que será quen o permitirá ou non. De non darse esta comunicación previa, esixirase un certificado médico oficial e será potestade do titular da materia aceptalo ou non.**

## Mecanismo/s para recuperar unha avaliación non superada ou mellorar a nota dunha avaliación aprobada (VÁLIDOS PARA TODOS OS ESCENARIOS: PRESENCIALIDADE, SEMIPRESENCIALIDADE, O ENSINO NON PRESENCIAL)

Para recuperar as avaliacións suspensas ou mellorar a nota dunha avaliación aprobada, realizarase unha proba por avaliación onde só se considerará superada cando a nota sexa de 4'5 ou superior (para a que tamén se aplicará o redondeo). O tipo de proba será semellante ás anteriormente realizadas.

Tamén cómpre dicir, que nas ensinanzas de adultos, as recuperacións se levarán a cabo cara o final de curso.

## C.- AVALIACIÓN FINAL ORDINARIA (VÁLIDOS PARA TODOS OS ESCENARIOS: PRESENCIALIDADE, SEMIPRESENCIALIDADE, O ENSINO NON PRESENCIAL)

**A nota final será media das tres avaliacións**, **sen considerar os redondeos anteriores**, aplicándose un redondeo final como o descrito anteriormente

**Alumnado que deberá realizar unha proba de avaliación final. (válidos para todos os escenarios: presencialidade, semipresencialidade, ou ensino non presencial)**

No mes de maio farase unha proba de recuperación final para aqueles alumnos que teñan algunha avaliación suspensa. No caso en que **só se teña unha avaliación suspensa**, e a nota media do curso sexa 4'5 ou máis, estarán exentos de realizala e se lles dará o curso por aprobado.

**Descrición do tipo de proba. (válidos para todos os escenarios: presencialidade, semipresencialidade, ou ensino non presencial)**

A proba da avaliación final, será semellante ás realizadas durante o curso. Pode darse algunha variación na estrutura ou na cualificación pero, en todo caso, serán mínimas.

**Como se calcula a cualificación final (ponderación, redondeo, etc.). (válidos para todos os escenarios: presencialidade, semipresencialidade, ou ensino non presencial)**

Para a cualificación final, farase a media aritmética das avaliacións aprobadas **sen considerar os redondeos anteriores** e redondearase segundo o procedemento anteriormente indicado. De ter unha avaliación suspensa e non aprobar o curso, contará como nota o resultado da avaliación final (sempre que sexa superior a 3'75) e farase media coas outras aprobadas.

No caso do alumnado que teña todas as avaliacións aprobadas, a media do curso será a media das avaliacións, podendo engadírselle até un punto na media polo traballo realizado durante o curso.

**Criterios do centro para a promoción.**

Non hai criterios específicos, fóra dos establecidos pola lexislación vivente. En todo caso, para avaliar casos individuais, será a Xunta de Avaliación a que estableza, co acordo do profesor/a da pertinencia ou non de promocionar.

## C.- Avaliación extraordinaria (válidos para todos os escenarios: presencialidade, semipresencialidade, ou ensino non presencial)

A proba extraordinaria de constará dun exercicio escrito, que suporá o 100% da cualificación final.

Constará dun exame que terá unhas características similares á proba das ABAU, constará de vocabulario, preguntas teóricas e una composición de textos históricos, e será calificada seguindo os criterios sinalados pola CIUG

A proba extraordinaria abarcará toda a materia, non haberá exames parciais por avaliacións

## D.- Recuperación e reforzo para o alumnado coa materia pendente.

Esta é unha materia propia de 2º de Bacharelato polo que non pode haber alumnos pendentes.

# VII.- MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS (VÁLIDOS PARA TODOS OS ESCENARIOS: PRESENCIALIDADE, SEMIPRESENCIALIDADE, OU ENSINO NON PRESENCIAL)

Dende principio de curso subiranse á **aula virtual** do centro diferentes recursos para que o alumnado se acostume a traballar a través dela e no caso de que se produza unha ensinanza non presencial saiba onde están os materiais que precisa. Ademáis da aula virtual usarase o **correo electrónico** da profesora e do alumnado como medio de comunicación, así como a videoconferencia a través da plataforma que considere a Consellería.

Os recursos materiais que serán empregados por parte do profesor ou profesorsa serán:

- Libro de texto e catálogo documental da editorial Bahía do que disponen os alumnos.
- Presentacións en Power Point con síntese dos contidos.
- Liñas temporais e cartografía
- Vídeos e imaxes de interese para ilustrar as explicacións
- Temarios, síntesis e actividades de reforzo de elaboración propia
- Material bibliográfico disponible na Biblioteca do Centro ou facilitado pola profesora.
- Artigos de prensa con noticias relacionadas coa historia de España.
- Mapas históricos, xeográficos.
- Enlaces na rede relacionados coa Historia de España.
- Power point sobre os aspectos fundamentais das unidades didácticas.

# VIII.- MEDIDAS ORDINARIAS E EXTRAORDINARIAS

Non se prevé a necesidade de medidas extraordinarias de atención á diversidade. En todo caso, trala avaliación inicial unha vez detectadas posibles carencias, estableceranse as máis axeitadas en colaboración do Departamento de Orientación.

# IX.- ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

Non hai programada ningunha pola enorme densidade da materia e pola escaseza de tempo para impartila. Máis neste curso onde a COVID 19 limita enormemente a posibilidade destas. Por iso, aínda que se consideran de gran importancia as saídas ou outro tipo de actividades complementarias, vémonos na obriga de evitalas.

# XEOGRAFÍA E HISTORIA DE GALICIA. 2º BAC

## INTRODUCIÓN

A realidade xeográfica e histórica de Galicia, como unha das tres nacionalidades históricas recollidas na Constitución española de 1978, debido a evidentes especificidades (xeográficas, históricas, culturais e mais unha lingua de seu), demanda o estudo científico dos aspectos históricos, xeográficos e antropolóxicos de maior transcendencia para coñecer e explicar a evolución e a situación da sociedade galega actual.

A selección de contidos desta materia atende á descrición dos procesos e dos fenómenos máis salientables da conformación xeográfica e histórica de Galicia, cun tratamento en profundidade das transformacións da época contemporánea ata o presente. A dita selección de contidos fomenta, tamén, a aplicación de técnicas de análise de fontes diversas e perspectivas interpretativas específicas das ciencias sociais, así como o estudo do pasado na aula e no contexto escolar, como estratexia de ensino e aprendizaxe que favoreza a comprensión crítica da multicausalidade histórica e das características da Galicia actual. Os referidos contidos organizan cronoloxicamente e tematicamente os aspectos económicos, sociais, político-instucionais e culturais que marcaron o devir histórico de Galicia

## OBXECTIVOS DA MATERIA

**A** Recoñecer a existencia de aspectos naturais, culturais e históricos, que definen a Galicia como nacionalidade histórica.

**B** Analizar as repercusións das actividades humanas sobre o medio físico e contribuír activamente á súa defensa, conservación e mellora.

**C** Identificar e situar no espazo e no tempo os procesos de cambio e os feitos máis relevantes da historia de Galicia e as características do seu territorio, das formas de poboamento e da paisaxe, para comprender a súa evolución ata o presente.

**D** Coñecer as características das transformacións económicas, sociais, políticas e culturais que se produciron en Galicia desde o século XVIII, para comprender a especificidade da súa integración no escenario estatal e nos mercados mundiais.

**E** Desenvolver unha perspectiva actualizada e integradora da historia de Galicia, que potencie actitudes de solidariedade, compromiso coas normas que regulan o ordenamento constitucional e o marco estatuario.

**F** Seleccionar e analizar información procedente de diversas fontes aplicando as técnicas propias das ciencias sociais para explicar documentos escritos, imaxes, mapas e gráficos en diversos soportes, desenvolvendo a capacidade de interpretación crítica.

# CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE

**a) Competencia lingüística** centrarase na adquisición do vocabulario específico da materia en lingua galega.

**b) Competencia social e cidadá** que permita ao noso alumnado desenvolver habilidades sociais, establecer escalas de valores, convivir en liberdade e harmonía e exercer unha cidadanía responsable no exercicio dos seus dereitos e na asunción dos seus deberes. Nela están integrados coñecementos diversos e habilidades complexas que deben permitir participar, tomar decisións, elixir como comportarse
en determinadas situacións e responsabilizarse das eleccións e decisións adoptadas.Empregarase a reflexión sobre os conceptos de democracia, liberdade, solidariedade, corresponsabilidade, participación e cidadanía, con especial atención aos dereitos e deberes (tanto no pasado como no presente). Potenciarase o diálogo a través da participación en debates nos que se expresen as propias ideas e se escoiten as dos demais. Buscarase tamén o desenvolvemento do sentido colaborativo e participativo por medio da elaboración de traballos en grupo

**c) Competenciapara aprender a aprender** e consolidar unha madurez persoal e social que lles permita actuar de maneira responsable e autónoma e desenvolver o seu espírito crítico. Ser quen de prever e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais.
Reforzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para aproveitar eficazmente as aprendizaxes e mais como medio para o desenvolvemento persoal, favorecendo o coñecemento e valorando criticamente as realidades de Galicia, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución.

**d) Competencia no tratamento da información e competencia dixital** que permita buscar e obter información, procedente de fontes variadas, formular criterios de selección e realizar análises críticos da mesma que se tratará de desenvolver por medio de traballos específicos da materia.

**e) Competencia cultural e artística** para desenvolver a sensibilidade artística, así como o sentido estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural empregando como punto de partida o estudo da arte galega.

**f) Competencia no coñecemento e a interacción co mundo físico** para valorar, respectar e afianzar o patrimonio material e inmaterial de Galicia e contribuír á súa conservación e mellora no contexto dun mundo globalizado.

# VINCULACIÓN DOS CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS CLAVE.

| **Xeografía e Historia de Galicia. 2º de bacharelato** | | | |
|---|---|---|---|
| **Contidos** | **Criterios de avaliación** | **Estándares de aprendizaxe** | **Competencias** |
| **Bloque1. Aspectos metodolóxicos** | | | |
| B1.1. Localización no tempo e no espazo e contextualización dos procesos, as estruturas e os | B1.1. Coñecer e utilizar adecuadamente as técnicas básicas de investigación en ciencias sociais, como seleccionar a | XHGB1.1.1. Selecciona, analiza e utiliza a información que achega a documentación xeográfica e histórica de diversa natureza, e manexa as tecnoloxías da información e da comunicación. | CAA<br>CD<br>CCEC |

| | | | |
|---|---|---|---|
| acontecementos relevantes da xeografía e a historia de Galicia, identificando os elementos que contribuíron a configurar os trazos da paisaxe, das formas de poboamento e da sociedade galega actual:<br>– Coñecemento das ferramentas e dos métodos propios da ciencia xeográfica. Análise de planos, mapas e representacións gráficas. Dominio do concepto de espazo xeográfico.<br>– Método histórico: procura, selección e interpretación da información procedente de diversas fontes primarias e secundarias (textos, mapas, gráficos, imaxes, documentación familiar e persoal, prensa e arquivos locais), así como a fornecida polas tecnoloxías da información e da comunicación, para elaborar explicacións históricas rigorosas por escrito ou oralmente.<br>– Elaboración de traballos sobre procesos e feitos destacados da historia e da xeografía de Galicia, aplicando as técnicas de investigación propias das ciencias sociais no contorno espacial e relacional do alumnado, formulando explicacións en perspectiva comparada cos marcos español, europeo e global. | información relevante en fontes diversas primarias (históricas) e secundarias (historiográficas) en bibliotecas, internet, etc., e analizala criticamente no marco das explicacións actuais sobre o pasado colectivo e a conformación da identidade xeográfica e histórica galega, utilizando con rigor o vocabulario específico da materia. | XHGB1.1.2. Formula explicacións razoadas e críticas da evolución xeográfica e histórica de Galicia, comunicadas oralmente e por escrito, que demostren as súas capacidades para chegar a sínteses e conclusións relevantes, alcanzando o desenvolvemento da conciencia para a preservación do patrimonio cultural e da paisaxe galega. | CAA<br>CD<br>CCEC<br>CSC |
| **Bloque 2. O medio físico de Galicia: relevo, clima e formas de hábitat** | | | |

| | | | |
|---|---|---|---|
| B2.1. Características físicas do territorio galego: formación do relevo, unidades xeomorfolóxicas, acción erosiva e tipos de solo. | B2.1. Distinguir as singularidades do espazo xeográfico galego, situando e analizando as súas unidades de relevo. | XHGB2.1.1. Identifica e coñece as unidades xeomorfológicas de Galicia e coñece a súa evolución xeolóxica. | CMCCT<br>CAA |
| B2.2. Variantes climáticas de Galicia e factores que as determinan. | B2.2. Distinguir as variantes climáticas galegas, sinalando os elementos e os factores que as conforman. | XHGB2.2.1. Describe e compara as variantes climáticas de Galicia, analizando os factores e os elementos característicos destes a través de mapas de tempo, gráficas climáticas, etc. | CMCCT<br>CAA<br>CD |
| B2.3. Rede hidrográfica de Galicia. | B2.3. Describir as cuncas fluviais galegas e analizar o aproveitamento destes recursos hídricos. | XHGB2.3.1. Identifica os recursos hídricos e relaciónaos coas súas posibilidades de aproveitamento sustentable. | CMCCT<br>CD<br>CSC |
| B2.4. Paisaxes naturais galegas. | B2.4. Describir e reflectir nun mapa as paisaxes naturais de Galicia e relacionar o medio natural coa actividade humana. | XHGB2.4.1. Localiza no mapa as paisaxes naturais, e identifica e formula os problemas suscitados pola acción humana. | CMCCT<br>CD<br>CCEC |
| **Bloque 3. A poboación e os sectores produtivos de Galicia** | | | |
| B3.1. Fontes e procedementos para o estudo da demografía de Galicia. Evolución histórica e realidade actual:<br>– Distribución territorial da poboación. Desequilibrios entre a costa e o interior.<br>– Movementos naturais de poboación.<br>– Migracións históricas e actuais: razóns estruturais e conxunturais.<br>– Espazo urbano de Galicia. Eixe atlántico. | B3.1. Analizar a realidade demográfica galega e a súa evolución histórica, e comprender os factores que a determinan e a cuestión do avellentamento poboacional. Identificar as redes urbanas de Galicia. | XHGB3.1.1. Identifica e analiza os problemas demográficos e urbanos, coa metodoloxía que lle é propia. | CMCCT<br>CD<br>CCEC<br>CSC |
| B3.2. Evolución histórica dos sistemas de explotación agraria, gandeira e forestal en Galicia. Pesca e acuicultura. Política agraria común (PAC). | B3.2. Identificar o espazo rural e as actividades do sector primario (agricultura e gandaría). Apreciar a importancia do mar na economía e na sociedade galegas (evolución das técnicas de pesca e industrialización do sector), así como os riscos e as oportunidades da explotación forestal. | XHGB3.2.1. Identifica e coñece as actividades propias do sector primario, así como a modernización agraria de Galicia experimentada a partir do primeiro terzo do século XX. | CSC<br>CSIEE |

| | | | |
|---|---|---|---|
| B3.3. Fontes de enerxía e espazo industrial galego. Proceso de industrialización en Galicia. Fortalezas e debilidades dos sectores industriais galegos. | B3.3. Recoñecer os factores da industria en Galicia. Describir os eixes de desenvolvemento industrial. Identificar as liñas mestras da problemática industrial galega. | XHGB3.3.1. Analiza as características do desenvolvemento industrial e comercial en Galicia, e explica os problemas e as expectativas principais de desenvolvemento na actualidade. | CD<br>CSIEE |
| B3.4. Terciarización da economía galega. Influencia no PIB. Análise dos servizos e distribución do territorio. Transportes: eixes de fluxo comercial. Espazos turísticos como realidade e oportunidade de futuro. | B3.4. Analizar a terciarización da economía galega, utilizando as fontes dispoñibles na rede e na bibliografía. Coñecer as pautas do seu desenvolvemento e os seus sectores. | XHGB3.4.1. Explica a incidencia do sector de servizos na economía galega, e comenta gráficas e estatísticas que expliquen a articulación do tecido comercial e as súas múltiples interrelacións. | CSC<br>CSIEE<br>CD |
| **Bloque 4. As raíces históricas de Galicia** | | | |
| B4.1. Prehistoria de Galicia:<br>– Primeiras pegadas do ser humano en Galicia: Paleolítico. Grandes depósitos de Portomaior, Arbo, as Gándaras de Budiño e a cova Eirós en Triacastela. Home de Cro-Magnon: depósito de Cova da Valiña en Castroverde.<br>– Megalitismo e Idade dos Metais. Apertura das primeiras relacións atlánticas de intercambio.<br>– Cultura castrexa. Transición definitiva do acampamento á aldea, entendida como o paso dun sistema tradicional, baseado nun réxime económico de modelo itinerante, á plena sedentarización. Progresiva aparición de grandes poboacións como os paradigmáticos de Santa Tegra, Vigo, San Cibrán de Las ou Elviña, cunhas novas concepcións urbanísticas e considerables estruturas defensivas. | B4.1. Recoñecer e valorar os procesos máis significativos para a formación histórica da identidade de Galicia. Coñecer a cronoloxía dos feitos culturais da prehistoria, as principais estacións arqueolóxicas e as características principais dos achados materiais, e valorar a súa significación documental. | XHGB4.1.1. Explica as diferenzas entre a economía e a organización social do Paleolítico e o mundo megalítico. | CCL<br>CAA<br>CSC |
| | | XHGB4.1.2. Analiza a evolución da metalurxia e a súa vinculación coas rutas atlánticas de intercambio. | CAA<br>CSC<br>CMCCT |
| | | XHGB4.1.3. Describe a evolución do mundo castrexo e coñece os principais depósitos arqueolóxicos, tanto costeiros como do interior. | CCL<br>CCEC |

| | | | |
|---|---|---|---|
| B4.2. Incorporación da Fisterra atlántica á civilización romana:<br>– Conquista romana do Noroeste peninsular.<br>– Proceso de romanización: organización administrativa e institucional da Gallaecia; cambios no poboamento e na estrutura social; novos usos económicos; desenvolvemento cultural do Noroeste peninsular. | B4.2. Explicar a globalidade do fenómeno coñecido como a romanización, os novos usos sociais e económicos, e a articulación viaria do territorio. | XHGB4.2.1. Explica, con criterios derivados da metodoloxía histórica, o concepto de romanización. | CCL<br>CCEC |
| B4.3. Reino suevo, avances na cristianización e integración na monarquía visigoda. | B4.3. Procurar información sobre a monarquía sueva, o seu ámbito territorial e a súa organización, e explicar as circunstancias que a levaron a verse dominada polos visigodos. | XHGB4.3.1. Resume as características do reino dos suevos canto a organización política, modo de vida, crenzas e polaridade social. | CCL<br>CAA<br>CSC |
| B4.4. Galicia na Idade Media:<br>– Características da sociedade feudal galega; integración no reino astur-leonés; primeira acepción de Galicia como Reino e o seu mantemento honorífico ao longo do Antigo Réxime. Expansión artesanal, comercial e urbana arredor dos camiños de Santiago e das zonas costeiras: Compostela e Pontevedra. Auxe do monacato.<br>– Mudanzas baixomedievais: crise demográfica; economía urbana e vilega: conflitos sociais e guerras irmandiñas; pacificación do territorio e nova administración estendida polos Reis Católicos. | B4.4. Analizar os fundamentos xeopolíticos da mudante estrutura dos reinos peninsulares en permanente dialéctica con Al-Andalus e o papel representado polo territorio galego. Entender a evolución dos tempos medievais cara ao restablecemento das producións artesanais e os intercambios comerciais, baixo os parámetros dunha sociedade fondamente estamental, valorando a importancia cardinal do camiño de Santiago. | XHGB4.4.1. Explica a evolución política dos reinos peninsulares e o papel representado polo territorio de Galicia nese proceso. | CSC<br>CAA |
| | | XHGB4.4.2. Comenta a evolución económica da Galicia medieval posta en relación coa súa estrutura social. | CSC<br>CCL |
| | | XHGB4.4.3. Elabora un traballo que explica a transcendencia do camiño de Santiago na Idade Media europea, sinalando os diferentes camiños a Compostela e as principais poboacións que atravesan. | CCEC<br>CD |
| **Bloque 5. Galicia no Antigo Réxime (séculos XVI a XVIII)** | | | |
| B5.1. O Reino de Galicia no Antigo | B5.1 Analizar e explicar os cambios | XHGB5.1. Explica as consecuencias das reformas administrativas | CCL |

| | | | |
|---|---|---|---|
| Réxime. A integración dunha sociedade tradicional nos presupostos da monarquía hispánica. | estruturais producidos en Galicia durante o Antigo Réxime no contexto peninsular e europeo. | implantadas polos Reis Católicos e as características da expansión demográfica e económica dos séculos XVII e XVIII, comparándoas co contexto ibérico e europeo da época. | CSC |
| B5.2. Éxito dunha sociedade tradicional: demografía galega no Antigo Réxime. | B5.2. Explicar as peculiaridades do intenso crecemento da demografía galega na Idade Moderna, a pronta superación da crise do século XVII e o forte crecemento experimentado no século XVIII, facendo referencia ao caso específico de Ferrol en relación co establecemento do arsenal e do estaleiro real. | XHGB5.2.1. Representa gráficas explicativas das tendencias demográficas. | CD<br>CAA<br>CMCCT |
| B5.3. Actividades económicas: economía de base agraria; manufacturas artesanais e iniciativas protoindustriais (transformacións nos sectores do curtume, a pesca e a metalurxia); exemplo de Sargadelos; comercio interior e exterior (intercambios con América); establecemento do arsenal de Ferrol. | B5.3. Analizar a estrutura xeral dun sistema produtivo de Antigo Réxime de base agraria e economía de subsistencia. Explicar as claves de acumulación de capital necesarias para o desenvolvemento comercial e manufactureiro. | XHGB5.3.1. Elabora traballos sobre o desenvolvemento da economía galega de Antigo Réxime. | CD<br>CMCCT |
| B5.4. A sociedade galega durante a Idade Moderna: elites rurais (nobreza absentista e fidalguía rendista), campesiñado, diversos sectores do clero, comerciantes, e artesáns e artesás nas vilas e nas cidades. Formas de vida e mentalidades colectivas dos grupos sociais. | B5.4. Describir as características da sociedade estamental galega do Antigo Réxime. | XHGB5.4.1. Fai un relato crítico en torno ás estruturas sociais na Idade Moderna. | CCL<br>CSC |
| B5.5. Institucións políticas do Antigo Réxime; organización do territorio e reformismo borbónico en Galicia: Real Audiencia, Xunta do Reino, corrixidores e intendentes, fábricas e arsenais. Ilustración en Galicia: ensino, ciencia, pensamento e cultura | B5.5. Describir as principais institucións galegas da Idade Moderna: Xunta do Reino de Galicia, Real Audiencia, Real Intendencia e concellos. | XHGB5.5.1. Describe as principais institucións da Galicia do Antigo Réxime, as súas funcións e a súa evolución histórica. | CSC |

| | | | |
|---|---|---|---|
| letrada; reflexións de arbitristas e ilustrados. | | | |
| **Bloque 6. Inercias e transformacións: Galicia no tránsito ao liberalismo** | | | |
| B6.1. Absolutistas e liberais:<br>– Papel da Igrexa; guerra contra Francia; problema carlista e expansión do liberalismo nas cidades durante o reinado de Fernando VII.<br>– Implantación da nova estrutura político-administrativa e institucional do Estado liberal en Galicia durante o reinado de Isabel II. Provincialismo. | B6.1. Caracterizar as grandes correntes ideolóxicas e os movementos sociopolíticos que propiciaron a evolución histórica da Galicia contemporánea, desde una sociedade rexida baixo o predominio dos grupos sociais tradicionais ata o triunfo do liberalismo. | XHGB6.1.1. Entende os principios ideolóxicos que influíron na evolución da organización política da sociedade galega dos séculos XIX e XX, desde a desmobilización imposta polo clientelismo ata a construción dunha sociedade aberta, inclusiva e participativa. | CCL<br>CAA<br>CSC |
| B6.2. Difícil tránsito da sociedade e a demografía galega cara á modernidade:<br>– Esgotamento do complexo agrario e crise das manufacturas domésticas na primeira metade do século XIX: desaxustes demográficos e comezos da emigración masiva a América.<br>– Desigual balance do proceso desamortizador.<br>– Permanencias no mundo rural e os cambios lentos nas vilas e cidades: devalar das vellas elites rurais e formación dunha pequena burguesía comercial de orixe foránea. | B6.2. Describir as dificultades do tránsito dunha economía e unha estrutura demográfica tradicionais cara á modernidade. | XHGB6.2.1. Describe as dificultades suscitadas polo cambio de paradigma político e social no século XIX galego.<br><br>XHGB6.2.2. Elabora un repertorio gráfico que reflicta os resultados dos procesos desamortizadores en Galicia. | CMCTT<br>CD<br>CSC |
| B6.3. Galicia na Restauración: as quendas e o fenómeno do caciquismo. Redes clientelares dos partidos dinásticos como mecanismo de | B6.3. Explicar a arquitectura do proceso político e institucional ideado por Cánovas del Castillo e a súa aplicación en Galicia. Fortalezas e debilidades da quenda | XHGB6.3.1. Describe o funcionamento real do sistema político da Restauración. | CCL<br>CSC<br>CCEC |

| | | | |
|---|---|---|---|
| exercicio do poder; organizacións políticas dos novos grupos sociais; mobilización agrarista do campesiñado. | pacífica. | | |
| **Bloque 7. Galicia no camiño da modernización (1874-1936)** | | | |
| B7.1. Unha sociedade en cambio:<br>– Evolución demográfica e éxodo ultramarino: características e consecuencias da emigración de retorno.<br>– Auxe da burguesía industrial e comercial; proletarización do campesiñado; desaparición da fidalguía; persoas retornadas da emigración.<br>– Transformacións no sistema agrario galego: mercantilización das pequenas explotacións familiares, privatización dos montes comunais, especialización produtiva, e aplicación dos avances científicos e tecnolóxicos nas primeiras décadas do século XX.<br>– Desenvolvemento industrial e comercial: pesca, sector hidroeléctrico, comunicacións e sistema financeiro; orixes da banca galega. | B7.1. Describir as características da industrialización, da expansión comercial e da modernización agraria na Galicia do primeiro terzo do século XX, e os conflitos sociopolíticos derivados deses cambios estruturais. | XHGB7.1.1. Describe as peculiaridades da evolución económica da Galicia anterior á Guerra Civil, a importancia dun morno desenvolvemento e as súas consecuencias sociais e políticas. | CCL<br>CMCTT<br>CSC<br>CCEC |
| B7.2. Afundimento do sistema político da Restauración e procura de solucións democráticas. II República e primeiro Estatuto de Autonomía de Galicia.<br>– Evolución política de Galicia desde | B7.2. Explicar a evolución política de Galicia durante a II República ata o comezo da Guerra Civil. | XHGB7.2.1. Diferencia a ideoloxía das forzas políticas de apoio e oposición á II República, e describe as súas razóns e as principais actuacións. | CCL<br>CSC<br>CCEC |

| | | | |
|---|---|---|---|
| o Rexionalismo ata a xeración das Irmandades: organizacións políticas; autonomismo; Estatuto de 1936.<br>– Polarización da sociedade galega durante a II República. Primeiras formas de participación feminina en política. | | | |
| **Bloque 8. Galicia durante a Guerra Civil e o Franquismo** | | | |
| B8.1. Guerra Civil:<br>– Sublevación militar e papel durante a Guerra Civil e a posguerra.<br>– Posguerra: fame, racionamento e estraperlo; consecuencias económicas e sociais da política autárquica durante o primeiro franquismo. | B8.1. Analizar a Guerra Civil e coñecer as características esencias da posguerra e a economía autárquica propia do primeiro franquismo. | XHGB8.1.1. Analiza e explica a multicausalidade dos procesos históricos, a natureza dos réximes políticos e a súa capacidade para institucionalizarse e xerar apoios sociais. | CCL<br>CSC<br>CCEC<br>CAA |
| B8.2. Anos do desenvolvemento e tardofranquismo:<br>– Pegada das políticas de desenvolvemento en Galicia: transformacións económicas e sociais; consecuencias dos plans de desenvolvemento en Galicia.<br>– Tardofranquismo: inestabilidade política, apoios e oposición ao réxime. | B8.2. Diferenciar as características do franquismo na súa evolución no tempo, especificando as transformacións políticas, económicas e sociais que se produciron. | XHGB8.2.1. Diferencia as etapas do franquismo, as razóns para a perpetuación dun sistema e as súas características esenciais. | CCL<br>CSC<br>CCEC<br>CSIEE |
| **Bloque 9. Galicia na actualidade** | | | |
| B9.1. Realidade galega actual:<br>– Proceso autonómico e consecución do Estatuto no contexto da transición á democracia en España.<br>– Evolución política da Galicia autonómica; construción dunha | B9.1. Describir as características do proceso autonómico en Galicia, identificar as características do Estatuto de autonomía no marco da Constitución de 1978 e coñecer as organizacións e os persoeiros que protagonizaron os cambios políticos, económicos, sociais e | XHGB9.1. Explica as mudanzas estruturais e o papel dos actores individuais e colectivos na construción dunha sociedade democrática, participativa e comprometida coa preservación da nosa identidade cultural e da riqueza ambiental. | CAA<br>CSC<br>CCEC |

| | | | |
|---|---|---|---|
| administración propia desde 1977 á actualidade. | culturais na Galicia do último cuarto do século XX. | | |
| B9.2. Integración na Unión Europea e novos retos sociais e económicos:<br>– Proceso da integración na Unión Europea: consecuencias estruturais para os sectores produtivos e para a sociedade galega.<br>– Cambios sociais, económicos e culturais: construción do Estado de benestar e posta en valor dos propios recursos. | B9.2. Analizar a estrutura e os principios que regulan a organización política e territorial do Estado español en comunidades autónomas, e a importancia do ingreso na Unión Europea, que achegou as condicións de vida da sociedade galega aos niveis de liberdades políticas e benestar da Europa máis desenvolvida. Analizar e describir as dificultades e as oportunidades que se lle presentan na actualidade á sociedade galega. | XHGB9.2. Analiza e explica o marco institucional e internacional da Galicia actual, valorando a democratización, o desenvolvemento económico e o benestar social alcanzados desde os anos 80 do século pasado. | CAA<br>CSC<br>CCEC |

# CONTIDOS TEMPORALIZADOS POR AVALIACIÓN:

| | | | |
|---|---|---|---|
| | **UNIDADES DIDÁCTICAS** | | |
| | UD | Bloque **B1** | Contido |
| | | | **BLOQUE 1: Aspectos metodolóxicos** |
| **1ª AV.** | 1 | B1.1 | Localización no tempo e no espazo e contextualización dos procesos, as estruturas e os acontecementos relevantes da xeografía e a historia de Galicia, identificando os elementos que contribuíron a configurar os trazos da paisaxe, das formas de poboamento e da sociedade galega actual:<br>-Coñecemento das ferramentas e dos métodos propios da ciencia xeográfica.<br>-Método histórico: procura, selección e interpretación da información procedente de diversas fontes primarias e secundarias.<br>-Elaboración de traballos sobre procesos e feitos destacados da historia e da xeografía de Galicia, aplicando as técnicas de investigación propias das ciencias sociais. |
| | 2 | **B2** | **BLOQUE 2: O medio físico de Galicia: relevo, clima e formas de hábitat** |
| | | B2.1 | Características físicas do territorio galego: formación do relevo, unidades xeomorfolóxicas, acción erosiva e tipos de solo. |
| | | B2.2 | Variantes climáticas de Galicia e factores que as determinan. |
| | | B2.3 | Rede hidrográfica de Galicia. |
| | | B2.4 | Paisaxes naturais galegas. |
| **2ª AV.** | **UNIDADES DIDÁCTICAS** | | |
| | UD. | Bloque | Contido |

| | | | |
|---|---|---|---|
| | | **B3** | **BLOQUE 3: A poboación e os sectores produtivos de Galicia** |
| | 4 | B3.1 | Fontes e procedementos para o estudo da demografía de Galicia. Evolución histórica e realidade actual. |
| | | B3.2 | Evolución histórica dos sistemas de explotación agraria, gandeira e forestal en Galicia. Pesca e acuicultura. Política agraria común (PAC). |
| | | B3.3 | Fontes de enerxía e espazo industrial galego. Proceso de industrialización en Galicia. Fortalezas e debilidades dos sectores industriais galegos. |
| | | B3.4 | Terciarización da economía galega. Influencia no PIB. Análise dos servizos e distribución do territorio. Transportes: eixes de fluxo comercial. Espazos turísticos como realidade e oportunidade de futuro. |
| | 5 | **B4** | **BLOQUE 4. As raíces históricas de Galicia** |
| | | B4.1 | Prehistoria de Galicia:<br>-Primeiras pegadas do ser humano en Galicia.<br>-Megalitismo e Idade dos Metais.<br>-Cultura castrexa. |
| | | B4.2 | Incorporación da Fisterra atlántica á civilización romana:<br>-Conquista romana do Noroeste peninsular.<br>-Proceso de romanización: organización administrativa e institucional da Gallaecia |
| | | B4.3 | Reino suevo, avances na cristianización e integración na monarquía visigoda. |
| | | B4.4 | Galicia na Idade Media |
| | 6 | **B4** | **BLOQUE 5. Galicia no Antigo Réxime (séculos XVI a XVIII)** |
| | | B5.1 | O Reino de Galicia no Antigo Réxime. A integración dunha sociedade tradicional nos presupostos da monarquía hispánica. |
| | | B5.2 | Éxito dunha sociedade tradicional: demografía galega no Antigo Réxime. |
| | | **B5.3** | Actividades económicas: economía de base agraria |
| | | **B5.4** | A sociedade galega durante a Idade Moderna |
| | | **B5.5** | Institucións políticas do Antigo Réxime |
| **3ª AV** | **UNIDADES DIDÁCTICAS** | | |
| | UD. | Bloque **B6** | Contido |
| | | | **BLOQUE 6. Inercias e transformacións: Galicia no tránsito ao liberalismo** |
| | 7 | B6.1 | Absolutistas e liberais |
| | | B6.2 | Difícil tránsito da sociedade e a demografía galega cara á modernidade |
| | | B6.3 | Galicia na Restauración |
| | | **B7** | **BLOQUE 7. Galicia no camiño da modernización (1874-1936)** |
| | 8 | B7.1 | Unha sociedade en cambio:<br>-Evolución demográfica e éxodo ultramarino<br>-Auxe da burguesía industrial e comercial |

| | | | |
|---|---|---|---|
| | | | -Transformacións no sistema agrario galego<br>-Desenvolvemento industrial e comercial |
| | | B7.2 | Afundimento do sistema político da Restauración e procura de solucións democráticas. II República e primeiro Estatuto de Autonomía de Galicia. |
| | 9 | **B8** | **BLOQUE 8. Galicia durante a Guerra Civil e o Franquismo** |
| | | B8.1 | Guerra Civil:<br>-Sublevación militar e papel durante a Guerra Civil e a posguerra.<br>-Posguerra: fame, racionamento e estraperlo |
| | | B8.2 | Anos do desenvolvemento e tardofranquismo |
| | | **B9** | **BLOQUE 9. Galicia na actualidade** |
| | 10 | B9.1 | Realidade galega actual:<br>-Proceso autonómico e consecución do Estatuto no contexto da transición á democracia en España.<br>-Evolución política da Galicia autonómica; construción dunha administración propia desde 1977 á actualidade. |
| | | B9.2 | Integración na Unión Europea e novos retos sociais e económicos |

(1) O bloque correspondente aos aspectos metodolóxico desenvolverase transversalmente ao longo de todas as avaliacións.

# CONTIDOS MÍNIMOS ESIXIBLES

1.- Expresión oral e escrita correcta, clara e comprensiva
2.- Coñecer tipos de imaxes, mapas, e outras representacións do espazo terrestre galego.
3.- Localizar nun mapa lugares e espazos concretos de Galicia.
4.- Coñecer e localizar os accidentes máis salientables do relevo galego (serras, depresións, montes, etc)..
5.- Coñecer e localizar as augas interiores (ríos e lagos) e costeiras de Galicia (rías, golfos, baías, etc).
6.- Identificar os rasgos bioxeográficos que forman os dominios básicos de Galicia.
7.- Coñecer a distribución espacial da poboación galega e explicar as causas da mesma.
7.- Operar con datos demográficos básicos e deducir consecuencias. Levantar e interpretar pirámides de poboacións.
8.- Identificar e explicar as causas da emigración da poboación galega ao longo da súa historia.
9.- Distinguir e explicar os diferentes ámbitos xeoeconómicos galegos. Localizar os espazos e sectores máis puxantes de actividade económica e explicar as causas da súa dinámica.
10.- Localizar os lugares máis relevantes da prehistoria galega. Explicar as características propias das culturas prehistóricas do territorio galego.
11.- Identificar os efectos da romanización de Galicia e desenvolver exemplos concretos da mesma.
12.- Explicar os trazos relevantes da Idade Media Galega, sinalando as pegadas físicas máis salientables do período.
13.- Expoñer os efectos salientables do enlace de Galicia con Europa a través das peregrinacións.

14.- Identificar os problemas asociados á Revolución Irmandiña.
15.- Mostrar e coñecer os efectos sociais, económicos e políticos para Galicia no reinado dos RR. CC. E os Austrias.
16.- Recoñecer os riscos económicos e sociais da Galicia do Antigo Réxime. Mostrar os avances a través das innovacións agro-pecuarias e pesqueiras como consecuencia da evolución das comunidades galegas.
17.- Explicar con exemplos concretos dos restos patrimoniais o desenvolvemento desas comunidades.
18.- Identificar o labor dos ilustrados galegos principais.
19.- Expoñer as consecuencias da Guerra de Independencia e das loitas / rivalidades entre liberais e absolutistas nas primeiras décadas do século.
20.- Identificar as secuencias do liberalismo central e a súa pegada en Galicia.
21.- Mostrar e explicar as fallas e os logros da industrialización en Galicia.
22.- Coñecer e cuantificar a emigración galega entre a 2ª metade do XIX e o primeiro terzo do XX e explicar ás súas causas.
23.- Expoñer e localizar os voceiros do xurdimento dunha autoconciencia nacional nese mesmo período.
24.- Avaliar a crise social orixinada durante a IIª república e mostrar as causas da Guerra Civil.
25.- Recoñecer e explicar as consecuencias da Guerra Civil e do Franquismo en Galicia.
26.- Avaliar as causas e os resultados para Galicia do chamado “Desarrollismo Español”.
27.- Sinalar e valorar a formación da Autonomía de Galicia na democracia postfranquista.
28.- Relatar os feitos máis relevantes ocorridos en Galicia nos derradeiros 25 anos

# METODOLOXÍA: ESTRATEXIA E RECURSOS DIDÁCTICOS

## Aspectos xerais

Sendo o obxectivo último o achegamento do alumnado aos feitos e procesos históricoxeográficos, combinaranse metodoloxías integradoras acordes ó principio de aprendizaxe construtiva. Os contidos traballaranse gradualmente, partindo da competencia inicial do alumnado reflectida na avaliación inicial, priorizando as actividades de tipo procedimental, especialmente no comezo do curso, para asegurar unhas bases sólidas para o resto do tempo. O enfoque estará claramente orientado á realización de tarefas e á resolución de problemas.

Coa finalidade de conseguir eses obxectivos potenciaremos as actividades nas que o alumnado teña que esforzarse por usar a súa capacidade de análise, imaxinación e crítica.

## Estratexias metodolóxicas

- Organización dos contidos por medio de esquemas e sínteses, ata acadar a realización de organigramas e mapas conceptuais.
- Corrección na expresión cunha linguaxe específica da disciplina.
- Comprensión dos contidos dentro dun proceso continuo de construción dos coñecementos. elaboración de traballos de indagación a partir de fontes diversas (escritas, mapas, imaxes, audiovisuais, informáticas…).
- Resolución de problemas diversos a través de debates, argumentacións.
- Simulacións.
- Creación de material TIC por parte do alumnado

A dinámica da clase en xeral consistirá en:

- parte expositiva: recordando os conceptos fundamentais traballados na sesión anterior.
- parte interrogativa-demostrativa: facendo preguntas abertas ao grupo ou alumnado individualmente (comprobación de coñecementos previos e motivación).
- parte de realización de actividades para adquirir novos coñecementos e poñer en práctica os xa adquiridos.
- parte de consolidación do traballado e aprendido.

As actividades para facer tanto nun **escenario de actividade lectiva presencial como non presencial:**
- Comentario e elaboración de mapas históricos e uso de cronoloxías, relación de personaxes e feitos, recoñecemento de feitos, localización ou situación de acontecementos sobre mapas, etc.
- Análise e comparación de fontes históricas e historiográficas.
- Elaboración e interpretación de gráficos e táboas estatísticas.
- Consulta bibliográfica e utilización contrastada de noticias de prensa.
- Elaboración e comentario de esquemas e mapas conceptuais.
- Organización e participación en debates para estimular a reflexión e a argumentación sobre temas da historia galega
- Utilización da prensa en relación con información económica, social, política e cultural
- Preparacións de guións para exposicións orais e escritas.
- Elaboración de biografías, informes, conceptos e sínteses.
- Estudo de temas a través de documentos.
- Indagación acerca de situacións ou feitos actuais tratados desde a perspectiva histórica.
- Elaboración de sinxelos traballos de investigación que inclúen formulación de hipóteses, análise e interpretación crítica de fontes, verificación de hipóteses e redacción de conclusións

O espazo habitual que se empregará será a aula de clase, organizada, no actual contexto de pandemia pola COVID-19, en pupitres individuais Este curso non se realizarán na biblioteca nin na aula de informática traballos grupais por proxectos

## Materiais e recursos didácticos

O material didáctico que utilizaremos para desenvolver a materia será fundamentalmente o seguinte:

- Apuntamentos feitos polo docente.
- Mapas de Galicia de diferentes temáticas e escalas.
- Fontes documentais históricas e historiográficas seleccionadas polo profesorado.
- Prensa.
- Imaxes: fotografías, debuxos, mapas conceptuais, croquis, planos de diversas procedencias, aportados polo profesor ou buscados polo alumnado. Consideramos que o uso de imaxes axuda a fixar coñecementos á hora de estudar un marco espacial, temporal e cultural tan complexo e extenso.
- Bases de datos estatísticas, gráficos e frisos cronolóxicos, nalgúns casos realizados polo mesmo alumnado empregando diferentes ferramentas TIC. Polo tanto, para determinadas actividades precisarase ordenador con acceso a internet para a realización de pescudas informativas, algunhas actividades ou disertacións orais acompañadas dalgún expositivo multimedia.
- Proxector e pantalla. Tódalas aulas dispoñen do material preciso (encerado dixital, proxector e ordenador).

## Metodoloxía e recursos nun escenario non presencial e semipresencial

Se por circunstancias sanitarias se recurrirá a un **ensino non presencial** utilizarase as seguintes **canles de comunicación**:

- Aula virtual moodle.
- Videoconferencia (Cisco Webex).
- Correo electrónico.
- Teléfono.

- **Aula virtual**: durante todo o curso utilizarase a aula virtual para achegar ao alumnado os contidos dos temas e a proposta de actividades.

**No suposto de actividade lectiva non presencial, o alumnado entrará diariamente na aula virtual para ver as novas, mensaxes persoais, actividades corrixidas, etc. O alumnado utilizará este recurso para enviar os traballos encomendados durante a etapa de ensino non presencial**

- **Videoconferencia:** a profesora dará as clases por videoconferencia unha vez á semana, na hora que se lle asigne no horario espello que elabore xefatura de estudos, seguendo a mesma orde expositiva que no ensino presencial.
- **Correo electrónico:** avisarase ao alumnado das novas que se poñan na aula virtual para que estean actualizadas as comunicacións.

**As actividades** propostas serán as **mesmas que no escenario presencial** anteriormente explicado. A entrega dos exercicios e traballos faranse a través da aula virtual e do correo electrónico.

Os **materiais e recursos** que se van a empregar no suposto de actividade lectiva non presencial ou semipresencial serán os mesmos que os que figuran no escenario presencia.

# A AVALIACIÓN:
# INSTRUMENTOS E PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN

**(válidos para todos os escenarios: presencialidade, semipresencialidade, e ensino non presencial)**

Para levar a cabo a avaliación utilizaremos:

- As probas escritas.
- Cuestinarios de autoavaliación.
- Traballo desenvolvido tanto na aula como fora dela, así como o interese na realización das tarefas encomendadas e presentadas na data fixada. Entre os aspectos a ter en conta para este instrumentos destacan: atención na clase, esforzo na materia, participación nas cuestión formuladas na clase, interese, puntualidade, autonomía e cooperación. O instrumento de recollida de datos será o caderno do profesor.

## Avaliación inicial

Neste nivel, e dada a premura de tempo non está contemplada a súa realización, aínda que o profesor/a poderá facer unha pescuda inicial do nivel da clase. De realizarse a proba, os resultados serán comunicados ao Titor ou Titora en caso de detectar posibles carencias. No caso de que estas sexan significativas comunicaríase coa familia do alumno e ao Departamento de Orientación coa maior brevidade posible.

**Consecuencias dos resultados da proba :**

A nivel académico, sen valor.

## Avaliación continua

### Periodicidade, número e estrutura das probas escritas.

De xeito xenérico, está prevista a realización de, polo menos, 1 proba escrita por avaliación. As datas fixaranse co acordo dos grupo de alumnos e poderán incluír os seguintes aspectos:

1) Comentario e mapas, textos, gráficos e ou taboas estatísticas de contido histórico.
2) Cuestións que permitan relacionar correctamente feitos e conceptos.
3) Definición e contextualización de termos.
4) Cuestións teóricas que servan para analizar a madureza dos coñecementos e da expresión escrita.
5) Preguntas tipo test.
6) Actividades de localización xeográfica.

### Eventual realización de probas telemáticas.

As probas serán sempre presenciais, agás nos casos en que a súa realización sexa absolutamente imposible por confinamento. Só nesta circunstancia se adaptarán as probas escritas de modo que poidan ser realizadas por medios telemáticos tendo en conta as circunstancias de cada momento e as orientacións da administración administrativa ao respecto. Procurarase sempre establecer os mecanismos que garantan, na medida do posible, a identidade do participante e os principios de igualdade, capacidade e mérito na súa realización. O plaxio evidente, total ou parcial, dunha proba realizada significará que esta sexa cualificada cun 0 (cero). Ante calquera dúbida sobre identidade do autor, o profesor poderá convocar ao alumno polos medios dispoñibles para a súa aclaración e proceder en consecuencia. En todo caso, estas probas terán a mesma validez que as probas presenciais ás que substitúan.

Contemplarase tamén a posibilidade de aprazar as probas presenciais no caso de ausencias temporais do alumnado afectado polas consecuencias da pandemia. Nestes casos, as probas realizaranse no prazo máis breve posible a partir da súa reincorporación ás aulas de acordo co docente encargado da materia. Caso de producirse imponderables non contemplados previamente, cada docente decidirá consonte ao seu criterio.

# CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

## Avaliacións trimestrais ordinarias

**(válidos para todos os escenarios: presencialidade, semipresencialidade, e ensino non presencial)**

En canto ós criterios de cualificación, decir que a nota final de cada avaliación obterase da aplicación dos instrumentos de avaliación citados no apartado anterior e que volvemos a desglosar:

1.- Os resultados das distintas probas específicas que se realicen ó longo do trimestre constituirán **un 80% da nota total da avaliación (8 puntos)**
2.- A realización dun traballo de investigación sobre unha temática a determinar polo docente constituirá un 2**0% da nota global** (2 **puntos**)
3.- **O alumnado que estea en situación de illamento cando NON exista suspensión da actividade presencial, puntuaránselle as actividades que entregue durante ese período atendendo ós criterios contemplados na presente programación de cada curso para o ensino presencial, e de ter exames durante ese período, terá dereito a realizar os mesmos exames que o resto do grupo, cando se reincorpore ó ensino presencial.**

## Como se calcula a cualificación de cada unha das avaliacións (ponderación, redondeo...)

Nas notas da avaliación, que só admiten números enteiros, aplicarase o seguinte criterio:
-Se a alumna/o obtivo como promedio unha cifra enteira, se transcribirá esta sen alteracións nas actas.
-Se a alumna/o obtivo como promedio unha nota con décimas, na súa trascrición nas actas de avaliación:

1) Redondearase ao enteiro superior no caso de que tales décimas teñan un valor igual ou maior de cinco (exemplo: 5´5 se transcribirían nas actas como un 6)
2) Redondearase ao enteiro inferior no caso de que estas teñan un valor inferior a cinco (exemplo: 7´4 se transcribiría como un 7).
3) **Para aprobar a materia é necesario ter unha nota superior ou igual a 5**. Neste caso, non se aplica o redondeo.

## Mecanismo/s para recuperar unha avaliación non superada

**(válidos para todos os escenarios: presencialidade, semipresencialidade, o ensino non presencial)**

Para recuperar as avaliacións suspensas esixirase o cumprimento de dúas condicións:

- Realizarase unha proba por avaliación onde só se considerará superada cando a nota sexa de 4'5 ou superior (para a que tamén se aplicará o redondeo). O tipo de proba será semellante ás anteriormente realizadas.
- Pola outra, a entrega de tódolos traballos e actividades non realizadas durante a avaliación

Á proba de recuperación tamén poderá presentarse o alumnado interesado en mellorar a súa nota de avaliación. Se a puntuación obtida nesa proba é superior á nota media dos exames da avaliación que desexa mellorar aplicaráselle a parte proporcional correspondente ao traballo realizado durante a avaliación así como o correspondente á actitude e o redondeo correspondente

## Avaliación final ordinaria

**(válidos para todos os escenarios: presencialidade, semipresencialidade, o ensino non presencial)**
**A nota final será a media das tres avaliacións**, aplicándose un redondeo final como o descrito anteriormente

## Alumnado que deberá realizar unha proba de avaliación final.

**(válidos para todos os escenarios: presencialidade, semipresencialidade, ou ensino non presencial)**
No mes de maio farase unha proba de recuperación final para aqueles alumnos que teñan avaliacións suspensas. No caso en que **só se teña unha avaliación suspensa**, e a nota media do curso sexa 4’5 ou máis, estarán exentos de realizala e se lles dará o curso por aprobado.

## Descrición do tipo de proba.

**(válidos para todos os escenarios: presencialidade, semipresencialidade, ou ensino non presencial)**
A proba da avaliación final, será semellante ás probas escritas realizadas durante o curso. Pode darse algunha variación na estrutura ou na cualificación pero, en todo caso, serán mínimas.

## Como se calcula a cualificación final (ponderación, redondeo, etc.).

**(válidos para todos os escenarios: presencialidade, semipresencialidade, ou ensino non presencial)**
Para a cualificación final, farase a media aritmética das avaliacións aprobadas e redondearase segundo o procedemento anteriormente indicado. De ter unha avaliación suspensa e non aprobar o curso, contará como nota o resultado da proba final (sempre que sexa superior a 3) e farase media coas outras aprobadas.
No caso do alumnado que teña todas as avaliacións aprobadas, a media do curso será a media das avaliacións, podendo engadírselle até un punto na media polo traballo esforzó e interese realizado durante o curso.

## Criterios do centro para a promoción.

Non hai criterios específicos, fóra dos establecidos pola lexislación vivente. En todo caso, para avaliar casos individuais, será a Xunta de Avaliación a que estableza, co acordo do profesor/a da pertinencia ou non de promocionar.

## Avaliación extraordinaria

**(válidos para todos os escenarios: presencialidade, semipresencialidade, ou ensino non presencial)**
A proba extraordinaria de constará dunha proba escrita, que suporá o 100% da cualificación final. Constará dun exame que terá unhas características semellantes ás probas probas realizadas ao longo do curso

A proba extraordinaria abarcará toda a materia, non haberá exames parciais por avaliacións

## Aclaracións sobre procedementos de avaliación/cualificación

**A alteración do desenvolvemento normal dun exame, actitude incorrecta, suplantación copia ou intento da mesma por calquera procedemento e/ou medio técnico, dará lugar á retirada do exame e a unha cualificación de 0 (cero), polo que na nota de avaliación (ordinaria ou final), so sé computará o 20% (2 puntos), se procede, correspondente ó traballo realizado pola alumna/o durante a avaliación ou curso.**

**Se un alumno ou alumna non se presenta a unha proba previamente establecida, de forma xeral será cualificado con 0. Para poder realizaro exame fóra dos días establecidos, deberá comunicarllo antes do exame co profesor/a, que será quen o permitirá ou non. De non darse esta comunicación previa, esixirase un certificado médico oficial e será potestade do titular da materia aceptalo ou non.**

**No caso de impoñerse un escenario non presencial, as tarefas e traballos encomendados deberán ser entregadas nos prazos fixados na Aula Virtual. Se fosen entregados fóra de prazo non se terán en conta a non ser que se xustifique debidamente. Do mesmo xeito, de ser evidente o plaxio dos traballos e tarefas encomendadas, serán cualificadas cun 0. Por último, ante calquera dúbida sobre a autenticidade/orixinalidade dos traballos e tarefas enviadas, o profesor poderá convocar ao alumno afectado para aclarar dita circunstancia e resolver en consecuencia**

## Recuperación e reforzo para o alumnado coa materia pendente.

Esta é unha materia propia de 2º de Bacharelato polo que non pode haber alumnos pendentes.

# ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Aínda que todas/os as/os alumnas/os deberá acadar os contidos mínimos, por tratarse dun ensino posobrigatorio, tamén se terá en conta a diversidade do alumnado. **Para aqueles que amosen máis dificultades na aprendizaxe de conceptos e técnicas de traballo organizaranse actividades de reforzo que se centrarán nos contidos máis complexos da materia e sobre todo nas técnicas de traballo máis habituais**

# ELEMENTOS TRANSVERSAIS: EDUCACIÓN EN VALORES

Desde a propia acción educativa na aplicación da materia nas aulas, débense fomentar valores como a **igualdade** entre homes e mulleres, a **non-discriminación** por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, a **resolución pacífica de conflitos,** a **defensa da liberdade,** a **igualdade,** os **dereitos humanos** e a **paz, e** o **rexeitamento de calquera tipo de violencia, racismo ou xenofobia. Respecto a iso, queremos subliñar que o decreto 86/2015,** destaca de **forma significativa** a prevención da violencia de xénero, da violencia contra as persoas con discapacidade, da violencia terrorista e de calquera forma de violencia, racismo ou xenofobia.

A educación en valores na materia de Xeografía e Historia de Galicia, está presente en todo o proxecto curricular e reforzase no traballo diario na aula,valorando:

- O diálogo e as actitudes críticas e tolerantes.
- O esforzo e os hábitos de traballo.
- Os valores democráticos e os dereitos e liberdades asociados.
- A diversidad social e cultural do planeta.
- O respecto polo patrimonio natural, histórico, cultural e artístico e a responsabilidad na súa conservación.

# ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.

A realización de actividades complementarias e extraescolares definiránse ó longo do curso en función da evolución da situación sanitaria.

# AVALIACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA E DA PRÁCTICA DOCENTE

## A) INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR A PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA:

Proponse a seguinte lista de ítems de avaliación da programación, que se puntuarán de un a catro.

**Periodicidade: anual (curso)**. Realizarase a finais do curso, tras a avaliación ordinaria de xuño.
**Ámbito: curso de cada unha das etapas**.

| | Escala | | | |
|---|---|---|---|---|
| | 1 | 2 | 3 | 4 |
| 1. Adecuación do deseño das unidades didácticas, temas ou proxectos a partir dos elementos do currículo. | | | | |
| 2. Adecuación da secuenciación e da temporalización das unidades didácticas / temas / proxectos. | | | | |
| 3. O desenvolvemento da programación respondeu á secuenciación e a temporalización previstas. | | | | |
| 4. Adecuación da secuenciación dos estándares para cada unha das unidades, temas ou proxectos. | | | | |
| 5. Adecuación do grao mínimo de consecución fixado para cada estándar. | | | | |
| 6. Asignación a cada estándar do peso correspondente na cualificación. | | | | |
| 7. Vinculación de cada estándar a un ou varios instrumentos para a súa avaliación. | | | | |
| 8. Asociación de cada estándar cos elementos transversais a desenvolver. | | | | |
| 9. Fixación dunha estratexia metodolóxica común para todo o departamento. | | | | |
| 10. Adecuación da secuencia de traballo na aula. | | | | |
| 11. Adecuación dos materiais didácticos utilizados. | | | | |
| 12. Adecuación do libro de texto (no caso de que se use). | | | | |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| 13. Adecuación do plan de avaliación inicial deseñado, incluídas as consecuencias da proba. | | | | |
| 14. Adecuación da proba de avaliación inicial, elaborada a partir dos estándares. | | | | |
| 15. Adecuación do procedemento de acreditación de coñecementos previos. | | | | |
| 16. Adecuación das pautas xerais establecidas para a avaliación continua: probas, traballos, etc. | | | | |
| 17. Adecuación dos criterios establecidos para a recuperación dun exame e dunha avaliación. | | | | |
| 18. Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación final. | | | | |
| 19. Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación extraordinaria. | | | | |
| 20. Adecuación dos criterios establecidos para o seguimento de materias pendentes. | | | | |
| 21. Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación desas materias pendentes. | | | | |
| 22. Adecuación dos exames, tendo en conta o valor de cada estándar. | | | | |
| 23. Adecuación dos programas de apoio, recuperación, etc. vinculados aos estándares. | | | | |
| 24. Adecuación das medidas específicas de atención ao alumnado con NEAE. | | | | |
| 25. Grao de desenvolvemento das actividades complementarias e extraescolares previstas. | | | | |
| 26. Adecuación dos mecanismos para informar ás familias sobre criterios de avaliación, estándares e instrumentos. | | | | |
| 27. Adecuación dos mecanismos para informar ás familias sobre os criterios de promoción. | | | | |
| 28. Adecuación do seguimento e da revisión da programación ao longo do curso. | | | | |
| 29. Contribución desde a materia ao plan de lectura do centro. | | | | |
| 30. Grao de integración das TIC no desenvolvemento da materia. | | | | |

## B) INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE:

| | Escala | | | |
|---|---|---|---|---|
| | 1 | 2 | 3 | 4 |
| 1. Como norma xeral, fanse explicacións xerais para todo o alumnado. | | | | |
| 2. Ofrécense a cada alumno/a as explicacións individualizadas que precisa. | | | | |
| 3. Elabóranse actividades atendendo á diversidade. | | | | |
| 4. Elabóranse probas de avaliación adaptadas ás necesidades do alumnado con NEAE. | | | | |
| 5. Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas en función dos temas a tratar. | | | | |
| 6. Combínase o traballo individual e en equipo. | | | | |
| 7. Poténcianse estratexias de animación á lectura. | | | | |
| 8. Poténcianse estratexias tanto de expresión como de comprensión oral e escrita. | | | | |
| 9. Incorpóranse as TIC aos procesos de ensino – aprendizaxe. | | | | |
| 10. Préstase atención aos elementos transversais vinculados a cada estándar. | | | | |
| 11. Ofrécense ao alumnado de forma rápida os resultados das probas / traballos, etc. | | | | |
| 12. Analízanse e coméntanse co alumnado os aspectos máis significativos derivados da corrección das probas, traballos, etc. | | | | |
| 13. Dáselle ao alumnado a posibilidade de visualizar e comentar os seus acertos e erros. | | | | |
| 14. Grao de implicación do profesorado nas funcións de titoría e orientación. | | | | |
| 15. Adecuación, logo da súa aplicación, das ACS propostas e aprobadas. | | | | |
| 16. As medidas de apoio, reforzo, etc. están claramente vinculadas aos estándares. | | | | |
| 17. Avalíase a eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación… | | | | |